SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

RAFAEL DIESTE

VIDA E OBRA EN LINGUA GALEGA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1995

EMIA
ÑA
24
ca

REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
37024
Biblioteca

R 7630

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

RAFAEL DIESTE

VIDA E OBRA EN LINGUA GALEGA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA
A CORUÑA
1995

ISBN: 84-87987-09-5
Depósito Legal: C - 826 - 1995
Gráficas do Castro/Moret.
O Castro. Sada. A Coruña. 1995

Edición subvencionada polo Excmo. Concello de Rianxo.

Portada:
Retrato de Rafael Dieste por L. Seoane.



RAFAEL DIESTE
(1889 - 1981)

Rafael Dieste

LIMIAR

RAFAEL DIESTE OU A VONTADE DE DIÁLOGO CREADOR

«*Sempre xurden as cousas máis inagardadas e muda completamente o curso da historia que se tiña máis ou menos prevista. Pero non por iso temos que desmaiar. Temos de facer profecías porque no instante en que deixemos de profetizar, de ter esta proxección para o porvir —proxección da fantasía e da vontade xustamente— deixaríamos de ser homes*». Pronunciaba estas palabras Rafael Dieste na apertura dunha «Mesa redonda sobre o futuro das letras galegas» organizada por O Galo, a primeira e emblemática asociación cultural galega da posguerra, o 14 de maio de 1981 en Compostela.

Unhas palabras sintetizadoras do seu proxecto literario e do seu proxecto vital, ateigadas de maxistral experiencia que, discretamente, viñan suxeri-los duros aconteceres cos que o proceso xerador da Historia tiña incidido con tanta intensidade na súa vida, e fronte ós que soubo responder sempre con sorprendente serenidade e reflexión, co pensamento en proxección cara ó futuro e a enerxía intelectual propia dun espírito cultivado nas Humanidades e nas Artes.

Unhas palabras, aquelas, que, ditas así, cinco meses xustos antes do seu accidental pasamento, mesmo resultaban, tamén, premonitorias dese triste suceso derradeiro que, para todos cantos gozamos do seu talento, veu representa-la morte de tan lúcido pensador e de tan brillante home de letras. Suceso inagardado, aínda os seus 'xoves' oitenta e dous anos.

Nesta entrañable referencia ós seus días entre nós e ás súas palabras, entregadas en xenerosas conversas ou en cuidados e valiosos textos, fíxose necesario ter presente tamén, por imprescindible, a ampla información contida na magnífica bibliografía que, abranguendo unha e outra dimensión, se ten publicado, felizmente, gracias ó esforzo e ó talento dos autores que se citan no remate desta publicación.

A Real Academia Galega quere, pois, dende estas páxinas cordiais, honra-la grata memoria de quen foi un dos seus membros máis egrexios, evocando a exemplaridade ética da súa vida e a calidade literaria da súa obra, agradecéndolle por sempre aquela súa disposición creadora para o diálogo que, aínda logo da súa ausencia definitiva, persiste, sabiamente, nos seus escritos.

I

A VIDA

Naceu Rafael Dieste González —fillo serodio, logo de sete irmáns— na viliña linaxuda, señorial e mariñeira de Rianxo o 29 de xaneiro do ano 1899, a onde os seus pais (D. Eladio Dieste Muriel, oriundo de Padrón, de acomodada familia de xurisconsultos, e D.ª Olegaria Gonçalves Silveira, filla e neta de terratenentes brasileiros de orixe portuguesa) decidiran ir vivir no ano 1883 para ocupa-lo casal solarengo, despois dunha estancia de cinco anos en Pontevedra ó seu retorno do Uruguay, e a raíz dalgúns quebrantos financeiros padecidos pola familia. D. Eladio xa contaba cincuenta e catro anos cando o nacemento do pequeno Rafael, e era xuíz do municipio rianxeiro, rentista e, por un tempo, tamén desempeñou o cargo de recaudador das cargas fiscais do concello.

Cando chega á idade escolar, Rafael vé complementada a súa educación nun doble plano: o paterno, onde se lle adica gran atención, e o escolar, onde logo de asistir a un penoso parvulario, nas sucesivas escolas ás que asiste recibe o ríxido e convencional ensino imperante naquela altura, no que a formación relixiosa non era a materia menos dura: «Se eu vos contara como era o ensino relixioso no meu tempo, quedaríase todo mundo arrepiado». Máis tamén na casa esa aterradora influencia relixiosa facíase obsesivamente patente na menor ocasión: «Persiñácheste moi a correr, aí está o diablo ríndose detrás» ou «Durme, que se non o diablo...» dicíalle, por exemplo, a tía Elisa.

Isas andrómenas do inferno non eran moi do seu gusto e un día, por casualidade, dá cun libriño no que se contiñan argumentos contra a idea do inferno, «linos, asimileinos e coido que ata inventei outros». Andaba polos trece anos, e tendo reflexionado abondo sobre o asunto decidiu predicarlle a 'boa nova', dende un pipote dos de viño, alí na rúa de par da casa, ós outros nenos, que sairon a choutar e a berrar de ledicia «Que non hai inferno, díxoo Rafael». O futuro 'misioneiro' das Misións Pedagóxicas semellaba, entón, estar a agromar.

A concordia co mundo

Eran os tempos infantís dos misterios e dos escuros medos ós que xa o neno Rafael tentaba de alumar coa luz da razón. «Esas preocupacións, esa precocidade infantil en crear disidencia, e en creala dunha maneira racional tiña —como vedes— non un fondo de simple discordia, senón que, polo contrario, era unha maneira de entrar en concordia co mundo, de entrar en concordia comigo mesmo».

Nas alusións de Dieste á súa nenez aparece, asimesmo, a presencia colorista, sonora e popular da vida na vila, esa perfecta conxunción dos seres humáns coa terra fecunda e o mar farturento e tráxico: os traballos na ribeira alí diante daquelas fiestras cheas de animación mariñán, as lanchas, a moza descalza que pasa levando na súa testa unha patela, as gaivotas, os solpores contra a Barbanza, a balea varada, as festas e o carrusel dos cabaliños, o guiñol, o ritmo ancestral da muiñeira, a 'globa' alzándose na noite espectante dos ollos dun vello mariñeiro... «Era sagrado o arrecendo da pólvora e do fiuncho que alfombraba a ermida. O estrondo era un modo de poñer á festa grande e sonora cúpula celeste».

«Habia en todo ese misterio que non só circunda ao neno, senón que penetra na alma do neno ou do mozo, uns puntos, sexan sobranceiros ou especialmente expresivos, que poderían pasar inadvertidos, case insignificantes, e que son como un signo de algo con dereito á eternidade ou como algo que demanda, que pide eternidade». Nesta idade o pequeno Rafael debece polas técnicas axeitadas pada aprehender ese mundo, anceia o camiño das Artes para darlle expresión. E iniciarase no debuxo e no piano e no estudio da Pintura e da Música, que non abandonará xa de por vida. Naturalmente, aparte das súas notables dotes intelectuais, o seu comportamento era como o doutros nenos da vila e con eles xogaba e discorría os sete discorreres.

Un tempo despois, quedou libre o célebre 'cuarto do medio' na casa da rúa de Abaixo. O seu admirado e tan querido irmán Eduardo tivera que marchar para América por persecución do cacique Viturro, e Daniel Castelao tamén deixara Rianxo. Era aquel cuarto un amplo espacio que tanto valía para almacén como facía as veces de patio interior e onde Eduardo, Daniel e Xosé Arcos tiñan composto diversos números de «O Barbeiro Municipal». Ou, con outros amigos, se adicaban a un xeito de alquimia explosiva, procuraban entretemento en bruxerías, debuxaban, e, ademais, tiñan montado o 'arquivo humorístico'.

O cuarto do medio

Rafael e os seus amigos Manuel Antonio, Manuel Rodríguez Castelao, Xosé Losada Castelao —curmáns de Daniel (que, andado o tempo, na mañanciña do 23 abril de 1937, ó seren delatados cando estaban para fuxír nun bou no porto de Vigo, xunto a oito republicáns, entre os que se contaba un xove matrimonio, preferíron suicidárense todos dun tiro denantes de deixárense afogar polos feixistas na bodega do barco)— e Roxelio —o «Roxerius», curmán de Manuel Antonio—, sentíronse deseguida herdeiros e continuadores na utilización do famoso cuarto. «Aparte deles —como ten deixado constancia Dieste—, estaban os nosos outros amigos, pois tiñamos como amigos a mariñeiros e albaneles, e aquelo era algo así como o noso Ateneo».

Considerábanse un pouco máis modernos que os seus predecesores no cuarto e, máis que a maxia, era a psicoloxía o que lle interesaba, «especialmente o máis abrupto e estrambótico da psicoloxía. Por exemplo, o hipnotismo. Eu adquirín unha grande habilidade hinoptizadora con tódolos meus compañeiros». Alí, se celebrarían dende representacións escénicas e lecturas en grupo ata sesións de hinoptismo con galos, cangrexos, co gato Duque. «Coincidindo con iso tamén tiñamos libros, lembro «La Casa de la Troya», pero non nos limitabamos a iso. Tiñamos uns contos de Maupassant, algún libro de Zola, «De como se morre», un bonito libro de contos referidos todos a unha morte; estaba a biblioteca da casa, que non era moi grande, e mercabamos libros a escote, ou mercaba un de nós un libro e logo establecíase unha quenda. En fin, tiñamos unha serie de lecturas».

Naquel improvisado Ateneo xurdirían moitas cousas nun futuro non lonxán, entre elas a ordenación harmónica do libro «De catro a catro» de Manuel Antonio; dalí saíu tamén, á morte de Amado Carballo, a preparación do material do seu libro «O Galo»; alí se farían as probas de selección para os actores —reclutados por Manuel e Xosé nas tabernas— para a representación de «A Fiestra valdeira», etcétera.

Alí andarían a agromar e a definírense tamén algunhas das características máis evidentes da personalidade intelectual de Dieste: a súa plural curiosidade, o seu autodidactismo e a súa marcada predisposición ó diálogo como unha forma axeitada ó razonar e como un vehículo apto para o coñecemento e mesmo a introspección: «Esta predilección polo diálogo, ou esta suposta capacidade que teño para o diálogo, creo que procede de que en realidade non descanso en min mesmo. Para descansar en min mesmo teño que descansar no prósimo, de maneira que me sinto sempre como formando parte dunha constelación».

A primeira viaxe

Era o Rianxo xuvenil «dos diálogos sobre todo o humano e o divino, na nosa casa ou na imprensa de don Cándido, cando non na taberna de Regina e con intervención dos mariñeiros». Sábese por testemuño dos estudiosos que Rafael Dieste a partir daqueles anos interesábase tamén por autores gregos clásicos —Heráclito, Parménides—, a filosofía platónica e os diálogos socráticos, a xeración do 98, a literatura anarquista, autores portugueses como Eça de Queiroz ou Guerra Xunqueiro, a obra de Arthur Chateaubrian, debatían a Nietzsche —que o axudaría a remonta-la visión patética e depresiva do mundo e do propio eu—, a última filosofía contemporánea, Kierkegaar, Heidegger, despois Unamuno, Ortega, toda unha longa andaina de lecturas dende as que iría construindo as bases do seu pensamento.

Os irmáns fóranse indo á emigración un tras doutro, tan só permanecían xa na casa, acompañando ós seus pais, a súa irmá Olegarita —que co pasar do tempo iría consumindo a súa vida entre aquelas paredes— e máis él. Rafael decidiu entón, para non alonxarse da familia, matricularse na Escola Normal de Santiago e asistir ó curso 1914-15, que culminou con éxito e tamén o seguinte. Con todo, o ano 1917, aqueixado de agobiantes dúbidas respecto á súa vocación, un certo día sorprende ós pais dicíndolles que quería irse a América, concretamente a Tampico, en México, onde o seu irmán Antonio estaba casado e tiña comercio.

No fogar do seu irmán é acollido extraordinariamente. Alá pasa un tempo de reflexión e de lectura, axúdalles no comercio, sen decidirse por traballo ningún ata que acorda retornar. Como anécdota respecto do importe das pasaxes cómpre sinalar que o de ida conseguírao coa venda da súa bicicleta e o de regreso gracias á dotación pecuniaria dun concurso literario, convocado polo Casino Español de Tampico, que gañou cunha serie de tres ou catro contos dos que non chegaron a nós os seus textos orixinais.

Por se fora pouco dura a imaxe que percibíu da emigración, de retorno o seu barco é declarado en cuarentena e ten que amarrar no porto de La Habana ó longo dun mes.

O galeguismo crítico

Xa en Rianxo, a enfermidade do seu pai iría agravándose ata ocasionarlle a morte nos días próximos ós exames de Rafael na Escola Normal. Aínda así, logra aprobar tódalas asignaturas e remata a carreira. Un novo abalo prodúcese no seu espíritu. Tenta prepara-lo ingreso no Maxisterio Superior, máis acaba desistindo. Nese tempo re-

side en Compostela na rúa das Rodas, núm. 13. Tamén o seu amigo, o poeta Manuel Antonio, está por esas datas na cidade, na rúa extramuros da Poza de Bar, núm. 4. A súa preocupación por Galicia emerxerá con forza logo de asistiren a unha conferencia pronunciada por Vicente Risco. Por intermedio de Castelao fanlle chegar unha carta a Risco pedíndolle orientacións doctrinais, pois «ca fuxicidade que de cote ten a eispresión verbal non puidemos reter c'a percisa integridade as bases raciaes, xeográficas, históricas e sicolóxicas sobor de que vostede ergueu a súa ideia de civilización atlántica con selo galego».

Andaban a participar na formación dunha «Xuventude Nazonalista» en Compostela e, se a resposta chegaba oportunamente, querían dala a coñecer na xuntanza constitutiva e, ademais, dese xeito —dinlle— «teriamos fortes armas para colaborar con vostede na programazón de tan outa arela».

Risco escribe a súa densa resposta —baseada no que sería a «Teoría do nacionalismo galego», que ó tempo anda a principiar a redactar como unha teoría para o galeguismo—, tres datas despois do 12 de San Martiño (1919) indicado na carta rubricada por Rafael e Manoel Antonio. Contéstanlle, á súa vez, de inmediato e sobre un borrador inicial feito por Dieste: «A súa resposta sintética e quente, afincounos máis n'a idea dunha civilización galega de significación universal. Os instintos de loita (e) as arelas creadoras reloucan xa na nosa y-alma por manifestarse dun xeito amplio e fecundo en aras de tan outo motivo». É unha etapa de intensa aproximación a un nacionalismo exacerbado, con máis carga de sentimento que de acertos teóricos, e dela irá partindo unha evolución diverxentes na maneira de entende-lo nacionalismo e o patriotismo en ámbolos dous fraternais amigos galeguistas. Diferencias que comezan a evidenciárense cando Rafael colabora co grupo que prepara a revista «Intenciones», que non chegaría a pasar dunha mera intención.

Escribíndolle a Manoel Antonio acerca duns 'folletóns' de Ortega, que aquel lle pide e el non ten, resúmelle así o seu contido en febreiro de 1921: «A existenza d-os grandes estados está xustificada pola necesidade d'unha amplexa colaboranza pra unha gran empresa. A ista magna colaboranza oponse o particularismo: falla de ideaes comúns; indiferencia de cada grupo pol-os demáis encadeados con él. É mester propor un gran afán coleutivo que devolva ó vello y-estragado estado español a súa cohesión: pol-o pronto a cobiza de crear unha xigantesca civilización hispan-americana. Quizaves (isto é meu) a xigantesca civilización atlántica. D-as relacións fecundas que pode haber antre o patriotismo étnico-xeográfico: rexional; y-o patriotismo gran-estatista, penso falar axiña, quizaves en 'Intenciones'».

Do servicio militar ó xornalismo

Nestes meses, en cambio, bota para adiante e dirixe xunto a M. Rodríguez Cebral a publicación 'Cuentos Nuevos', que sae o 22 de marzo de 1922 co primeiro número, cando xa Rafael —que viñera vivir coa súa nai para a rúa do Franco mentres facía o servicio militar en Compostela ó tempo da campaña de África— fora destinado. tralo desastre de Annual, co Regimiento Zaragoza n.º 12 á primeira liña de fogo («sentín simblar por riba d-a trincheira os cañonazos d-os mouros») no fortín de Dar Drius por dous longos anos.

Alá coincide con Otero Espasandín —con quen establece unha forte amistade—, con Amado Villar, Cambeiro, Romero Suárez, e Brea Segade, e como por onde anda Dieste e os seus amigos sempre abrota unha publicación, nesta ocasión ve a luz extrema daqueles desertos a revista —¡mecanografiada!— 'Charamuscas'. Cómpre dicir, tamén, que na minguada relación epistolar con Manoel Antonio e con Roxerius as discrepancias acentúanse máis, nalgún caso con agres reproches de parte do futuro piloto, e reflecten, inequívocamente, a distinta traxectoria da súa progresión ideolóxica nese tempo, anque a súa fonda amistade de sempre se impoña e permaneza.

Cumprido do servicio, retorna á súa terra. Desbotados ós estudios de Náutica, consegue traballo como Secretario de Redacción no diario «Galicia» (dirixido por Paz Andrade, amigo na paz claustral da cidade xacobea e, logo, nos tempos da guerra rifeña) en decembro de 1924. Fundado por galeguistas —no que colaboraban, entre outros, Castelao, Risco, Blanco Torres, Manuel Antronio—, independente, pluralista, verquido cara os intereses do pobo galego e, non obstante, de expresión maiormente en castelán, o xove Dieste atopou neste xornal unha certa coincidencia coas coordeadas do seu pensamento, e formou parte da súa redacción só uns cinco meses; despois marcharía para Rianxo a pensar nun porvir máis estable. Non duraría moito máis a vida do rotativo ata ser clausurado por disposición gobernamental.

Decide, daquela, preparar oposicións ó Cuerpo de Estadística, máis non chega a acada-lo éxito final e ha voltar ó xornalismo a fins de 1925, nesta ocasión —co apoio do pintor Carlos Maside e do poeta Amado Villar— á redacción do liberal e tamén vigués «El Pueblo Gallego» (dirixido inicialmente por Fernández Mato e, máis tarde, por Portela Valladares), verdadeiro exemplo, non embargante, do mellor pluralismo e altura periodística, ó que se incorporan —a caron da signatura de destacadas figuras españolas e galegas— non soamente o espíritu, senón valiosas firmas tamén do desaparecido «Galicia».

O comezo da creación literaria

Para Dieste estes anos de «Galicia» e de «El Pueblo Gallego» representaron un magnífico período de enriquecemento cultural, de intercambio de coñecementos, de tertulias —nos cafés, nos obradoiros ou en casas como a 'villa' dos Armesto— de relación intelectual e amical, de contraste de opinións, de iniciación no traballo literario, de 'diálogo', en fin, no máis puro concepto diesteano. «Un período de intensa comunicación entre o pobo e os escritores. Estes interesábanse polos problemas vitais do pobo, e o pobo correspondíalles. Todo o ambiente era propicio para un diálogo vivo e cheo de esperanza».

Tamén nestes tempos de xornalista en Vigo, Dieste había iniciar unha liña critica —nun intercambio 'dialogante' de artigos de prensa con Risco— en relación con certos aspectos referidos ós atrancos que non lle deixan ó pobo galego romper amarras co seu atraso secular, orienta-lo seu fin en unidade e proxectarse na historia: «Un pobo é un feixe de finalidades. E, tamén, un sucederse de finalidades. ¿Como lles dar cima pra que as aicidentais de hoxe deixen lugar as aicidentais de mañán e teñan perene cumprimento as permanentes? Faguendo a unhas instrumento das outras, sen que nengunha perda o seu verdadeiro contido. Algunhas habería que eliminar ou someter ás que se poidan conciliar. Escolma, xerarquía, articulaceón de finalidades: a iso chamamos unidade».

Na cidade olívica deran en ir coincidindo e creando entre si estreita amistade, toda unha serie de xoves que, atraídos polo suxestivo mundo da prensa, haberían destacar no novo xornalismo e mesmo arrequecer, en maior ou menor medida, as nosas letras e as nosas artes plásticas nas que se debatía novos conceptos, novas direccións e vangardas, «pintura galega —escribía Dieste en «El Pueblo Gallego»—, de hoxe ou de mañán, será sempre a dun conxunto de pintores que, ao pintaren o mellor que poidan <pra Galiza> coiden tamén faguelo o mellor que poida pra o mundo». Lémbrese, daquela, a Luís Amado Carballo, Valentín Paz Andrade, Xan Carballeira, Evaristo Correa Calderón, Posada Curros, Francisco Luís Bernárdez, Enrique Fernández Sendón (Fersen), Euxenio Montes, Caramiños, Amado Villar, Manuel Lustres Rivas, Roberto Blanco Torres, Felipe Fernández Armesto, Carlos Maside. «Podía seguir o listado e aínda engadir a el o dos visitantes: Castelao, Manoel Antonio, Xosé Otero Espasandín, Constantino Candeira, Domingo García Sabell, Jesús Bal, o noso inolvidable «Roxerius»... ¿Quen máis? Manuel Torres, Colmeiro, Cándido Fernández Mazas, sen contar agora outros artistas e escritores de máis fugaz presencia».

No suplemento dominical de «El Pueblo Gallego» publica algúns contos máis, que rematará por xuntar cos escritos no diario «Gali-

cia» —reunindo ata un total de oito— e dalos a coñecer en 1926, nunha edición de autor, co título *Dos arquivos do trasno*. O libriño que, en edicións posteriores, se verá aumentado con outras narracións posteriores, é recibido naqueles medios intelectuais con gran satisfacción e éxito de criticas.

Pluma de pensamento

Dende primeiros de setembro ata primeiros de xaneiro, fai un alto no seu labor na prensa e se achega a Ribeira a fins de 1926, onde Otero Espansandín dirixía un colexio. Alí, se adica ó ensino, mais a penas por moi pouco tempo, xa que axiña retornará á casa de Rianxo e a aquel abeiro mariñeiro da súa nacencia que sinte e coñece tan fondamente. Nunhas semanas dará forma a ese sentimento e a ese sinxelo arruallo daquelas xentes de sabérense mariñáns, esa vivencia radical do mar como un elemento esencial nas súas vidas sucedéndose entre trebóns e bonanzas. Nunhas semanas está escrita a súa peza dramática *A fiestra valdeira*, comedia de remate ledo en tres lances, o derradeiro cun respiro, como o propio autor indica baixo o título. Coa súa lectura, en sesión celebrada o 22 de xaneiro de 1927 polo Seminario de Estudios Galegos, ingresa na histórica institución, logo clausurada pola dictadura franquista. A obra, con catro contos, impréntase nese mesmo ano na Tipografía El Eco, por xenerosa e entusiasta amistade do arquitecto municipal de Compostela Constantino Candeira.

Reintégrase a «El Pueblo Gallego». Nun breve limiar ó artigo correspondente ó día 11 de xaneiro de 1927, na súa sección «Temas Galegos» (de carácter, «unhas veces, narrativo ou lírico, ou, as máis, declaradamente crítico, sen que isto excluise a unidade da serie»), dase conta do feito: «Después de un breve parentesis, la pluma de Dieste —pluma de pensamiento y, por tanto, de seriedad— vuelve a asomarse a estas páginas con el ímpetu de una fe robusta y el calor de un entusiasmo avizor y generoso». Nun dos seus artigos desta época (22, xaneiro 1927) Dieste propón un proxecto «de carne e esprito» de axuda mútua entre estudantes e xente da veiramar e do campo, de saída dos universitarios galegos ó campo e ó mar para establecer un intercambio de coñecementos: diríanlle ás xentes o que aprenderan nas facultades e eles coñecerían os seus problemas e «a cultura universitaria, en troque irá tendo raizame nunha terra concreta e verdadeira». Imaxinemos a súa ledicia cando logo, xa no Madrid republicano, atopa un proxecto semellante nas Misiones Pedagógicas.

Sen embargo, a fins de 1927 agudízase un certo malestar e prodú-

cense duras críticas contra a dirección que está a toma-lo xornal. Así, nunha carta de Fernández Sendón a Manoel Antonio, o 10 de novembro, dise con dureza: «Ti dis que en Galicia non hai onde publicar. Coido que non é certo. Non hai xornaes decentes onde publicar. Porque o «Pueblo» é unha canallada. Soilo se pode escribir ahí tendo paga. Non quero dicir con isto que se venda o escritor. De ningún xeito. Pódese ter n'un xornal indigno un(ha) postura dignísima, xustificada d'abondo ó ter necesidade de cartos. Velahí o caso de Rafael e o de Maside c'o «Pueblo».

O ciclo galego

A situación non podía prolongarse. Rafael decide, ó cabo, apartarse das tarefas xornalísticas como se evidencia nas palabras que lle escribe Manoel Antonio en 3 de xaneiro do ano seguinte: «Eu supuña que a vosa saída d'o «Pueblo» determinaría algunha outra; pero nada —según me din— todo o mundo sigue colaborando. Bo é que xa imos curados de sorpresas».

Como cando naquel intre, xa mediada a súa carreira, sentiu a necesidade de meditar en calma acerca do seu futuro, así tamén agora Rafael acordou dirixirlle unhas letras ó seu irmán Eduardo, diplomático destinado en Londres, que o invita a pasar unha tempada na súa casa de Blackheath. Na súa estadía londinense, Dieste aproveita non só para cavilar no seu porvir, senón para visitar exposicións, museos, escoita música en cuidadas gravacións dificilmente asequibles na Galicia de entón. Lé, pasea, observao todo, conversa delongadamente co seu irmán sobre temas culturais e persoais, estreitándose entre eles uns fortes vencellos que xa non racharían máis. Aquelas conversas, posiblemente, teñan contribuído en boa medida á decisión de trasladarse Rafael a Madrid —á volta de dous anos— e iniciar alí a súa vida literaria en lingua castelá. A viaxe de retorno proxectouna por París, onde demorou a estadía para coñecer a fondo a atraínte cidade do Sena e a súa inabarcable dimensión cultural. Novas lecturas e a ledicia da vida transcorrendo por diante das terras dos cafés...

En París, Dieste escribe en lingua galega un primeiro intento do «Don Frontán», que non acaba de convencelo e, sempre esixente con canto sae da súa pluma, tira os folios ó amoroso río parisino consecuente, sen dúbida, coa enseñanza daquela anécdota entre Zola e Maupassant relatada nun dos seus artigos de «El Pueblo Gallego».

Xa en Galicia, restablece o contacto cos amigos, participa nunha xuntanza con Maside e Xesús Bal, convocada en Riveira por Otero Espasandín e á que non pode ir Manoel Antonio. Cando andaba para

remata-lo ano 1928, acode con outros amigos, en tren dende Vigo a Compostela, para asistir a unha cea, coordinada por Enrique Fernández Sendón, en homenaxe ó pintor Carlos Maside. O 28 de xaneiro de 1930 as campás tocan a morte en Rianxo polo seu grande amigo Manoel Antonio, e o seu soar doído espándese, mariñeiro e campesiño, a ecoar nos corazóns e nas ribeiras de quen quixeron o poeta do mar.

Vigo, Compostela, Rianxo, serán, pois, os lugares nos que transcurra a súa vida e se localicen as súas relacións sociais e intelectuais, se ben é Compostela a que lle cautiva máis fondamente o espíritu pola renovada e transformadora actividade cultural que nesa altura alí se ven producindo. Con todo, quizais porque no seu ánimo pese unha calada decepción por entender que a súa obra en galego non acada o nivel de acollida que el estimaría como minimamente axeitado, quizais porque tamén a súa independencia partidaria vai marxinándoo das capelas onde se outorgaban as bendicións do poder cultural, Dieste comeza a pensar, xa seriamente, no seu traslado á Capital. É daquela, cando inicia a recreación, xa en español, da malfadada peza teatral parisina, que agora, co título «Viaje y fin de Don Frontán», sería publicada na editorial Niké, establecida por Seoane e por Cuadrado na cidade de Compostela.

Remata, así, o que pode entenderse, estrictamente, como primeiro ciclo galego de Rafael Dieste, que é, tamén, o máis fecundo respecto da súa producción literaria na nosa lingua. A súa ausencia física, pois non cabe considerar que algunha vez Dieste estivera espiritualmente ausente da súa patria, veríase interrumpida non só con algunha viaxe esporádica e fugaz para ver á súa nai, senón, felizmente, no último semestre do ano 1933, coa súa presencia ó fronte dun equipo das Misiones Pedagógicas en xira por Galicia. O segundo ciclo galego cumpliríase, andado moito tempo, entre o seu regreso do exilio en 1961 e maila súa morte sorpresiva, vinte anos despois, na cidade de Compostela.

A bohemia

Na etapa inicial da súa vida madrileña, Rafael vai arranxándose co pequeno capital que a súa nai lle entregou no intre da partida; despois terá que ir apañándose entre traballos eventuais e as reconfortantes axudas que, en ocasións, recibía da casa. Forma grupo —ó que se incorporará Lorenzo Varela á súa chegada— con Antonio Sánchez Barbudo, Granell, Arturo Serrano Plaja, Enrique Ascoaga, María Zambrano... Nomes que, logo, aparecerían vencellados ás Misiones Pedagógicas cos de Juvenal Vega e Urbano Lugrís. A vida en Madrid

facíase deslumbrante para un xove escritor, porque naqueles anos era un ardente crisol de ideas e ideais nacentes, obradoiro das artes máis novas, tribuna para o pensamento libre, ateneo aberto á palabra creadora, e Rafael era un escritor xove cunha sede insaciable de pluralidade, de integración e de universalismo.

É testemuña do advenimento da Segunda República o 14 de abril de 1931 naquel Madrid convertido nunha incontible festa popular por rúas e prazas; as mesmas rúas e prazas que Rafael, con Carmen, xa casados, verían cubertas de loito e de amargura co levantamento militar que se había producir transcorridos cinco revoltos anos. En apoio do novo réxime da bandeira tricolor firmou con Souto e Maside o manifesto da Asociación Gremial de Artistas plásticos.

A súa bohemia vai ir virando cara a unha certa normalidade cando o seu irmán Eduardo veu, en funcións diplomáticas, a residir no Madrid republicano. As amenas conversas entre os dous irmáns, encetadas en Londres encol dos máis varios saberse, continuaron en Madrid e delas participaron, en tertulia nocturna, un grupo de amigos no salón do café «La Granja del Henar», onde proliferaban 'peñas' progresistas e tiña asento, ademais, a de Don Ramón María del Valle Inclán.

Cun antecedente nos diálogos mantidos entre os amigos que integraban esta tertulia, sairía á luz, anos máis tarde, unha revista patrocinada polo seu irmán Eduardo e dirixida por Otero Espasandín co título de «PAN» (Poetas Andantes e Navegantes) na que colaboraron Fernández Sendón, Barbudo, Ramón Gaya, Fernández Mazas, Espina, Lorenzo Varela, Jaime Espiñar, Alberto Fernández, entre outros. E na que Rafael colaborou aínda estando no estranxeiro: dende París enviou, por exemplo, o ensaio «Revelación y Rebelión del Teatro».

As 'Misiones Pedagógicas'

Levado da súa marcada vocación pedagóxica e do interese por afondar na investigación das formas parateatrais xestiona, con Pedro Salinas, unha beca oficial para estudios teatrais, que non conseguirá ata máis tarde e para o estranxeiro. Con aquel motivo, entrou en contacto coas Misiones Pedagógicas, presididas por Bartolomé Cossío, con quen se entrevistou e lle fixo ve-lo seu entusiasmo por participar nunha tarefa desa índole. É aceptado e propóñenlle que organice O Guiñol, para o que escribirá numerosas pezas, que serían publicadas —xunto con algunha obra maior— en «Quebranto de Doña Luparia y otras farsas». Iniciábase así o seu esforzado peregrinar cos xoves misioneiros e misioneiras culturais por escondidos lugares das terras hispanas, nas que o grupo de Rafael incluiu unha xira galega en 1933,

como quedou referido. «Cada misioneiro tiña, como era natural, o seu persoal modo de pensar, pero non cristalizado doutrinariamente, senón en proceso, e en conexión coa variedade de influxos circunstanciais ou espirituais do momento».

No curso dunha outra xira, esta vez pola provincia de Cáceres, coñece á inspectora do ensino Carmen Muñoz, muller culta, intelixente e sensible, coa que casa en Santander o 3 de setembro de 1934. Pensionado pola 'Junta para Ampliación de Estudios', a fin de facer investigación teatral, saen para Bruxelas (ven representacións no Téatre des Arts, o Teatro da Arte de Moscú e as técnicas de Stanislavski), Amberes (marionetas), Gante, Bruxas, París (os grandes directores e actores: Dullin, Jouvet, Gastón Baty), Ai-en-Provence (grupo Les Quinze), Lyon. Asisten ó I Congreso Internacional de Escritores. Neses felicísimos días, escribe a memoria do traballo realizado, e máis un longo ensaio que levará un título soñado unha noite por Carmen: «La vieja piel del mundo». Deciden amplia-la viaxe por Holanda e por Italia.

Nos últimos días do verán de 1935 achéganse a Rianxo a ve-la nai e a atoparénse con Eduardo e Milka. Nestes días seleccionan un elenco popular e representan «A fiestra valdeira» en medio do alborozo e interese das xentes. En Madrid, Carmen pide a excedencia e se reintegran ó traballo nas Misiones.

Os tráxicos camiños da guerra

As tensións políticas e os brotes de violencia, acentuados nos meses que preceden ó levantamento militar fascista contra a legalidade republicana, xa facían temer polo peor. E a guerra fraticida e os 'paseos' sembraron, rabiosamente, a dor e a morte entre quen non quixeron entenderse coas palabras. Daquela, Rafael e Carmen pertencían a Alianza de Intelectuais Antifascistas (novo nome da ampliada Ailanza de Escritores) que vai establece-la súa liña de loita dende a fronte cultural.

Dieste é designado director do Teatro Español e organiza unha compañía co nome de 'Nueva Escena', integrada por primeirísimas figuras e que conta, inicialmente, con obras do propio Dieste, Alberti e Sender. No seo da Alianza xurden discrepancias de Dieste con Angel Osorio que lles han ocasionar rencorosas discriminacións e penuria económica. Intervén na publicación de «El Mono Azul». Continua, pesea todo, colaborando cos aliancistas ata que o goberno se traslada a Valencia e eles teñen que facelo tamén ante a inminente caída de Madrid.

É o principio dun longo e doloroso éxodo. En Valencia escribe «El

retablo de las maravillas» (que sería traducido ó inglés pola revista New Writing») e dirixe o único número de «El Barco Rojo» sacado á luz case que entre os amigos de sempre: Sánchez Barbudo, Ramón Gaya, Gil-Albert, Souto, Luna, Prieto. Tamén case os mesmos que levarán adiante a valiosa revista «Hora de España» ese intento logrado de «ofrecer un testemuño —en palabras do propio Dieste—, vivo amplo, independente dos intelectuais españois. Tratábase de protexer con plena liberdade os valores da cultura aínda máis alá da guerra inmediata e sempre presente, de superar incluso as simples razóns partidarias» que na última etapa acabarían por se impoñer. A politización fanática provocará de novo tensións no seo do II Congreso de Escritores, e no número da «Hora de España», adicado ás xornadas congresuais, a sinatura de Dieste será eliminada ó pe da ponencia colectiva e nin se publica a súa comunicación en galego representando a Galicia. Con todo, Dieste sempre estaría co Partido Comunista e co goberno republicano.

Abandonan Valencia para ir a Barcelona. A sorte quere que, ó chegar, Castealo lle propoña que o sustitúa na dirección, retribuída polo goberno, de «Nova Galicia». A súa vida volve a unha certa normalidade na que conta tamén a relación cos amigos. Na etapa barcelonesa de «Hora de España», baixo a dirección de Gil-Albert, publica o ensaio «Desde la soledad de España» e, logo, a peza teatral «Al amanecer» en publicación separata. As cousas van de mal en peor e Rafael vaise co 'Exército do Leste' onde volven atopárense uns cantos amigos de sempre e publican para o reparto no frente «El combatiente del Este».

O exilio

Xa no caos final, na fuxida da cidade bombardeada, no rebumbio de xentes e de automóbiles polos camiños Carmen e o miliciano Rafael antes de volver ó frente quedaranse de reunir en París. Aínda se verán en Figueres. Despois pasarán a Francia cada un polo seu lado mentres o horror pobla a estrada de Francia. Carmen, ferida nun brazo pola metralla dunha bomba aérea, logra entrar en Francia e chegar a París. Rafael e algúns dos amigos, tamén no exército, despois de pasa-la fronteira, son levados ó inhumano campo de concentración de Saint-Cyprien. Dalí, por xestión de membros da Alianza de Escritores, son trasladados a Poitiers. Carmen reunirase en Poitiers con Rafael e amparados por un salvoconducto poden ir a Den Haag, onde lle facilitan as pasaxes para embarcar en Rotterdam rumbo a Montevideo. Lémbrese que a súa nai era uruguaia e tiña dereito a reclamar aquela nacionalidade.

Logo dunha travesía de dezasete días e disfroitar un mes coa familia no Uruguai, chegan, ó cabo, a Buenos Aires. Os familiares e amigos como Luís Seoane co quen estreitarían unha grande amistade, as xentes de letras e de artes, acóllenos cun fondo afecto e bríndanse para axudalos. Así Maruja Mallo, que lles consegue traballo na Editorial Atlántida, o que lles permitirá arrendar un piso na rúa Lavalle, mercar a plazos un piano e ir xuntando unha biblioteca e arranxa-la súa vida en paz como había anos que non lles fora posible. O contacto cos amigos ademais de manterse mediante visitas, sostíñase diariamente na célebre tertulia do café Tortoni á que asisten Seoane, Cuadrado, Lorenzo Varela, Baltar, Otero Espasandín, Colmeiro. O maxisterio intelectual de Dieste faise sentir en todos eles. «Na Arxentina sempre andei entre músicos, pintores ou escritores. A Casal Chapí (neto do famoso maestro Chapí) débolle moito no aspecto de entender ben a música: o seu acento, as súas particularidades, a súa maxia...».

Retorno á literatura

Luís Seoane é quen estimula e anima a Dieste a reanuda-lo seu traballo intelectual e literario compatibilizándoo coas oito horas de traballo na editorial. Primeiro, pedindolle un prólogo para a reedición en Dorna do poemario de Manoel Antonio, logo, entusiasmándoo coa reedición de «Rojo farol amante». En 1941 entrega a Emecé un ensaio titulado «Colmeiro». Escribe o poema «Muiñeira» para un libro de litografías de Seoane e un outro ensaio sobre arte «Breve discurso acerca de pintura con el ejemplo de un pintor». Mais cando Dieste se verá, realmente, desafiado a retornar á narrativa en castelán é unha tarde no Tortoni onde se compromete a levar cada sábado un conto para compoñer un libro que quere editar Seoane na editorial Nova. Serán os magníficos relatos de «Historias e invenciones de Félix Muriel». O libro sae publicado en xuño de 1943 gozando dunha grande acollida que se materializa nunha cea dun cento de asistentes nos que se contan figuras egrexias da cultura española, arxentina e galega. Rafael Dieste era, felizmente, recuperado para a literatura.

A volta ó teatro, sequera recompilando con algunhas modificacións o anteriormente publicado, operaríase en 1945 coa edición pola mesma Atlántida de «Viaje, duelo y perdición. Tragedia, humorada y comedia» na que se comprende «Viaje y fin de Don Frontán», «Duelo de máscaras» y «La perdición de Doña Luparia».

Tamén as desesperanzadas reflexións escritas no decurso da Segunda Guerra Mundial, valeranlle en 1948 para editar, en Buenos

Aires, «Luchas con el desconfiado» que inclúe, ademais, o ensaio «Sobre la libertad contemplativa».

Xa acabada a guerra, a crise editorial e certas tensións na dirección de Atlántida, levan a Rafael e a Carmen a deixa-lo seu traballo e a pensar en sair cara a Europa se ben as portas quedábanlle amistosamente abertas. Farano como becados polo goberno uruguaio, con outros intelectuais amigos, nunha viaxe non onerosa no buque «Tacoma» co que arribarán ó porto de Amberes. Rafael terá de redactar un informe para o Museo Nacional de Artes Plásticas en relación coa compra de pintura contemporánea. Seguen un feliz itinerario que os leva doutra volta a Bruxelas, e, aseguido, Milán, Florencia, Roma, Verona, Nápoles, Venezia, Bolonia, París, Londres. Un ir e vir por camiños esperanzados e fermosas cidades europeas que lles permite embebérense de paisaxes, de arte, de coñecementos humanos e humanistas que, sen dúbida, haberían mitigarlles en algo o pesar dos duros días da guerra civil.

A etapa profesoral

Cando a súa visita a Londres coinciden con Seoane que anda a preparar alí unha exposición. Paran na residencia para investigadores Hudson House. Entrevístanse con algúns amigos da anteguerra e visitan a Albert L. Lloyd que, como queda indicado, traducira «Nuevo retablo de las maravillas» e co que establecen unha estreita relación, ata o punto de seren acollidos na súa casa cando o desexen. Nese tempo, Carmen visita España, achégase a Galicia e visita Compostela e Rianxo. Tamén vai ver á súa familia alá na Extremadura.

Van a Oxford e a Cambridge. O director do departamento de español na universidade de Cambridge, J. B. Trend, tras dunha grata e prolongada conversa con Dieste, ofreceulle o lectorado de español, que para o novo curso estaba vacante. Dieste acabará por aceptar e, no período que media ata esa data, voltarán a París, a 'vivir' París e a estudiar. No verán, irán por dous meses e medio, ó sureste, preto de Niza, a un lugar encantador chamado Cagnes-sur-mer.

A vida en Cambridge era propicia para o traballo intelectual. Rafael tiña dúas horas de clase á semana, e a súa adicación á preparación das súas explicacións, orientacións e corrección de exercicios, era meticulosa. Fóra desa atención que lle reservaba ó seu labor académico, afonda na reflexión, na indagación sobre cuestións de lóxica matemática. Alí permanecerían por dous cursos completos.

Da correspondencia cos seus imans residentes en México, xurde a posibilidade de dictar, en 1953, un curso de Lingua e Historia Literaria Española no Instituto Tecnolóxico de Estudios Superiores de

Monterrei. Non o dubidan. No «Ile de France» parten para New York e estarán con Eduardo e Milka case tres semanas.

Xa na cidade mexicana de Monterrei, viven, inicialmente, na casa de Manuel Dieste, trasladándose meses despois ó piso máis alto do edificio De Soto, que sempre os Dieste gustaron de habitar pisos ben altos. Entre o ambente absolutamente burgués e superficial daquela sociedade industrial na que eran tratados co maior afecto, deron, sen embargo, co poeta Alfonso Rubio, director do Departamento de Humanidades, e cun interesante e reducido grupo de estudiantes entre os que figuraba o tamén poeta Gabriel Zaid, con quen manterían unha íntima amistade, que seguiría con gran interese os razonamentos diesteanos acerca de axiomas e teoremas da xeometría non-euclidiana.

Nunha visita a México D.F. encóntranse cos poetas León Felipe, Luís Cernuda, Manuel Altoaguirre, con Emilio Prados. E cos galegos: o pintor Arturo Souto, o músico e musicólogo Xesús Bal, o escritor Miguel Prieto... Uns encontros que contribúen, sen dúbida, a palia-lo aillamento sentido ó longo do curso.

Os escasos e deformados coñecementos lingüísticos da xeralidade dos alumnos moveron ó espíritu preocupado de Rafael a redactar e repartir nos cursos unha «Pequeña clave ortográfica». Tamén en Monterrei estarían dous períodos lectivos, se ben Rafael non chegaría a remata-lo último a causa da morte do seu irmán Eduardo en Chile. A Rafael xa non lle dá tempo a face-la viaxe. Sen embargo, toma a decisión de regresar á Arxentina. Dous meses despois farao Carmen, que tivo que encargarse dos exames finais dos dous cursos del e máis dos dous dela. Con este final da ausencia definitiva do seu irmán máis afín e máis estimado, remata este periplo académico tan conforme coa súa forte vocación comunicadora, esa outra maneira de entrega-lo seu saber ós demais.

A última estancia arxentina

Comezan o mes de agosto de 1955 xa en Buenos Aires. Chegar á Arxentina, chegar a Buenos Aires representa un ventureiro regreso ó abeiro de familiares moi queridos e un retorno á vellas amistades, ás tertulias nunca esquecidas, e á creación literaria. Neses primeiros días da arribada, díctalle na calma nocturna a Carmen, embelesada secretaria de por vida, as páxinas de «La Isla», que haberían ser editadas postmortem, en 1985, por Anthropos, en Barcelona, baixo o título «La Isla. Tablas de un naufragio», con prólogo do seu amigo o escritor Carlos Gurméndez (autor de «Tiempo y dialéctica», «Teoría del humanismo», etc.) e dúas «Cartas incompletas» de Carmen Mu-

ñoz. Chegan a un acordo de colaboración coa editorial Atlántida que lles permite uns ingresos fixos mensuais e máis tempo para a actividade literaria de Rafael, que, ademais, prepara para a súa publicación o material froito das reflexións matemáticas realizadas en Cambridge e mesmo as normas para un bo escribir redactadas para os seus alumnos en Monterrey. Saen, pois, no mesmo ano 1956, da propia editorial Atlántida, o «Nuevo tratado del paralelismo» e «Pequeña clave ortográfica», que alcanza ampla difusión, e da que se fará unha segunda edición madrileña en 1982.

No grupo de amigos íntimos e contertulios habituais, xunto a Seoane, Baltar, Amado Villar, Lorenzo Varela, Colmeiro, Laxeiro, Blanco Amor, Alberto Vilanova, Quintela Novoa, Valenzuela, Paratcha, Emilio Pita, 'Tacholas', Trigo, incorporáronse, dende o ano de 1955, Iaac Díaz Pardo, con Mimina, que ía para realiza-la experiencia cerámica da Magdalena e presentar varias mostras da súa obra. Anos altamente creativos para os membros do grupo non só publicando na editorial Citania (onde se convidou a colaborar tamén a sobranceiras figuras do interior), senón que se compromete aínda nun proxecto de difusión cultural no seo da comunidade galega mediante a creación da AGUEA (Agrupación galega de Universitarios, Escritores e Artistas) na que participaban todos eles —a excepción de Colmeiro—, nun intento de continua-lo espíritu do Seminario de Estudos Galegos desaparecido baixo o franquismo.

Neses seis derradeiros anos arxentinos do longo desterro, Rafael publica unha segunda edición, e definitiva, de «A fiestra valdeira» en Citania; traballa no ensaio, nos orixinais do que acabará por ser «Variaciones sobre Zenón de Elea» incluído en «Diálogo de Manuel y David»; e, doutravolta, (probablemente como consecuencia das longas conversas con Zaid, na súa demorada visita a Buenos Aires para estar co mestre) en ensaios sobre xeometría non-euclidiana que serían compilados e publicados posteriormente, no «Testamento Geométrico».

A chamada da terra vai facéndoselle máis e máis intensa, estimulada sen dúbida polas noticias daqueles que van e veñen, e rematará por vencer, anque a súa vida neses anos éralles grata. Un bo día, xa cara ó verán, Carmen e Rafael deciden que é tempo de volver, amañan os seus papeis e pasaportes españois, dispoñen as súas cousas, e agardan con ansiedade pola data de embarque.

O ansiado retorno á patria

Arriban ó porto de Vigo o día 21 de agosto de 1961. A nova circula entre os amigos de toda Galicia. Van agardalo Ramón Baltar, Colmeiro e Pilar, a dona de Paz Andrade. Nun xantar ó día seguinte, com-

partirán a ledicia da benvida cos Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego e Evelina, Celso Emilio e Moraima, Álvaro Cunqueiro, Ramiro Isla Couto. Despois Álvaro Gil e outros. Tamén irán verse cos amigos residentes en Compostela ós poucos días de estaren en Rianxo.

En Rianxo. ó traspasa-la soleira do vello casal das fiestras tanto tempo baleiras, traspasarán conmovidos o umbral dos recordos e dos entrañables agarimos que aniñan no silencio das alcobas e nos ollos ausentes da súa irmá Olegarita. A súa vida vai asentarse, xa en adiante, entre aquela casa da vila das orixes e un piso once na zona de Riazor, —con espléndidas vistas como é o seu gusto— se ben, finalmente, se trasladarán a un decimo terceiro —orientado ó porto— na rúa Juan Florez da fermosa cidade da Coruña.

Primeiro de todo, arranxarán o casal antigo, tan castigado polo tempo e o abandono, e nel volverá a recibirse a presencia dos amigos. Obedecendo a un íntimo desexo, senten a necesidade de facer unha viaxe a Madrid (aquela ilusión destrozada que pervive no seu recordo), e alá se van pasar uns días nos que se encontran co pintor e escultor murciano Ramón Gaya, co director de cine José Valdelomar, co compositor Enrique Casal Chapí, co incómodo escritor José Bergamín que fundara a revista «Cruz y Raya» en 1933, amigos e compañeiros de Rafael nas Misiones e noutras etapas da súa vida que agora, con estes encontros aquí e alá, tenta reconstruír nesta beira da historia. Non han ver, sen embargo, ata unha próxima viaxe a Sánchez Barbudo e a súa muller Angela Selke.

Nesa vontade de reencontro e de recuperación da súa terra e do seu pobo, prepara en Vigo para Galaxia a segunda edición aumentada —con novos contos recollidos de «El Pueblo Gallego»— do seu libro de relatos «Dos arquivos do trasno» que se publica en 1962. Un reencontro, non obstante, difícil máis alá do puramente vivencial: «Noutro tipo de reecontro —confesaría á volta duns anos—, no aspecto literario, ou intelectual, ou político, non tiven moito interese. Non era fácil. Había unha transformación moi grande nas xentes amigas, moitas foron sometidas a presión e tiñan unha forma moi distinta de encararen as cousas, unhas prespectivas moi diferentes». Galicia, pola contra, «segue sendo a mesma de antes, de cando paseaba polo malecón ou andaba saltando de barco en barco». Gradualmente, sen embargo, iría reincorporándose —sempre na mesura que lle foi característica— ó mundo da cultura.

Camiño da Real Academia

En 1965, Carmen logra, felizmente, a súa reintegración no Corpo de Inspectores do Ensino para a área de Riveira. Rafael publica en Vigo, en edición de autor con selo editorial Teseo (Teseo era o pseu-

dónimo utilizado a fins dos anos vinte polo seu irmán Eduardo), o «Diálogo de Manuel y David y otros ensaios». Cando a súa estadía en Madrid, na casa do matrimonio Newton Freitas, coincidindo cunha visita de Gabriel Zaid á capital, Dieste aproveita para ultima-lo orixinal das novas reflexións e pescudas no eido da xeometría non-euclidiana, da 'xeometría filosófica', se así se me permite denominarlle ó froito do discernir diesteano neste eido. En 1967 publica tamén da súa conta, é dicir, na editorial Teseo, eses textos, correxidos e debatidos, co título «¿Qué es un axioma?».

Asimesmo entrégalle a Galaxia —para unha antoloxía de contistas galegos realiza por Del Riego— un conto que fora radiado pola BBC o 6 de xaneiro de 1951, «Un conto de Reis», publicado en 1955 nas páxinas de «Galicia Emigrante», que é recuperado e se inclúe, logo, na nova edición de «Dos Arquivos do trasno».

Por estímulo de Seoane e de Díaz Pardo, intervén en diversos actos culturais organizados arredor de Ediciós do Castro e do complexo de Sargadelos que iniciaba a súa expansión. Así, por exemplo, a charla pronunciada na inauguración do Museo Carlos Maside en 1970.

Con tódolos honores e coa ledicia de contar con el na Real Academia Galega, transcorridos seis anos da sesión extraordinaria na que fora elexido por unanimidade para cubri-la vacante de Rey Soto, o 18 de abril de 1970 Rafael Dieste González ingresa na venerable institución, nun acto concurridísimo celebrado no desaparecido Círculo de Artesanos coruñés. O seu discurso versou sobre «A vontade de estilo na fala popular» e foi respondido por Domingo García Sabell.

Nos crueis estertores da cruel dictadura, vaise destacando, pouco e pouco, a relevante presencia Dieste no mundo cultural galego e español. En dous anos sucesivos reedítanse as dúas obras máis representativas da súa narrativa en lingua galega e en lingua castelá. En Galaxia, publícase en 1973, revisado e arrequecido cunha ducia de contos máis, o libro «Dos arquivos do trasno», con portada e ilustracións de Luís Seoane. En 1974, en Madrid, por interese de Jaime Salinas a quen foran ver, sairá á luz pública en Alianza Tres «Historias e invenciones de Félix Muriel», moi celebrado pola crítica. «O lugar de Rafael Dieste dentro das letras contemporáneas españolas quedou consagrado en 1974, cando trece anos despois de chegar ó chan patrio, foi recibida con aclamación crítica unha nova edición de «Historias e invenciones de Félix Muriel», son palabras da profesora Estelle Irizarry, que por mediación do pintor Granell coñecera, en Nova York, a obra de Dieste e escribiu en inglés un estudio titulado «Rafael Dieste», para a editora Twayne Publishers de Boston. Da súa autoría saiu en Ediciós do Castro, en 1980, «La creación literaria de Rafael Dieste» e, hai dez anos, para Cátedra, unha edición, tamén en español, daqueles extraordinarios relatos diesteanos nacidos en Buenos Aires.

A vixencia no presente

A obra de Dieste conquista vixencia no presente, salva o enorme abismo temporal do exilio en reedicións sucesivas e ata os seus ensaios derradeiros de índole matemática —que en unión dos anteriores tanto contribuiron, en efecto, a merma-la súa creación literaria— ían ser costeados polos amigos nunha edición da que Díaz Pardo se fixo cargo na súa totalidade e que apareceu en Ediciós do Castro co título de «Testamento geométrico», con tres ensaios «Introducción a Euclides, Lobatchevky y Riedmann», «Los movimientos en geometría» y «Tres demostraciones del V postulado».

A editorial de «Cuadernos para el diálogo» dá á impresión o libro «Teatro de agitación política. 1936-1939» e nel figura o «Nuevo retablo de las maravillas».

Acude a Madrid a disertar sobre «A estética pictórica de Carlos Maside» nun ciclo de inauguración da Galería Sargadelos en Madrid o 23 de abril de 1975.

Con motivo dunha estadía compartida con Gabriel Zaide Basia en Rianxo, vanse os catro a Madrid, Barcelona e Valencia. Rafael aproveita tan grata viaxe para visitar ós vellos amigos e facer un certo xeito de relacións públicas a fin de promociona-los seus escritos. Quedan así establecidos compromisos editoriais que irán dando os seus afortunados froitos, algúns deles que o autor non chegará a ver. Con Manuel Aznar, para Laia, a recompilación dos textos dramáticos, prologados polo editor, en «Teatro I» (1981, con 'Revelación y rebelión del teatro', 'El circo embrujado' e 'Simbiosis') e «Teatro II» (1981, con 'Al amanecer', 'Nuevo retablo de las maravillas', 'El moro leal', 'La fiera risueña', 'El falso faquir', 'El empresario pierde la cabeza', 'Curiosa muerte burlada' e 'La doncella guerrera'), asi como «Testimonios y homenajes» (1983, en edición, prólogo e notas de M. Aznar). Con Munárriz, a quen foi presentado por Javier Alfaya, para Ediciones Peralta, en Hiperión, «Viaje, duelo y perdición de don Frontán» 1979, facsimilar, que non incluiu nos dous volumes de Laia. Con Javier Pradera, ó través de Zaid, para Alianza, os ensaios «El alma y el espejo» (1981, coo dous contidos en «Luchas con el desconfiado» e os da edición de autor «Diálogo de Manuel y David y otros ensaios»).

Nestes anos, xa en Rianxo, xa na Coruña, recibe na súa casa a algúns xóves escritores, poetas e profesores das novas xeracións, interesados na súa vida, na súa obra literaria e no ameno e repousado caudal do seu pensar expresado oralmente. Dentre eles cómpre sobrancear, moi especialmente, a Luís Rei Núñez, ó seu entusiasmado e minucioso biografo. Esta relación coa xuventude contribuirá a que Dieste participe máis amplamente na faceta social da cultura impul-

sada dende os Ateneos e outras entidades que o reclaman na Coruña, Santiago, O Ferrol, etc.

Os trastornos na visión que, seis anos antes do seu falecemento, comezan a agravárenselle (xa non pode conducir, nin ler, nin a penas escribir) e son diagnosticados como unha retinopatía que lle vai privando da visión central, traerán como consecuencia que o Dieste orador se dea en ir impoñendo ó Dieste escritor. Participa entón, polos anos 1979-1980, como conferenciante, nunha serie de homenaxes, charlas e presentacións das que é un testemuño o libro «Encontros e vieiros» (once charlas sobre plástica, teatro e literatura) en edición e limiar de Arturo Casas, o rigoroso e profundo estudioso da obra diesteana en lingua galega.

Un final

É agora cando Rafael Dieste se decide a tomar unha decisión, máis de grupo que persoal, diante dos acontecementos históricos que van ter relación con Galicia e nos que Galicia ten que facerse presente con forza. Dende unha etapa xuvenil na que, co seu amigo Manoel Antonio, eran «os dous máis ou menos anarquistas e galeguistas» e dende os tempos da súa ida para o Madrid da anteguerra, Dieste sempre colaborou co partido comunista, se ben nunca foi militante de partido ningún. Non o sería tampouco ó seu regreso do exilio, de aí á súa vinculación como firmante do manifesto da chamada «Realidade Galega», en 1980, ó que se suma porque entende que «naceu para estudar os problemas de Galicia e tratar de encontarlles as solucións axeitadas» tentando inducir á galeguización dos partidos políticos actuantes en Galicia. «Detrás —asegura— non está a UCD. Calquera partido que non sexa unha cova de caciques disfrazados ten que contar con ela». E Dieste encargaríase de trasladar ó congreso do PCG un comunicado de Ramón Piñeiro.

Dende o seu universalismo recoñece que «ser universalista non é dicir: fóra a arte galega, fóra a arte etrusca, fóra a lingua tosca... A universalidade non é contraria á diferencia, é o recoñecemento de algo que nos une a todos». E aínda engadirá respecto do dereito de autodeterminación que «o dereito dos pobos a gobernarse por si mesmos non se pode contradicir desde a óptica universalista nin dende ningunha outra óptica, xa que é un dereito de senso común. Astra os primeiros colonizadores non esfarelaban a identidade dos pobos conquistados, pero os neocolonialistas xa non fan iso. Iso é un gran erro, ninguén pode resolver os problemas mellor que quen os coñece a fondo».

No aciago 1981, Rafael Dieste está a recibir con íntima satisfación

os libros que lle van publicando as editoriais, e, pese ás acentuadas deficiencias na visión, móstrase activo, optimista, creador. Está cheo de proxectos e ilusións. Continua coas intervencións públicas na apertura da Exposición de gravados de Goya no Ferrol, sobre 'Algunhas das miñas experiencias teatrais' na Aula de Teatro da Universidade, nunha mesa redonda en Compostela sobre 'O futuro das letras galegas', nun coloquio na Sociedade de Cultura Valle Inclán do Ferrol...

A súa irmá Olegaria, a moza fermosísima ferida en plena xuventude por unha loucura de amor, despois de sesenta e nove anos de abraio deixaba este mundo na casa da Rúa de Abaixo da que nunca voltara a sair.

Pouco tempo despois, Rafael Dieste había sufrir unha tráxica caída nocturna polas escaleiras do antigo casal rianxeiro. Ó seu lado estaban Carmen, a muller amada que o acompañou día a día, palabra a palabra, nos seus soños e pesares por tantos anos e tantas distancias, e o seu sobriño Eladio Dieste, o fillo do seu irmán e amigo Eduardo Dieste. Sen recobra-la conciencia, morreu o 15 de octubro nunha clínica da cidade de Compostela.

I I

A OBRA

A producción literaria en lingua galega que nos deixou Rafael Dieste céntrase, primordialmente, en prosas xornalísticas, narrativa e teatro, cun paso fugacísimo pola poesía a penas testemuñado en catro poemas, de distinta factura e estilo, nos que, sen embargo, a sinxeleza e a fondura aparecen aunadas nesa dificil constante que se evidencia en toda a súa obra dende idade ben temperá.

De moi novo —ten dito Dieste algunha vez—, «xa naceu un certo compromiso coa literatura, cando escomenzo a notar que algo hai en min que reclama expresión e que me obliga a completar, non só as miñas actitudes, senón a formación e comeza o meu compromiso íntimo. Iso pode que me acontecera ós dezasete anos (aquí semella producirse por parte do autor rianxeiro unha inexactitude respecto da idade). Naquel ano fun a Tampico, México, visitar a un irmán. Presentei uns contos a un concurso e concedéronme un premio. Era o ano 1918».

A súa obra literaria iníciase, pois, a partir do relato breve, do conto —como gustaba de suliñar—, xénero no que acadou unha moi no-

table mestría e que levou a críticos, e nos levou tamén a tantos lectores, a lamentar que non o cultivase nunha maior medida.

Sen embargo, o seu inicial acercamento ás nosas letras tería lugar dende o xornalismo na súa etapa viguesa no diario «El Pueblo Gallego», máis concretamente, dende a súa sección 'Temas Gallegos'. Nesa actividade xornalística, realmente complexa no caso de Rafael Dieste, mestúranse ensaios, contos aforismos, artigos de opinión, e nuns ou noutros resalta o seu carácter antropolóxico, filosófico, social, ético... De tan extensa serie de textos (con excepción de dúas ducias que deixou sen incluir), á que nos referiremos a seguido baixo o epígrafe xeral de 'O ensaísmo', Dieste preparou, persoalmente, para Ediciós do Castro, unha recompilación que titulou como un dos textos referido ó galeguismo: «Antre a terra e o ceo» (1981).

O ensaísmo

Tense abranguido pola crítica máis reciente e solvente baixo o epígrafe do ensaísmo ós textos escritos por Dieste na etapa da súa expresión xornalística. Ensaísmo e xornalismo, é innegable, lograban nesta época unha forte imbricación nos seus textos, se ben a vontade ensaística ía ser tamén unha notable constante en boa parte da obra diesteana. Aínda a elevación sutil de tantos conceptos manexados polo autor, a súa linguaxe, o seu estilo dialogal e sinxelo, preciso, explicativo, poético, achegaban a comprensión do seu contido a un amplo sector social. E aquela sección súa no xornal era, segundo ó seu propio xuicio (que sigo como referencia aclaradora primordial) «a máis popular e os seus temas non é que fosen dos que xornalisticamente adoitan chamárense 'de actualidade', senón que eu, coma outros compañeiros de letras de entón, os poñíamos de actualidade». E os «temas, pola súa forma ou espíritu, tiñan unhas veces carácter narrativo ou lírico, e outras máis declaradamente crítico, sen que isto excluise a unidade da serie».

Tamén se ten manifestado acerca daquel xornalismo precisando que no diario «Galicia», «onde eu me iniciei como Secretario de Redacción (pero con grande variedade de actividades) comezou a perfilarse, aínda que non faltasen antecedentes, ese tipo de xornalismo vivo, polémico, pero cordial, que logo habería de continuarse na grande época de «El Pueblo Gallego».

Noutra ocasión, insiste en que o característico, «en xeral, era, por unha parte, a amplísima diversidade de temas en conexión con Galicia e con todas as correntes do pensamento europeo; e por outra, a vivacidade, o don comunicativo, a forte integración coloquial co noso pobo contando, naturalmente, cos seus varios niveis e sectores. Era

un periodismo irradiante que contaba con colaboradores —no sentido máis vital da palabra— tan influíntes xa, por aquelas datas, como Otero Pedrayo, Vicente Risco, Antón Vilar Ponte... Era a época do Cubismo, do Expresionismo, do Ultraísmo, de Le Corbusier, de Splenguer (Montes a favor, eu en contra) e... de Primo de Rivera».

Nun daqueles artigos o titulado 'O xornalismo vellouqueiro', Dieste establece unha dura crítica ó xornalismo tradicional e pancista e sitúao entre as maiores desventuras galegas. Neses párrafos obsérvanse cales eran algúns dos seus obxectivos xornalísticos compartidos cos seus compañeiros de xeración:

«Ise xornalismo vellouqueiro e boto que en tantos anos de eisistencia, lonxe de criar unha concencia galega vixiante, contribuíu a desconcertala, é unha calamidá.

Ise xornalismo vellouqueiro, sen severidade crítica, sen vieiro marcado, razoa diste xeito: a xente é coma é; hai que faguer xornalismo aténdose ao pior gusto, que é o domiñante.

Pois ben: a xente é coma é por causa, en moita parte, dise xornalismo vellouqueiro».

Máis tamén ten reparado no carácter reiterativo do labor do xornalista diante da apatía social fronte á resolución de numerosas cuestións de interese colectivo: «Ter sempre que escomenzar de novo: velahí a tortura do periodista e de todo o que intente faguer comunicativo un pensamento. Ter sempre que escomenzar de novo como si houbese escrito na area. Como si houbese escrito na area o pensamento nidio que deseñou con tanto amor. Ter sempre que escomenzar de novo. Aquelo xa se dixo. Parescía que estivese ben dito. Parescía que abondase dicilo así. Parescía que alguén houbese escoitado e comprendido. Ninguén discutira. Silencio aprobador, xestos aprobadores. Estaba dito. Pero non. De súpito resulta que hai que escomenzar de novo»...

Continuando na miña intención —intención que quixen facer prevalecer ó longo desta sinxela lembranza emocionada da vida e a obra de Rafael Dieste, a encargo da Real Academia Galega— volvo deixar que as palabras do noso extinto compañeiro de corporación nos acheguen —mellor que as propias— ós seus xeitos de traballar e ós seus íntimos criterios e propósitos literarios, que con tanta frescura emerxen dos seus textos e paliques.

Así, por exemplo, a resposta de orientación a un xove escritor dende a súa columna de 'Temas Galegos': «Fai de vinte pensamentos un aforismo, e de vinte aforismos fai un, un soio aforismo, arestado e diáfano. Despois vai mergullando nil moitas cousas, os miragres e as cousas de tódolos días. Verás como se viran miragres todas, ao saíren locintes e irisadas do mergullo».

E aínda a delicadeza das súas recomendacións se acentuarian cando lle fala da lingua e do estilo que el sentía con tal fondura: «Se escribes nun idioma de literatura nacente ou renacente —poñamos o galego— faino afinando ben ise, tan fino, senso da responsabilidade. Porque da renacenza conquerida ou do fracaso, terás groria —sonada ou silandeira— nun caso, e culpa —sonada ou silandeira— no outro. E, sobor de todo, non esquenzas que sen finura de espíritu non hai finura de estilo. Nin siquera estilo».

Nos ensaios e artigos de prensa, Dieste vai amosando o seu pensamento e a súa creatividade, xa en forma de transparentes argumentacións críticas ou polémicas —mesmo con aires de manifesto sobre a súa xeración ou sobre a unidade interna de Galicia como o firmado con Otero Espasandín—, xa en artigos de opinión, en textos esencialmente literarios ó xeito de contos, como esa espléndida xoia do 'microconto' titulado «O neno do peletre», ou en aforismos como os contidos en 'Relances'. Acaso, naquel período, lle viñera a Dieste a afición ós aforismos das súas lecturas de Arthur Schopenhauer —e mesmo dunha converxencia común en Gracián—: esa forma literaria reducida e complexa (afin á máxima, ó apotegma, á sentencia) que tamén cultivarán outros compañeiros da etapa madrileña, entre eles, José Bergamín. ¡Que lonxe, sen embargo, o vitalismo diesteán do pesimismo, da filosofía da decepción do pensador de Danzig!

Na traxectoria ensaística diesteana cómpre engadir necesariamente, cando non outros densos traballos realizados fora da nosa lingua, o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega da Lingua titulado «A vontade de estilo na fala popular».

A narrativa

«A narrativa». non é un xénero literario —ten dito públicamente—, é un xénero humano. É algo que pertence ao espíritu, ao apetito humano máis inmediato: o desexo de narrar. Quizais, entre outras cousas, porque é unha maneira de profetizar ou de se exercitar neste deseño do tempo: con pasado, presente e porvir e a súa concatenación de motivos, causas e efectos, etcétera. E tamén por canto narrar conduce á fantasía, tena esperta, xustamente, para que desempeñe ese papel de proxección cara ao porvir».

Ese talante e ese talento anovadores —no doble matiz semántico que tan ben lle acae ó seu ánimo literario— cos que Rafael Dieste irrumpeu no mundo convencional do xornalismo oficial galego de fins dos vinte ían proxectarse tamén na esencia da súa narrativa. Algún outro nome coincide co seu nese proceso modernizador do rela-

to no seo da nosa literatura, mais quizais que ninguén como el chegou a logralo tan plenamente.

Unha modernidade que se fai evidente —aínda non referíndose os temas ó mundo urbán— na maneira de concebi-los relatos e na afortunada adecuación do estilo e das técnicas narrativas. Uns contos que puideramos definir como 'marabillosamente' racionais, se se permite o ousado paradoxo.

Dieste, nun primeiro intre, recolleu só oito relatos galegos na edición de «Dos arquivos do trasno» titulo tomado do conto 'Dos arquivos do trasno. Once mil novecentos vinte e seis' que conservará en diante unicamente a parte que segue ó antetítulo. Nas sucesivas edicións, a de 1962 e na definitiva de 1973, a colectánea de contos alcanza o número final de vinte, véndose aumentados os da primeira edición cunha compilación dos catro publicados inicialmente en «A fiestra valdeira», máis seis recuperados de «El Pueblo Gallego» (o titulado «Pampín» é considerado pola crítica como deste período) e os dous finais do libro que corresponden, por separado, un ó exilio bonaerense e outro os seus días escolares británicos.

En tódalas edicións, o autor mantén un condensado 'Limiar' a xeito dun hexálogo ou conxunto de seis normas aforísticas reveladoras da poética que orienta os seus relatos:

«A unidade emotiva consíguese no conto pola ousesión do que ten de sobrevir.

O remate ha de téla virtú de faguer simultáneas no esprito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafegada (encuberta), pero latexando con forte resoancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxen que fai estoupalo conto nas verbas derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sinte o pulso dunha imaxen contida.

O conto é o remuiño que fan arredo dunha lámpada moitas volvoretas, todas mergulladas na mesma luz».

En «Dos arquivos do trasno» Dieste despliega ante nós unha vintena xusta de contos de extensión variable —cada un compriría dicir que na medida exacta— e verquidos cara un mundo rural, mais sen face-la menor concesión ó costumismo, senón trascendendo os relatos dende ese ámbito das ribeiras mareiras e dende esa dimensión vital no que o individuo e a colectividade se mesturan tan radicalmente.

A relación coa morte, a vida do outro mundo, a suxerencia de aparicións, as crenzas espirituais máis arraizadas na cultura popular —sempre positivamente valorada e estudiada polo autor— son re-

creadas literariamente (mesmo como 'emocións metafísicas') dende unha nova perspectiva literaria alonxada por igual do romanticismo como dun mero pintoresquismo folklorizante. Cuida o autor, asimesmo, de non concretar nomes de lugares que puideran localizar en exceso e limita-la intención universalista de cada relato que afonda, non obstante, nun cosmos mítico acentuadamente galego. O conto 'De como veu a Rianxo unha balea', co seu desplegue toponímico arousán, é unha excepción e corresponde, acaso, a unha vontade recompiladora que, en certo xeito, veu impoñerse con posterioridade á concepción inicial do libro.

O horizonte temporal tamén non se precisa puntualmente. Non se establece referencia algunha a un tempo histórico definido, quedando ceibos os tempos literarios de cada relato e referidos a unha vaga coetaneidade respecto do autor, e para iso non en todos, xa que aí poderían encadrárense aqueles nos que ten maior densidade temática a anécdota fronte os que se artellan nun xogo intelectual a penas apoiado nun tema atemporal.

Finalmente, non debe quedar sen apuntar o atractivo que lle resulta ó lector observar que esa esencialidade dialóxica da creación literaria en Dieste, que o aproximou necesariamente ó teatro, aparece manifesta xa como tendencia e dalles carácter de textos pre-teatrais a algúns dos relatos (sen cita-lo máis obvio de 'O drama do cabalo de axedrez') pola aparición dos protagonistas, a plástica dalgunhas escenas (tamén cercanas a debuxos e composicións de Castelao), os movementos coreográficos dos personaxes no espacio-escenario da narración...

O teatro

De ben cedo son as experiencias teatrais realizadas por Rafael Dieste que habían levalo á escrita dramática. Xa nos tempos da nenez lembraba facer representacións nun guiñol improvisado, colgando unha manta da tranca da contra dunha fiestra na súa casa de Rianxo. A creación do grupo de teatro xuvenil «Os trece», que representou nalgunhas vilas. As actuacións parateatrais das peixeiras na ribeira rianxeira e as xentes populares. Mais tarde en Madrid, o guiñol das Misiones Pedagógicas. Os estudios como becario por Bélxica e Francia. A dirección del Teatro Español...

Cando alá polos vintaseis anos afianzaba a súa carreira de escritor dende as páxinas de «El Pueblo Gallego», dous anos antes de escribir «A fiestra valdeira», Rafael Dieste era consciente da escasa relevancia do teatro galego e aínda dos moitos vezos de interpretación

mostrados por actores galegos, tamén pouco adestrados na arte escénica e dados a un certo 'pintoresquismo' chabacano, razóns nas que o escritor rianxeiro vía unha das primeiras causas de que non houbese máis e mellor teatro; da existencia, ou non, dun público propicio a ese teatro non facía mención. Afirmaba, si, que os defectos que se observaban nos actores —o caricaturesquismo pintoresco e o que poideramos chamar 'atonía emocional' dos persoaxes— son tamén evidentes nos autores: «Compre dicir que ise mesmo vezo advírtese en casi tódolos nosos dramaturgos. Poida que se sexa o resabio que hoxe atingue ó noso teatro».

Dedúcese entón do antedito, e así o demostra a lectura do texto, que na súa obra teatral galega, Dieste habería facer especial fincapé na naturalidade expresiva na 'normalidade' da acción escénica, na riqueza de caracteres e nas reaccións psíquicas... Tamén en evitar un teatro de costumes ou prosaicamente político-anticaciquil tan á moda.

Anos máis tarde, en relación ó teatro da guerra civil e respecto da militancia do autor dramático, puntualizaría: «Por teatro político eu nunca entendín un teatro restrinxido, é dicir, un teatro no que determinada consigna política ou determinada ideoloxía se debe impór e se debe configurar dende fóra como unha sorte de molde da peza dramática. Non, debe ser o mesmo teatro coa súa vitalidade interior, ben ceibe de todo vencello que non sexa a poesía, que non sexa a conciencia íntima, que non sexa a ética, puderamos dicir, universal, ou a ética dun pobo nun momento histórico determinado. Todo isto que é esencial en calquera sorte de teatro somente que posto nunha determinada circunstancia».

Realmente o que pretendeu Dieste en «A fiestra valdeira» aparecería apuntado de esguello, no medio dunha certeira crítica ó teatro coetáneo, (catro meses despois da lectura da obra no Seminario de Estudios Galegos) nun daqueles seus artigos —o tiulado 'O individualismo tema dramático'— publicados en «El Pueblo Gallego»:

«Case todo o teatro que 'ainda' se chama moderno, pero que axiña deixará de selo, non expresa outros conflictos que os do individuo, así pensado, coa trama opresora de leis, costumes, fins colectivos, etc. 'O individuo e a sociedade' parez ser o tema xeral dise teatro, sen que a verdadeira individualidade se vexa case nunca.

'Os homes e a comunidade', coido que será un dos grandes temas xerales do teatro que se aveciña. Nil o 'ser propio' de cada persoaxe, o seu segredo derradeiro, a loita —por veces fundamentalmente amorosa— coa comunidade á que pertence, porán no seu sitio —na subordinación que lle corresponde— todo o que sexa puro trato e mostrenco agonismo 'económico' (en tanto individuo = unidade económica, para os individualistas, segundo entende o autor). No teatro verdadeiramente moderno hai xa moi bos exemplos.

Xusteza, equilibrio, elegancia, trascendencia, naturalidade... Dieste pretendeu e conseguiu. daquela, crear unha obra dramática excepcional e anovadora baseada, non nunha temática de costumes estereotipada e decimonónica, senón sinxelamente na vida, arredor dun atractivo e doadamente comprensible argumento sobre a renuncia ás raices e á perda da identidade.

A producción teatral diesteana en lingua galega xa non volvería ter ningún outro logro editorial despois do seu alonxamento de Galicia, nin tamén despois do seu demorado e desexado regreso. Nos derradeiros anos do seu retorno Rafael Dieste quixo, mellor que escribir, irlle entregando, amorosamente, á súa comunidade, a Galicia, naqueles foros onde se requeriu a súa presencia, o seu intelixente e lúcido dicir, sinxelo e aberto, a súa palabra pronunciada oralmente e repartida para todos nun xeneroso diálogo creador e profundo.

TEXTOS (*)

* Respetouse a grafía orixinal dos mesmos.

DOS ARQUIVOS DO TRASNO

Contos

Da edición segunda de «DOS ARQUIVOS DO TRASNO»,
correxida e aumentada en doce relatos.
Vigo. Galaxia, 1962

LIMIAR

A unidade emotiva consíguese no conto pola ousesión do que ten de sobrevir.

O remate ha de téla virtú de faguer simultáneas no esprito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resoancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxen que fai estoupalo conto nas verbas derradeiras, dempóis de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sinte o pulso dunha imaxen contida.

O conto é o remuiño que fan arredor dunha lámpada moitas volvoretas, todas mergulladas na mesma luz.

SOBRE A MORTE DE BIEITO

Foi perto do camposanto cando eu sentín boligar dentro da caixa ao probe Bieito. (Dos catro que levaban o cadaleito eu era ún). ¿Sentino ou foi aprensión miña? Destonces non podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maino!... Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto —comprendede, escoitade— polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Maxinade nun intre que eu dixera:

O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera, virían en remuiño a redor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un marmular sobrecolleito, insólito:

¡O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo!...

Calaría o lamento da nai e das hirmáns, e axiña tamén, descompasándose, a gravedosa marcha que planxía nos bronces da charanga. I eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importanza imprevista.

¡Ah! ¿E si destonces, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultaba falsa? Todo aquel magno asombro viraríase macabro e incomensurabel ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das hirmás, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre en que pola face dun dos compañeiros de fúnebre cárrega pasóu a insinuación levián dun sobesalto, como se il estivese a sentir tamén o velaíño boligar. Mais non foi máis que un lampo. Deseguida ficóu sereo. E non dixen nada.

Houbo un intre en que casi me decidín. Dirixínme ao da miña banda e acobexando a pergunta nunha surrisa de retranca insinuei:

¿E si o Bieito fora vivo?

O outro rieu pícaramente como quen di: «Qué ocurrenzas temos», i eu amplifiquei adrede a miña falsa surrisa de retranca.

Tamén me vin a rentes de decilo no camposanto, cando xa pousámola caixa e o crego requeneaba.

Cando o crego remate, pensei. Mais o crego acabóu e a caixa desceu na cova sen que eu poidera dicir nada.

Cando o pirmeiro cadullo de terra bicado por un neno petóu dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme hastra a gorxa as verbas salvadoras... Estiveron a punto de saíren. Mais destonces acudeu novamente ao meu maxín a casi seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, si o Bieito se topaba morto e ben morto. Endemáis decilo tan tarde acrecía o ausurdo desorbitadamente. ¿Cómo xustificar o non o ter dito denantes? ¡Xa sei, xa sei, sempre se pode ún espricar! ¡Sí, sí, sí, todo o que queirades! Pois ben... ¿e si tivese morto despóis, despóis de o sentir eu remexerse, como tal vez poidera adeviñarse por algunha siñal? ¡Un crime, sí un crime o me ter calado! Ouvide xa o rebumbio da xente...

Pedíu ausilio e non llo deron, malpocado...

Il sentía chorar, quíxose erguer, non pudo...

Morréu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descer na cova...

¡Velahí o tendes, coa cara torta do esforzo!

¡E íse que o sabía, tan campante, ahí a surrir coma un pallaso!

¿É parvo ou qué?

Todo o día, meus amigos, andiven tolo de remorsos. Vía ao probe Bieito grafiñando as táboas nise espanto ausoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parescer que todos lían nos meus ollos adormiñados e lonxanos a ousesión do delito.

E alá pola alta noite —non o puden evitar— funme camiño do camposanto, coa solapa subida, arrimado aos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: uns rebos mal postos, apreixados por edras e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que ouvín xioume o sangue. No seo da terra unhas uñas desespeadas rabuñaban nas táboas. ¿Rabuñaban? Non sei, non sei. Alí perto había un sacho... Ía xa cara a il cando fiquen suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e romor de fala. Viña xente. Destonces sí que sería ausurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

¿Ía decir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín ca solapa subida, pegándome aos muros.

A lúa era chea i os cans latricaban lonxe.

O REGRESO

Sentada a carón da lareira, onde un pequeno lume aínda se esforza en faguerlle compañía, a vella Rosenda ten fixo o pensamento en distantes lembranzas, e poida que nalgún presaxio que isa noite lle escorrentóu o sono. Por veces bule un pouco, escoita, e deseguida volve ao seu enlevo...

Quedáralle Resenda porque o finado de seu home era o siñor Resende, e tamén como un xeito de lle gardar respeto.

Aínda traballaba o vello cando o mozo lanzal, seu Andresiño, regalía da casa, fora en grea con outros, mordendo un carabel, a terras de Mouramia. Pouco souberan dicir dil os outros. Sí, vírano por alí. Mais, tende en conta... Alá non é coma eiquí. Milleiros e milleiros de homes, unha romaxe tremendísima. Uns a iren pra adiente, outros a esligar coa sede nun curuto, ou convoiando os bastimentos... ¿Quén fala de morte? Saberíase. E viña entón o tecer e destecer suspeitas, conxeturas: casos dos que se perden, de cautivos, dos que andan en segredas encomendas. Co aquiles contos a ansiedade dos vellos entretíñase. Pero o tempo corría... En fin, deixóuse de falar do asunto, e axiña o vello perdéu azos e aquel amor á terra que soergue aos labradores. Non duróu moito. Un día sintéu frío e acochóuse no leito con degoro dun longo infindo repouso, a face perdida en non se sabe qué lonxano lubricán. Encamado estivo unha tempada, e sen ningún anceio de falar. Un día chamóu á compañeira a carón dil, apreixóulle a man e, moi baixiño, marmulóu: Non volve...

Aquela noite o vello finóu.

A vella Resenda quedóu soia, soia. Pro no seu esprito unha verba única ergueuse pra non ser máis derrubada. O vello agoniante dixera: Non volve. Ela cunha seguranza feita de anceios e presentimentos dixo: Volve. I agardóu ao longo de moitas invernías...

Un andar mol, amortecido, vagariñóu polo sobrado.

Dimpóis o portón da cociña abreuse un pouco, silandeiro e cauto. Pero de súpeto cerrouse a batéu con carraxe no marco de canteiría.

Os ensoños da vella fuxiron. Con ollos alampados ergueu a testa e púxose a escoitar...

Todo cala na casa non sendo as pasadas moles, velaíñas.

—¿Quén anda ahí? —berróu. I a súa propia voce sen resposta encheuna de estraneza.

Sentíuse soia por primeira vez, e como aglaiada, ainda máis que espavorecida, de aquela soedade.

Destonces comenzóu a chamar polo seu fillo como si estivera alí adormiñado, coa mira de meter medo ao ladrón, pero tamén pra se sentir menos desamparada:

—¡Esperta, larizán, que anda xente na casa! Colle ese machado

pra correr a ise lobicán que ven roubar aos probes. Pra unha codia que ha de topar no forno é capás de me esganizar.

A voce ennouvelóuselle. Alguén parescía agora empuxala porta dende fora co isa lentitude solerte dos gatos ou do vento trampulleiro. Chilraron de improviso os polróns, cun se laiar de preguiza importunada, i a porta quedóu franca. Alí, detendo o paso, como para dar tempo a que se serenase a nai, estaba, ergueito e ledo, o fillo da vella Resenda. O resprandor do pequeno lume, que naquel intre se arrinchóu de súpito, lampexóu no seu rostro. Era o de sempre... Os dentes, mozos, mordían aínda o carabel.

Algunha mulleriña que pasóu voando pola veira da casa, sentíu berrar á vella o nome de seu fillo. Outros din que a sentiron falar a deshora, e hastra cantarexar mentras ía e viña.

Outros (tempo despóis) que un esmoleiro de fora, sospeitoso, estivera atismando por unha xaneliña da casa, dende enriba dun parral, pra ver onde agachaba a vella unhas onzas de ouro que, según bouga corrida pola aldea, tiña costume de contar dicindo: Gardeinas para ti, meu fillo. Pasei anos malos, mais veleiquí están. E disque ise esmoleiro nada pudo dicir de semellante ouro... Sí do témero exempro, e que foi confesar moi arrepentido.

Ao seguinte día —xa non quentaba o sol— os veciños petaron a fartar na porta da casa silandeira.

Ao cabo decidiron, dimpóis de falar en roda coa ledicia inconfesada das alarmas insólitas, botar a porta abaixo.

Polo buco que abriron as lombeiradas do máis corpudo escoáronse todos.

Axiña deron coa vella Resenda. A pouco treito da lareira topárona tendida no chan, cos ollos tan abertos que non parescía que estivese morta.

Do Andrés nunca se soubo. Todos din que foi comesto de corvos en terras de Mouramia.

O VELLO QUE QUERÍA VÉLO TREN

Eran dalá da montaña... Dunha disas aldeas de nome bravo e silvestre que repousan perdidas antre calados cumios. ¡Longo viaxe fixeran —no rexo carro de bois, que rinchaba, xemía e daba tombos polos agres camiños montesíos— pra lle dar comprimento ao antoxo do vello!

Moito tempo tivera segredo aquel desexo. Un día, coa mimosa cortedá dun neno que pide unha lambetada posta, como nun altar, nos máis outos andeles do almario, o abó tatexóu o seu capricho. Il nunca vira o tren. Il non quería morrer sen velo tren. A filla i o xenro

riron boamente daquela tolería. O probe vello, non tiña volta, estaba xa un pouquiño lelo. ¡Pasaba a vía tan lonxe! I endemáis, ¿qué demos lle importaba aos seus anos velo tren? En troques o neto púxose da parte do abó. E petóu testarudo cos zoquiños no chan. ¡Eu quero velo tren! ¡Eu quero velo tren!

Catro reflesións ao vello e catro azoutas ao pícaro e todo quedóu en nada pola primeira vez. Pro repitéuse a escea, soubo o cura do conto e coaquela surrinte calma do abade esprimentado que comprende e transixe, fallóu polo abó i o neto. ¡Qué diaño! O vello estaba rufo, curado polo sol i o arume dos piñeiros e non había de rendelo moito o viaxe.

Así foi que puxeron no carro un feixe de palla pra asento do vello, meteron nun garabelo unha forte merenda, e moi de matinada puxéronse en camiño, deica chegaren ao iñorado e apodrecido apeadeiro onde agardan inquedos o miragre.

Coma un estrano rebuldar de gatos brancos —así lle pareceu ao neno—, corréu ao lonxe, por riba dun pinal, unha fumareda, e un primeiro asobío foise perder nalgunha erma penedía. Outro máis furente foise espetar no ceo. E outro, imperioso e longo, axiña denunciou, co tremer da terra, a veciñanza do Non Visto. ¡Alí viña xa o tren, unha raiola de mostros mandados, co capitán de ferro ao frente! ¡Medraba, medraba!

Salaios de condanado, sichos brancos, topadas, trasacordos, e deseguida todo ficóu en gran silenzo diante dos ollos aglaiados dun labrego vello e dun neno que aquel día estrenara uns zoquiños novos. Foi soio un pequeno intre de repouso. Non baixóu ningún viaxeiro. Case que ningún asomóu ás ventaniñas. Subiron moi apresa nun coche de terceira dúas mulleres atrancadas de cestos, máis torpes canto máis espavorecidas polo apremio. O tren parecía sofrila impertinenza das moitas cortesías cando se está con presa. E fuxéu de novo, cheo de indiferenza, como pra non se lembrar máis do probe apeadeiro apodrecido.

O neto fala moito. ¡Cómo corría o tren! E non levaba cabalos. E había un neno coma il que abicara pola ventaniña. Un neno ben vestido, de cara fina, que tiña nos ollos isa ispresión dos ricos nenos das cidades, que andan en tren e viven en casas moi altas. Aquel neno non se asombraba de ir en tren. ¡Qué misteriosa finura había naquela indiferenza! E tamén ía unha señorita cunha teíña levían coma as que fan as arañas, cobrindo a face... Unha teíña morada.

O vello fala pouco. Vai satisfeito pro un pouco tristeiro. Naquel mundo que lostregara un intre diante dil avesullaba moitas cousas endexamáis presentidas alá nas outas toxeiras. Había máis mundos que o seu. Mundos embruxados, ledos e tentadores. Mais il, xa, malpocado...

De súpeto o rapaciño dixo:

—Eu cando medre tamén hei de andar en tren.

As enrugas do vello teceron unha sombriza tristura.

O rexo carro de bois voltaba rinchando, xemendo e dando tombos pra a aldea de nome bravo e silvestre perdida antre calados cumios.

DE CÓMO VEU A RIANXO UNHA BALEA

Cando eu era rapazote (non quero botala conta dos anos que van alá) chegóu un día a Rianxo, paréceme que sobre as dez e media da mañán, unha balea. Algúns, pra lle restar mérito á nosa vila, din que era unha balea moi pequena, unha criaturiña de balea. Faladurías, en vexa, non saben o que din. Eu non digo que fose como un Consistorio a aboiar pola ría, non son tan argalleiro; pero a eslora dun patache poida que a tivese ben, e eiquí antre vós hai outros que a viron e poden dar razón. E os que nona viron que pechen a boca.

Non sería doado saber quén foi o primeiro en avistala. Véxome correndo en grea con outros rapaces, todos a berrar, camiño dos altos de Tanxil, e alí na mesma crista do barranco velaí que estaban xa os carabineiros a disparalas súas escopetas. A verdade sea dita, nós non lle tíñamos moito respeto a estes bós homes. Nun tempo, cando nonos había, a xente marmulaba:

—Estamos eiquí no cabo do mundo. Ninguén nos da creto. Unha vila como Rianxo ben podía ter carabineiros, se houbese quen mirase por nós.

Ao fin isa millora conseguírase, quizáis nun intre en que sobraban. Fora polo que fose, o caso é que os houbo, e que o peirán, cun daqueles ergueitos uniformes na punta, na hora en que viñan as lanchas motoras do mercado, era como un peirán novo cunha farola nova, aínda que houbera que atinar ben ónde se poñían os pés. Ao comenzo faguían moi ben o seu papel, e a pantasía dos rapaces enchéuse de contos de contrabandistas. Pero despóis, non sendo nas procesiós, cando se poñían de gala e ían tan seriosos coa man enluvada de branco no peito, marcando o paso atrás das andias, non se lles vía máis que de palique nas zapaterías, buscando remedio ao seu aburrimento; a non selo cabo, que se aburría máis polo fino alternando coa xente da botica. Semellaban carabineiros retirados. E algunha xente de ideias avanzadas chegóu a dicir que os dise ramo, aínda que menos tesos ou foscos que os civís, eran uns vagamundos, e que non valía a pena mantelos por uns macillos máis ou menos que poideran pasar de matute.

Sí, mais aquel día... Foi como no caso dises tenores que hai moito tempo que non cantan, e un día cantan e a eirexa vírase catedral.

Sí, o que sabe, sabe, o que canta, canta, un temor sempre é un tenor... E calquera daqueles catro veteranos, a apuntaren sen presa, con estilo, ao xeito militar —non como o xastre ou o notario cando andaban nas touzas do monte a escorrentar lebres—, poñían ben á vista dos alí presentes o que é ter escola...

Algúns rapaces tiveron a moito honor recoller os casquillos para asubiar niles e dicir aos outros que non estiveran alí:

—¿Velo? ¡É de fusil!

Agora, o que non sei de certo é si lle deron á balea ou non. Supoño que sí, pero ela non debeu de sentir nen siquera as cóchegas.

Os entendidos din que viña perdida, que entróu pola boca da ría como nunha gaiola, e que de moito dar voltas sin topar saída, foi dar alí sen folgos, deixóuse estar un intre, e coma eran as mareas vivas e moito o seu calado, foise un pouco o mar e varóu. Eu moito non entendo, pero tamén coido que debeu de ser así.

Nisto que chegan lanchas, todas a remo pra non ter que buscalas voltas ao vento na punta de Fincheira, e que se poñen arredor do lombo da balea, onde esmorecían as ondas como nas veiras dunha illa.

Houbo moito rebumbio antre os mariñeiros en col do que conviña. Alí estaba tamén o Contramaestre, e para somellar máis entendido abaneaba a testa, surría e erguía os ollos, mais non pasaba de dicir, sen comprometer consello:

—Así non fas nada, home. Estás perdendo o tempo. Faguede a cousa con orden.

Con orden, está moi ben. O que pasaba era que non se sabía qué cousa era a que había que faguer con orden. Botáronlle un rizón, pero o rizón escorregaba e non prendía. Empuxaron con remos, non sei para qué, e recuaban as lanchas, desatracando dela como dun trasatlántico. Fixéronse enliadas maniobras, con moitos berros e xuramentos, pra lle pasar un cabo arredor, pero alguén dixo que aquelo era como querer levar preso cun fío a Ochentaenove (o Hércules da vila), e tiña razón. As mociñas que foran chegando ao areal fartábanse de rir e de xogar coa escuma.

Eu estaba nunha lancha disas que chaman burriños. Non sei se fun deicalí nunha gamela ou descalzándome e pasando por algún bote medio varado que me servira de ponte. O certo é que estiven no sitio máis arriscado, como axiña veredes, porque ao patrón do burro entroulle a teima de matar a balea cunha machada que sacóu de so a tilla, e escomenzóu a ferila no couce con toda a súa forza. Poida que non fose tan descamiñado no seu pensamento como nos parescía a todos. Nunca cavilei nisto, e agora decátome de que quizáis quería averiala no timón. O coiro era duro, pero ao fin as ondas por aquela banda íbanse virando encarnadas, e a balea dou algunhas mostras de non se sentir moi agasallada co tratamento.

—¿Con que che doe, eh?...

De súpito (eu supoño que estaría enchendo o mar, e que a balea encontróu folgo por debaixo de sí pra se remexer), de súpito pensei que afogábamos todos, ensumidos na foula da súa maniobra. E agora por moito que corran as verbas non chegan a tempo, porque estaban tódalas lanchas a beilar, cada unha ao seu modo, e non acabara aínda de se poñer dereito o burriño despóis de coller auga por banda, cando os meus ollos, seguindo o pulo dun estrondo fuxinte que fendía as ondas, viron ao lonxe o chafarís brilante con que a balea saudaba aos ámpitos da súa liberdade, do seu grande mar.

Agora para rematalo conto direivos que non topóu as portas do seu grande mar, e foi morrer a Vilanova. Vin despóis o seu esquelete, iñorme e sanguiñento, do que podía faguerse un bó navío. E vin as cubas en que foran botando o seu mesto saín, e a cinza das fogueiras en que se derretera... E sentín, xa unha milla denantes de chegar ao campo do seu sagrifizo, o cheiro arrepiante dos seus restos. Na miña ademiranza de rapaz ningunha disas cousas estorba ás demáis. Da lembranza de todas elas, e como presidíndoa, poderíase erguer un xurdio mastro, cun longo galardete a tremelar no tope, un revolto aulear de trompetas, un témero espantallo acenando a lonxanas ondas escintilantes... Máis de improviso, agora, sinto somente como na miña gorxa se insinúa iste laio: ¡Criaturiña!

Discuteuse despóis, por algún tempo, en col de se era xusto que Vilanova fose dona da balea sin dar parte a Rianxo. Pero eu dígovos que nós tivemos a parte máis fermosa.

O mestre, que foi un dos máis asisados e millores que houbo na nosa vila, escribeu unha «Rápida» nun xornaliño de Vilagarcía dicindo que os de Rianxo perdéramos a balea por falla de cultura e de unión. Será certo. Eu non sei qué pensar. A unión sempre é boa. Pero os de Vilanova non tiñan máis unión, e coido que tampouco máis cultura que nós, e de tódolos xeitos, velahí, apañaron o premio. E ben; que lles aproveite.

A FIESTRA VALDEIRA

Teatro

Escolma da edición definitiva de «A FIESTRA VALDEIRA»
Buenos Aires. Citania, 1958

PERSOAS DA COMEDIA

DON MIGUEL.
DOÑA BALBINA, *muller de Don Miguel.*
ADELAIDA, *filla.*
O SEÑOR BALDOMERO
NOGUEIRA, *estudante.*
ANTONIO, *pintor mozo.*
MATAPITOS, *neno.*
CARAMAÑOLA
O GARREANTE
DOURADO
O VELLO ANÓNIMO
O MOZO ANÓNIMO
} *Mariñeiros*

LUGAR DA ACCIÓN: *Unha pequeña vila mariñeira.*
TEMPO: *Denantes das grandes guerras d'iste século.*

(Dereita, esquerda: as do espectador)

PRIMEIRO LANCE

Na casa de don Miguel, vello de boa planta que foi mariñeiro na sua mocedade e fixo despóis fortuna no Brasil. A sua indumentaria —traxe azul, botinas longas e esguías, camisa ocre de punto con corbata do mesmo tecido, e boina que até na casa leva posta— recorda, o mesmo que as suas estreitas patillas wagnerianas, a moda mariñeira do seu tempo. Non lonxe d'unha grande fiestra por onde se ve a ribeira, as lanchas co-as velas ou as redes postas a secar, o peirán vello e os montes abuados por unha brétema levián —galope azul da outra banda do mar—, palica don Miguel co señor Baldomero, antergo e sabido mariñeiro que hai moitos anos foi co-il á escola. Os dous sentados en cadeiras cómodas —pero non perguiceiras— que deixen ceibe o corpo de pés a cabeza, según convén aos seus lanzales movimentos espresivos, de pausada amplitude ou con enérxicos repentes, a estilo mariñeiro.

O ban, amplo cheio da ledicia lumiosa e como do trinque da matinada, ten entradas pol-a dereita (vindo da rua e despóis de subil-a escadeira e de cruzar algunha antesáa) e pol-a esquerda (vindo d'outras estanzas interiores).

N'un cabalate de pintor, non moi afastado do ángulo da esquerda, un gran lenzo no que se ve o retrato cáseque rematado do dono da casa. No cadro don Miguel tópase tamén perto da fiestra ollando por ela car'o mar.

DON MIGUEL

¿Qué andará ainda a cacheal-o pintor? ¿Non che parez que xa estou ahí? Dend'o premeiro intre, n'aquel seu calar, surrir e escismar, xa vin que m'atinaba co-a fasquía. E agora case que non pinta, se non é cos ollos e co pensamento. Xa nin siquera mira car'a min, non sendo así, de súpito...

O SEÑOR BALDOMERO

Deixalos. Iles saben...

DON MIGUEL

Sí, cando saben, saben... ¡Son o demo!

O SEÑOR BALDOMERO

¿O demo, dis? O demo non che pinta. Sóplache e nin te ves no espello.

DON MIGUEL

Ou veste c'unha cara nunca vista, que ti nin coñeces.

O SEÑOR BALDOMERO

¡Nin ela a ti tampouco!

DON MIGUEL

Eiqui, antre nós, ¿tenche pasado algunha vez?

O SEÑOR BALDOMERO

Cala, sorrí e busca abrigo repousadamente no orixen do palique:

Falabas dos pintores...

DON MIGUEL

Sí, son o demo... ¡Non o dos cornos! ¡Outro! Xente fina que moi solermiñamente atrápalle a ún o seu ser propio e déixao fondeado para sempre ahí antre as catro veiras d'ise claro. Ahí estou eu coma un patache vello a se lembrar dos mares que correu...

Calan os dous ollando car'o cadro. Don Miguel estoura despóis do silenzo ademirado e refleisivo:

¡Son eu! Son o que foi contigo á escola...

O SEÑOR BALDOMERO

Cando cadraba.

DON MIGUEL

Son o que foi contigo ao mar, son o que fixo catro cartos no Brasil e fala agora co señor Baldomero dos tempos que se foron e dos que virán. ¡E todo iso feito coas mans!

O SEÑOR BALDOMERO

As mans, as mans... Cousa fina e sufrida son as mans. Cousa fina as do pintor. Cousa sufrida as miñas. Boas para turrar por un chicote ou por un remo.

DON MIGUEL

E para levalas postas na escota e máis na caña do timón, Baldomero. Con máis seguranza e garbo mariñeiro que ninguén, meu fillo. Que é tamén cousa fina e de coraxe cando lasca o vento e rosma a treboada.

O SEÑOR BALDOMERO

E para lle dar unha lasqueta ao rapaz d'abordo, se cadra.

DON MIGUEL

¡E pra facer santos de pau, agora que m'acordo! ¿Quén me falou d'iso, hai algún tempo? Quen queira que fose non mo soubo contar. O máis que saquei en limpo é que fixeste un santo e que saíu un demo e que tiveste que fuxir... Non lle dei moito creto.

O SEÑOR BALDOMERO

Fixeche ben. Non foi así.

DON MIGUEL

¿Entón? Porque algo houbo, ao parecer... ¿Non foi no segundo viaxe, no que che cadrou pol-o Cabo das Tormentas? Mar bravo, por alí, teño entendido...

O SEÑOR BALDOMERO

Bravo, bravo de vez, virouse á volta. Nos anos que andiven a navegar, endexamáis vin tan lonxe á muller e aos pícaros.

DON MIGUEL

E ben, o pau topáralo no abrigo d'unha illa, que se chamaba...

O SEÑOR BALDOMERO

¿A illa? ¡Ninguén sabe!... O que sí, pau coma aquel na miña vida o vira, nin volvín a velo. Roxo, roxo, mesmo un lume de vidro, se o poñías cara ao sol. Pol-o medio escuro.

DON MIGUEL

Repetindo, sen de decatar, para máis asombrarse d'aquel pau:

Escuro...

O SEÑOR BALDOMERO

En canto estiven a bordo —topárao na veiramar cando desembarcamos na gamela—, en canto estiven a bordo axudei ás maniobras medio atordoado —¡moito me turraba aquel pau pol-a faca!—, e, xa de que o pailebote dou en vante, séntome n'unha conamusa e escomenzo a sacar virutas...

Don Miguel, co-as mans pousadas nos xionllos, rise de ansiedade. E sigue o señor Baldomero, reiterando como é costume en contos que gorentan:

Empezo a sacar virutas, dígoche que sen sabel-o que facía. ¿Non te lembras cando de nenos andábamos a xogar con adoas, peletriños de china, anacos de vidro, roxo, verde, mourado?

DON MIGUEL

Eu non sei qué sería o que tanto nos namoraba n'aquelas miudezas.

O SEÑOR BALDOMERO

¡Qué sabe ún! O mesmo que nos namora aos mariñeiros n'ises mundos de coores que penduramos do teito nas nosas casas probes. Poida que o mesmo que namora a un pintor cando parez agarimal-a pintura co pincel. O mesmo que me entoleceu a min n'aquel pau en-

meigado, do que eu quería sacar algo... e non sabía o qué. Cicáis o seu ser propio, como ti dixeste antes.

DON MIGUEL

Rindo aglaiado, pero non escéptico:

¡O propio ser do pau! É visto que ninguén me podía referil-o caso ao direito non sendo ti, ti mesmo... ¡E ben, estamos xa no pailebote, cheias de vento as velas, ti a traballares coma un condanado!...

O SEÑOR BALDOMERO

Cómo pudo pasar aquelo, eu non-o sei. A faca parescía que trallara soia, con pulos que me levaban a man, como os d'un peixe fero; dalle que dalle, apresa, apresa... E de súpeto, ahí me tés de xionllos, pampo, fora de min, diante do que fixera... ¡Un moneco feio, feio! ¡Unhas ourellas apicadas, uns dentes arregañados, unha boca longa a rir!...

DON MIGUEL

¡O ídolo!

O SEÑOR BALDOMERO

Serio e repousado:

Non, aquelo non era máis que un anaco de pau. O capitán doume tres arrempuxóns cando me veu así, esvariado e pampo, e guindou co moneco ao mar. E moi ben dadol-os tres arrempuxóns. Labazadas non, ¿eh? Arrempuxóns. Era home fino, e ademáis queríame.

Despóis de calar un intre, con voz que ven dend'a fondura d'unha lembranza moi entoñada:

Aquela noite o vento rifou as velas.

Don Miguel e o señor Baldomero, os dous moi pensativos, o primeiro a surrir e o segundo serio, dispóñense a un longo, prácido silenzo cando doña Balbina —a muller de don Miguel— entra pol-a direita co ar de vir da rua.

DOÑA BALBINA

Casi dend'a porta:

Velahí está o Matapitos, que ven da parte de Caramañola...

DON MIGUEL

Que veña.

DOÑA BALBINA

Chama virándose un pouco:

¡Matapitos!

Disponse a il-o buscar, e ao dar media volta enfréntase xa con Matapitos, que veu como traído pol-o vento. Con susto e risa:

¡Ti mesmo él-o porviso, rapaz!

Vaise pol-a esquerda.

MATAPITOS

Bós días. Viña da parte de Caramañola, que xa está cordo, e alá vai pol-a ribeira tan campante, co traxe novo, aínda que a muller quería que levase o vello. N'un instantiño vai sair para l'Este e dí que se vostede ten algunha cousa que mandar vir d'alá, qu'il ten boa cabeza e anceio de servilo, que homes coma vostede hai poucos...

DON MIGUEL

Agarda rapaz, que non sei o que dís. Denantes de nada, ¿baldeásteme o balandro?

MATAPITOS

Baldeéi, sí, señor.

DON MIGUEL

¿Limpaste con limón as remadoiras?

MATAPITOS

Limpei, si, señor.

O SEÑOR BALDOMERO

Xa se fartaría de lles botar area gorda pra rematar de contado.

MATAPITOS

Sei que coida que...

DON MIGUEL

Matapitos xa sabe que hai que botar area fina.

Sorrí de tal xeito que a Matapitos parécelle que hai segunda intención e pícase.

MATAPITOS

Facendo agora breve o seu mensaxe, como pra se desenliar de ironías e lerias:

Viña da parte de Caramañola, que vai sair para l'Este, por si vostede ten que lle facer encomenda.

DON MIGUEL

A argola da amura de proa ¿non está moi gastada?

MATAPITOS

Está, sí, señor.

DON MIGUEL

Pois que traia unha argola con tornillo e todo o demáis que xa ti sabes.

MATAPITOS

Destonces ¿voume?

DON MIGUEL

Vaite.

Vaise Matapitos e casi dend'a porta vírase con xesto de pillería.

MATAPITOS

Caramañola vai mercar tres mundos, dous cadros, unha garrafa, sete platos e unha mesa de noite. (*Fuxe*).

DON MIGUEL

Tres mundos, dous cadros, unha garrafa...

O SEÑOR BALDOMERO

Sete platos e unha mesa de noite.

DON MIGUEL

¡D'ista vez bota o Caramañola a casa pol-o balcón!

O SEÑOR BALDOMERO

Botouna, botouna onte pol-a noite.

DON MIGUEL

Abofé que non sei de qué me falas.

O SEÑOR BALDOMERO

¿Pero ti non soubeche? O mesmo de sempre. O de todol-os anos farturentos pra, despóis, nos de escasedá, non ir pol-os camiños a pidir... porque ún sempre é ún. Os pesos de Caramañola a rolos na taberna. Todos, até os bocóis, a rir cos seus retrousos. ¡Terías que velo! Os ollos relampados, o cantar un brado disforme, con caídas no mainiño coma se dirixira por solfa e pol-o fino una comparsa. E a muller alí na porta, seguíndolle o humor para mellor levalo. E despóis, xa na casa, velahí as fiestras que se abren e deixan ceibe a luz e o barullo d'adentro e un aturuxo do Caramañola. O aturuxo no in-

tre mesmo de vir cara ao balcón pra botar un discurso aos rapaces. I-é entón cando antremedio do discurso bota tamén tres mundos, o azul, o roxo, o dourado, dous cadros, un froleiro, unha garrafa...

DON MIGUEL

¡Sete platos e unha mesa de noite! (*Con sinceiro entusiasmo, a rentes de aplaudir:*) ¡É un bárbaro iste Caramañola! (*Con tristura tamén sinceira, despois:*) ¡Lástima de home!

O SEÑOR BALDOMERO

E si fose il soio... Pero todol'os mariñeiros somos o mesmo. O mar é para nós redondo e ventureiro como unha ruleta. E o noso diñeiro. Vaise como o diñeiro do xogo. Xa non é o mesmo o labrego. A terra fai escismar, fai vivir no mañán. Pero o mar... Ahí está o Garreante...

Érguese con calma, pero xa co xesto de se despedir.

DON MIGUEL

Outro. ¿É certo que ao remate da romaxe de San Ramón doulle un corte a un de por alá?

O SEÑOR BALDOMERO

Xa lle chaman o Garreante. Pero non hai coidado. Colle sempre a faca moi perto da punta, rabuña con ela para armar rebumbio e meter medo, e d'ahí non pasa.

DON MIGUEL

¿Vaste? Agora que se m'ocurrira dicirlle a Balbina que nos puxera mate...

O SEÑOR BALDOMERO

Outro día, outro día.

Ollando cara a porta da dereita por onde vai marchar:

Parece que ven alguén.

Don Miguel érguese e da uns pasos. Oise bouga moi animada e chegan Antonio —o pintor— e o seu amigo Nogueira.

NOGUEIRA

Distraído, baixo o sobrelume da porta:

Urco, urco. ¡Orcus!... Non ten volta.

Surpresa disimulada do señor Baldomero e don Miguel.

ANTONIO

Que ven casi ao par de Nogueira, adiantándose:

Bos días, meu grande, querido modelo. ¿Cómo andamos, señor Baldomero? ¿Gústalle o cadro?

DON MIGUEL

Apreixando a man do pintor:

¿E non ll'ha de gustar?

O SEÑOR BALDOMERO

¿O cadro? ¡Cousa fina! ¡Son eu! Digo... ¡é il!

DON MIGUEL

¡Somol-os dous!

ANTONIO

¡Xenial! ¡Xenial!

Como lembrando de súpito a Nogueira que quedou atrás despóis de s'enclinar moi respeitoso:

O meu amigo Nogueira que está de paso na vila e ven ver a nosa obra. Don Miguel Somoza.

NOGUEIRA

Distraído, n'unha reverenza:

Orcus... Digo...

Correxíndose c'unha xovialidade estremosa, pero perfeitamente inxel, nada choqueira:

¡Moito gusto, encantado!

Don Miguel apréixalle a man.

ANTONIO

O señor Baldomero que che poderá tirar de dúbidas...

NOGUEIRA

Moi honorado, moito gusto.

O SEÑOR BALDOMERO

Estes artistas... ¿Cómo vou poder eu tirar de dúbidas a un home de letra, con anteollos?...

ANTONIO

Axiña ímolo ver. (*A Nogueira:*) Di, ¿cómo era o caso? Urco, urcus...

NOGUEIRA

Si o señor Baldomero nos quixera poñer ben ao tanto do que ven sendo o urco...

O SEÑOR BALDOMERO

Pero ¿non-o saben?

ANTONIO

Saber, sabémolo, mais d'un xeito un pouco... (*Axita as mans*).

DON MIGUEL

Axudando:

¡Xa! Confuso, revolto... Coma quen di, arreloado.

ANTONIO

Arreloado, eso é.

NOGUEIRA

Arreloado, eso mesmo.

Vocaliza moi conscentemente, como para retel-a verba "arreloado" e saca disimuladamente un feixe de papés buscando ún branco en que anotala.

ANTONIO

Non acumules investigaciós. Imos agora co do urco.

O SEÑOR BALDOMERO

Pois o urco é un can moi grande que en noites pechadas ou estrelecidas, tanto lle da, sal do mar sacudíndose a i-auga e vai por venelas e ruas oubeando, con outros moitos cans que acuden d'arredor a lle faguer escolta. Venta morte ou disgracia. Por veces detense e todol-os demáis cans fanlle roda en silenzo.

NOGUEIRA

Moi precoupado:

¿Vostede lémbrase de que n'algún tempo se lle chamase ao urco «can do urco».

O SEÑOR BALDOMERO

Poida que sí, sóame ben... Pero non m'acordo. (*A don Miguel:*) ¿Vostede acórdase?

DON MIGUEL

Can do urco, can do urco... Se ún se pon a dicilo, xa parez que sí, que s'acorda ún. E, se non é moito perguntar, ¿que lles pasou co urco?

ANTONIO

Pol-o d'agora ren, e Deus nos vala. Trátase da palabra, nada máis.

DON MIGUEL

¡Do urco... sen urco!

ANTONIO

Apunta iso tamén, Nogueira. Urco sen urco, lua sen lua... (*A don Miguel:*) Eiquí o noso amigo sostén...

NOGUEIRA

Non sosteño, supoño. Como orcus en latín quer dicir inferno...

ANTONIO

E como isa verba, orcus, a rolos pol-o tempo tería de rematar na nosa fala en urco, según certas leis que iste home sabe...

NOGUEIRA

Concluíndo:

Resultará, paréceme, a conta que eu digo. Can do urco, e logo urco, somente, viría sendo can do inferno. ¡Quizáis faxa do inferno pra nos dar isas novas noxentas que hai un pouco dicía o señor Baldomero!

DON MIGUEL

Carís de ter fuxido amostra o urco, porque trai sempre unha cadea a resto.

NOGUEIRA

Cos ollos moi abertos:

¿De verdade?

Cheo de xúbilo apréixalle a man ao pintor como si lle dese a embora.

DON MIGUEL

Do inferno teñen que vil-os malos agoiros, porque si son verdadeiros e teñen de se compriren, ¿qué remedian?

ANTONIO

Sí, ¿qué remedian cos seus acenos, oubeos e medias palabras? (*Ao señor Baldomero*:) ¿Vostede que di?

O SEÑOR BALDOMERO

Sempre fan aprofundar... Cousa que non está demáis. ¿Quén sabe o que hai detrás d'ises acenos, e até detrás d'un pau que ún topa un día calquera ribeira? E mesmo ahí, na fremosura d'ise cadro, ¿quén sabe o que hai?

NOGUEIRA

O ronsel d'unha vida, un grande amor...

O SEÑOR BALDOMERO

¡O ronsel d'unha vida! ¡E ben lanzal, sen que eu o diga porque il estea diante! Vaia, voume.

DON MIGUEL

Agarda que ch'acompañe.

O SEÑOR BALDOMERO

Non veñas, conozo ben a casa.

Noustante don Miguel sígueo, e vanse os dous facendo algún xovial comento.

ANTONIO

Moi ben... Deixemos agora os teus descubrimentos, que ao millor sono de mediterráneos...

NOGUEIRA

¡Ogallá! Sería unha proba de que estou no certo.

ANTONIO

E ademáis, ¿quén che quita o beilado? Pero eiquí tés (*refírese ao cadro*) nova ocasión de baile. ¿Qué dis? ¿Vai por bó camiño?

NOGUEIRA

¡Camiño! Ti saberás se ten máis voltas. No tocante aos meus ollos, xa estou en plea festa. ¡E se tivera eiquí un monllo de foguetes dos bós, d'ises que ecóan nos montes da outra banda!... A falta d'iso, ¿déixasme que che dea unha aperta?

ANTONIO

¡Non! (*Rinse os dous*).

NOGUEIRA

Tí sempre tan comprido, tan fino... Tereime que gardal-a aperta.

ANTONIO

Pódela convertir en cintielos, en luciñas... Dime calquera cousa.

Vai cara ao cadro a facer n'il algún pequeno toque.

NOGUEIRA

¡Coidado, non-o botes a perder! (*Vólvense a rir os dous*).

ANTONIO

Estou agardando a que me digas algo... Pra iso eres home de letra.

NOGUEIRA

¡E con anteollos! Pois ben, imos por orden.

ANTONIO

Non te coides agora do orden. Deixa bulir os peixes fora do aparello.

NOGUEIRA

¡Ah, ah! ¿Non és amigo do orden? E ise que eu vexo no teu cadro, ¿de ónde ven? ¿I-o que pon nos meus ollos?

ANTONIO

Non agardes resposta. Sigue. Ao remate xa sei que estamos d'acordo. ¿Qué estabas a falar dos ollos, quero dicir, dos teus?

NOGUEIRA

¡Dos meus diante do teu cadro! Canto mail-o miro máis limpos e noviños se me viran. Deben sel-os mesmos que tiña de rapaz e, noustante, os d'un home.

ANTONIO

Estou por che deixar que me deas a aperta... Pero non, sigue, sigue.

NOGUEIRA

Non penses que che podo dicir moito. ¡É un cadro que enche a casa! ¿Abóndache co-iso?

ANTONIO

É o que di miña nai de min cando chego de volta. ¡Sen ti estaba a casa valdeira, meu fillo!

NOGUEIRA

E ten razón. As nosas nais saben o que din.

ANTONIO

D'acordo. Pero é mester que me digas algo máis. Fálame do que queiras, dos alifantes, das pirámides, do que che veña ben pra me dicir o que ves ou sintes.

NOGUEIRA

¡Os alifantes, as pirámides! ¿E terei que ir tan lonxe? Non, abofé. Abóndame, por exempro, ise azul que me chama, que me leva ao interior de sí e do cadro enteiro... (*De súpito:*) ¡Alto! Veleiquí o que che tiña que dicir dende hai un pouco e que non atinaba... ¡O cadro enteiro é don Miguel! E isa luz tan manseliña que entra pol-a fiestra, é a un mesmo tempo a luz do mar i-outra máis segreda, a das lembranzas.

ANTONIO

¡Luz manseliña, do mar e das lembranzas!

NOGUEIRA

Sí, unhas lembranzas que eu coidei que eran miñas e agora estou vendo que son as do mariñeiro.

ANTONIO

¿Do mariñeiro dis?

NOGUEIRA

¿Qué? ¿Non é así? ¿Non foi mariñeiro don Miguel?

ANTONIO

Foino e surprenderíalle moito si lle dixeran que xa non-o é. Xa te decatarás de que non falo agora d'un mester, senon, pra il, d'unha dinidade que recibíu d'ise mester, dos ventos e dos compañeiros. Pero non debo falar eu. Ahí está o cadro. ¿Vese n'il o qu'eu digo? Fala, ¿vese ben?

NOGUEIRA

Podes estar ben certo... Veuno o señor Baldomero cando dixo, poida que sen se decatar ben do alcance do seu trabucamento: «Son

eu». Veuno tamén ao seu xeito o mesmo don Miguel cando repricou rindo: «Somol-os dous». Logo isa fiestra que deixa ver o mar, o peirán vello, as lanchas... Todo iso, no cadro, está lonxe e preto, na luz d'afora e na que ven cos seus mensaxes deica os repousados e entendidos ollos de don Miguel.

ANTONIO

Vexo que se ve, pois dixeste «entendidos», ollos entendidos...

ADELAIDA

Deténdose, na porta da esquerda, ao se encarar con Nogueira i-o pintor:

¡Ah! Perdoen vostedes. Non sabía... Coidei... (*Vaise atorada*).

NOGUEIRA

Baixando a voz:

¡Belida mociña! ¿Quén é?

ANTONIO

É a filla de don Miguel. Certamente conmigo non é moi espansiva... Veme de medio lado. Pra ela non debo ser máis que un mal emboutador de lenzos que cobra diñeiro aos incautos por iso: por emboutar lenzos. Confundiría a tua voz co-a de Mariñas. Agora decátome: seméllanse.

NOGUEIRA

¡Mariñas! ¿Tópase por eiquí?

ANTONIO

Da xente d'afora que veu pol-o vran, il e máis eu somol-os derradeiros que quedamos. Eu, namorado da vila, das xentes, da paisaxe. Il namorado da filla de don Miguel. Non entra aínda na casa, pero quizáis non tarde. Sen volta ela coidou que viñera conmigo vel-o cadro.

A VOZ DE DON MIGUEL

¡Corre, e non tropeces!

DON MIGUEL

Chegando pol-a dereita:

¿Qué dín os artistas? Disculpen que me entretivese. Topei na esqueira a Matapitos e estívenlle facendo algúns encargos que se me esqueceran, para lle encomendar a Caramañola, que vai a l'Este. (*Ao pintor:*) ¿Cándo quer que sigamos?

ANTONIO

Despóis de cavilar un intre:

Agora voulle enseñar algo máis da vila ao meu amigo Nogueira e deseguida volvo.

DON MIGUEL

Cando lle veña ben. Señor Nogueira: ista casa é sua. Non lle digo máis.

NOGUEIRA

Apreixando a man que lle tende don Miguel:

Moitas gracias por iso... e por todo.

ANTONIO

Deica logo, don Miguel.

Vanse Antonio e Nogueira.

Don Miguel, que traguía un longo anteollo na man, ponse mirar co-il pol-a fiestra, car'a banda esquerda. Paresce moi entretido. Entra Adelaida c'un pequeno ramo de margaridas i-outras froles silvestres e ponse a remudar as que haberá, postas n'un búcaro e xa un pouco murchas, enriba d'un velador. Por veces ergue os ollos como esquencida do que está facendo.

DON MIGUEL

A mirar pol-o anteollo:

Bolina pechada. Paréceme que ainda así non poderá montar. Vaise moito á ronsa.

Pousa o anteollo Figura contento e con degoro de falar:

¿Ollabas pra o cadro, Adelaida? Adeviño que che gusta. A min gústame moito.

ADELAIDA

Gustará. (*Sigue arrombando as frores*)

DON MIGUEL

Eu non podo xuzgar con seguranza porque non teño estudo nin vin bastantes cadros, pro se m'hei de guiar pol-os meus ollos... (*Enérxico:*) ¡E non soio pol-os meus ollos, que eu algo raro sinto diante diste cadro!

ADELAIDA

Sentirá.

DON MIGUEL

Ao señor Baldomero tamén-o entusiasma.

ADELAIDA

Cada vez máis reconcentrada:
Entusiasmará.

DON MIGUEL

Parez que che topo así, así... vaia...

ADELAIDA

Topará.

DON MIGUEL

Gustará, sentirá, entusiasmará e... ¿qué máis?... Topará. Claro que gustará, sentirei, entuiasmaráse e topo. Topo que falas dun xeito... (*Vendo que Adelaida s'enfurruña:*) Donosiña, ti tés algo que me dicir.

ADELAIDA

Donosiña, sí, Donosiña... Moito Donosiña pra despóis non me comprir o gusto mais pequeno...

DON MIGUEL

¿Que non che gusta a corbata que levo? Xa mo dixeste outro día. ¡Ben! Poreime a corbata que queiras. ¿Prefírela roxa? ¿Verde? ¿Prefírela máis ben coma un morcego?

ADELAIDA

Ven sabes que non é pol-a corbata. Ben podías poñer outra, pero...

DON MIGUEL

D'aquela xa sei. É pol-a boina. ¿Sigues na mesma teima? ¡Ben! Poreime ainda que sexa un sombreiro de copa por verche contenta... Pero... Donosiña, terás compasión de min... Aos domingos nada máis...

ADELAIDA

¡Agora non falo d'iso!

DON MIGUEL

Que ao dar un paso mirou distraído pol-a fiestra:
¡Montou! É moito mariñeiro ise Dourado. A fin de contas, do meu tempo... (*Virándose de súpito car'a Adelaida e como disposto a toda clas de concesións*:) Dí d'unha vez o que querías. Aquí ti él-o patrón. Eu son agora un rapaz d'abordo, un Matapitos, máis ou menos...

ADELAIDA

Non ten importanza. Téñena meirande as maniobras d'ise farrapento de Dourado.

DON MIGUEL

Triste de repente:
¡Farrapento!... É verdade... Mira, Donosa, iste traxe que levo posto quedaralle ben. Que non se esquenzan de llo mandar mañán. Ou senon... mandádelle o outro, o novo.

ADELAIDA

Sí. Halle quedar moi ben o traxe de señor...

DON MIGUEL

Subindo o tono:

¡Adelaida! ¡Adelaida! (*Pol-o baixo, anguriado e moufeiro:*) ¡O se ñor! (*Rise*). Non: o pai da señorita. (*Erguendo a voz, moi solene:*) Adelaida: eu quérolle a ise Dourado. Quérolle ¿sabes? E os vellos amigos do «señor» ¿sabes? son merescentes de tan fonda estima como os polidos amigos da señorita. Esto vese ben ¿non? (*Afirmativo:*) Vese ben. Agora dime o que querías.

ADELAIDA

Nada.

DON MIGUEL

Dime o que querías, Donosa.

ADELAIDA

¿Non lle digo? Nada.

DON MIGUEL

Dimo, Donosiña, (*Pausa*). ¿Nada? (*Outra pausa*). Ben. Pois nada.

Colle outra vez o anteollo.

Adelaida apaña as frores murchas e vaise, taconeando forte, con moito despeito. Destonces don Miguel adícase a un eisame estrano do cadro.

DON MIGUEL

Mirando o cadro de perto, despóis de outer algún convencimento íntimo:

De perto, ben. (*Alónxase e repite o xogo:*) De lonxe ben. (*Como xa non se pode alonxar máis mira o cadro pol-o anteollo do rivés:*) Dinde máis lonxe, ben.

Entra doña Balbina.

¡Balbina! ¡Balbina! (*Lévaa perto do cadro. Interrogante:*) De perto, ben, ¿non?

DOÑA BALBINA

Como si non estivera moi convencida, pero compracente:
Non está mal, non.

DON MIGUEL

Arredando á sua muller do cadro:
¿E de lonxe?

DOÑA BALBINA

Non me disgusta.

DON MIGUEL

Dándolle o anteollo:
Mira agora dinde máis lonxe. (*Doña Balbina colle o anteollo asombrada:*) Sí, co anteollo. (*Véndoa perpleixa:*) Do rivés...
Doña Balbina rise, mais como ten algo que lle pedir ao seu home, cede con resistenza garimosa.

DOÑA BALBINA

Mirando pol-o anteollo:
Non che abonda toleares ti. Queres que os demáis toleen tamén. Vaia, sígueme gustando (*deixa o anteollo*), pero poida que non lle viñese mal unha enmenda...

DON MIGUEL

Antre inquedo e ledo:
¿Cál?

DOÑA BALBINA

¿Cál ha de ser? A que che dixo Donosiña. A que che acaba de dicir hay un pouco.

DON MIGUEL

Surpreso:
¡Donosiña non me falou de ningunha enmenda!

DOÑA BALBINA

Faríaste o desentido, que ela ben craro falou...

DON MIGUEL

Escoita, Balbina. Eu xa vos teño dito que son moi rudo de entendimento. Eu sei que duas e duas son catro, pero se pra mo dar a entender vos contentades con chiscarme un ollo, abofé que non entendo lisca. Son moi rudo.

DOÑA BALBINA

¡Raposón! Vaia, ¿ti qués ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?

DON MIGUEL

Donosiña non me falou de lle quital-a fiestra.

DOÑA BALBINA

Fuxindo de pleitos:
Supoñamos que non. Fáloche eu. ¡Canto millor non lle quedaría un fondo de xardín fidalgo ou cousa de xeito semellante! Ademáis isa fiestra, véndose as lanchas, o peirán, as redes...

DON MIGUEL

Gústame moito.

DOÑA BALBINA

Seria, reconcentrada e garimosa:
Porque tel-os ollos pechados. Ninguén, non sendo ti —que si non és rudo es confiado demáis— inora o que o pintor ven dicindo co-isa fiestra.

DON MIGUEL

¿E qué ven dicindo?

DOÑA BALBINA

Reprochadora e cariñenta:

Babián, babián... Vaia, d'unha vez: ven dicindo que foste mariñeiro. Iso é.

DON MIGUEL

Moi abraiado por dialéctica, pero comprendendo:

¿E non-o fun? ¿E non-o son ainda por dentro?

DOÑA BALBINA

Contigo non hai quen poida. Millor verías a casa asolagada pol-as bágoas de Donosiña que darlle gusto en cousa tan pequena. (*Fiducial:*) ¿Ti coidas que sería ben, cando deámol-o consentimento para que Mariñas entre na casa, o lle mostrar ise retrato co-isa fiestra que o está dicindo todo? Ben certo e que Mariñas está perdido pol-a nosa nena, pero as cousas...

DON MIGUEL

Serio. Serio de vez:

Abonda. Que veña Donosiña.

DOÑA BALBINA

Agradecida, pero non moi segura:

Xa sabía eu que...

DON MIGUEL

Abonda. Que veña Donosiña.

DOÑA BALBINA

Indo buscar a Adelaida:

Porque ela non-o fai por ela. Faino tamén por ti. O seu trunfo ao fin é teu... O seu señorío...

DON MIGUEL

Furioso, conténdose:

¡Abonda! ¡Que veña Donosiña!

Mentras desaparece doña Balbina, don Miguel paseia alporizado. Detense cando entra Adelaida co-a nai.

Di, Donosa, o que queres.

ADELAIDA

¿Cántas veces quer que llo digan?

DON MIGUEL

Dí, Donosa o que queres.

DOÑA BALBINA

Dío, rapaza.

ADELAIDA

Medio a cantar como por bulra mimosa:

Quero que en troques d'isa fiestra, que xa sabemos o que ven dicindo, leve o cadro outro fondo máis señor.

C'un falar máis espido e cortante:

Ter fachenda da probeza de onte ou de hoxe e ter fachenda ben cativa. E máis cando hai outras cousas por diante...

DON MIGUEL

Non fagas frases enliadas e bunitas a conta do que me custou deixar de ser pobre para que ti deprendeses, con mestres que eu non tiven, a facer frases enliadas e bunitas. Eu non teño fachenda da probeza. Nin siquera do esforzo que me custou sair dela. Sinto, sí, un certo orgulo alá por dentro, pero ¡bah!... ben pouco, Diol-o sabe, e que a ninguén ofende. Escoita: ter sido mariñeiro e para min algo máis, moito máis, que ter deixado de ser probe. Pero iso ti non-o entendes, porque tampouco os teus mestres, probe de min, o entenderon nunca. (*Vendo a Donosiña chorar:*) Non chores, non chores, que iso non é ser tenra nin boíña. Si o foras non me houberas feito endexamáis ise agravio que... ¡Abonda! Vaite.

Vaise Adelaida chorando.

Volve don Miguel aos seus paseios e doña Balbina séntase calada e chea de pesadume, co-as ceixas ergueitas e resiñadas. Despóis dun silenzo longo, don Miguel detense diante de doña Balbina.

DON MIGUEL

Escisma. Ao fin di:

Paréceme. (*Co-a voz medio rachada:*) Paréceme que fun un pouco bárbaro con Donosiña ¿non? Pero tamén ela...

Volve a pasear. Doña Balbina non contesta. Coñece ao seu home e agarda con ar moi triste e pensabundo, como si ela fose tamén causante do choro de Adelaida. Don Miguel volve a deterse:

¿Non che parez?

DOÑA BALBINA

Sí, fomos un pouco duros con ela.

Don Miguel non se da conta da habelencia que hai no prural. Doña Balbina volve a calar, con xesto moi arrepentido:

DON MIGUEL

A ti, iso da fiestra...

DOÑA BALBINA

Cala, que alguén chega. Paréceme que é o pintor. Voume.

Érguese e vaise pol-a esquerda casi ao tempo de s'anunciar, ledo, o pintor.

ANTONIO

¿Non hai ninguén n-ista casa?

DON MIGUEL

Querendo ser xovial tamén:

Meu grandísimo artista... Eiquí estaba agardando.

ANTONIO

¡Ise Nogueira!... Escarabellando en todal-as pedras vellas onde se ll'antoxaba que había letras, apuntando o nome de todol-os peixes que topou en moreas na ribeira e de todal-as pezas das lanchas, faguendo hestorias e supostos a redor de todo... ¡É un gran home! Entón, ¿qué? ¿Seguimos? ¿Ou será un pouco tarde?

DON MIGUEL

Distraído:

¿Tarde? Non... (*De súpito, moi serio:*) Escoite, querido artista, eu... (*Sorrindo nerviosamente:*) ¡Está ben o cadro! ¿Eh?

ANTONIO

Non estou descontento...

DON MIGUEL

Sentindo que algo lle atenaza a gorxa, pero co-a mesma surrisa:

Sí. Está moi ben. Moi ben.

SEGUNDO LANCE

Na casa de don Miguel e na mesma sáa. Vai caíndo o sol e cando rematen as esceas derradeiras será xa anoitecido. Don Miguel e doña Balbina. Ela sentada. Il, caviloso, vai d'unha banda a outra.

DON MIGUEL

Eu coido que o pintor ten razón en s'opoñer. Un pintor non é un xastre remendón.

DOÑA BALBINA

¿Faiche o retrato de balde?

DON MIGUEL

Qué xeito tés de discurrir, Balbina. Non me fai o retrato de balde, pero cando llo encarguei non lle puxen isas condiciós que agora se vos antoxan.

DOÑA BALBINA

Pois que cobre o seu traballo, o que fixo e mái-lo que agora se quer que faga. Pro s'empeñar en nos deixar un cadro que non nos gusta...

DON MIGUEL

¡Se il non se empeña, Balbina! Il, xa o dixo, está disposto a levar o cadro, mais non a enmendalo, ainda que lle enchamos os petos de ouro.

DOÑA BALBINA

¡Levalo il! ¡Para amostral-o a quen se queira rir á nosa conta! Non. Primeiro págaselle e ráchase. Ou chámase a outro pintor para que faga a enmenda.

DON MIGUEL

¿E coidas ti topar outro pintor que, en sabendo a hestoria ou en vendo o cadro, queira remendalo? Mira Balbina que os artistas de hoxe poden non ter moi listalas loubanzas pr'a obra dos demáis, pero poñerlle man... ¡Como non queiras que chame a calquera pintaportas!...

DOÑA BALBINA

Eu o que digo é que non foste d'abondo enérxico. Dándolle a razón en todo ¿cómo había de che facer caso? Cando veña outra vez falo eu co-il.

DON MIGUEL

Alarmadísimo:

Non, Balbina, non. Falareille eu do xeito máis arroutado que poida, pero ti non (*Mira o reló:*) Coido que xa non tardará en vir. (*Pausa*). ¿Cómo non viría hoxe Baldomero? Nin onte, nin noutronte. ¿Cántos días hai que non ven? (*Escimando:*) Catro. Sí, catro. A derradeira vez que falamos non era o de sempre. Nin siquera me quixo aconsellar n'iso da enmenda. Foise escabulindo, escabulindo, e nada me dixo.

DOÑA BALBINA

¿Qué falla nos fai o seu consello? Ise Baldomero vaime parecendo máis raposo e, sobre todo, máis grusmia, do que sempre coidei.

DON MIGUEL

¡Grusmia! ¿Onde se lle veu endexamáis a envexa a Baldomero? ¿Grusmia de qué e de quén?

DOÑA BALBINA

Ben sei o que falo.

DON MIGUEL

E ¿qué diaños tería que ver iso que dis que sabes co-ise cadro?

DOÑA BALBINA

Ben sei o que falo.

DON MIGUEL

Remataredes virándome tolo. As cousas ruíns, que non se poden dicir ben craras porque a vergonza non deixa dicilas, deixádelas abicar e agachádelas deseguida co empeño de que eu pol-a miña conta entenda o que non quero entender. ¡Porque non quero ter isas entendedeiras, Balbina! (*Preocupadísimo:*) Grusmia, grusmia...

DOÑA BALBINA

Xa sei que non qués entender nada. Vivir ás escuras e moi contento é o que fai a tua groria. E antrementres...

DON MIGUEL

Outra vez... ¡Antrementres, qué!

DOÑA BALBINA

Antrementres, vanche arrodeando os alabeeios, rabuñando os grusmias e dispreciando a xente soberbia.

DON MIGUEL

Coidarás que che entendín. Alabeeiros, grusmias, soberbios...

DOÑA BALBINA

Xa me dará a razón o tempo.

Silenzo longo e resentido.

DON MIGUEL

Deténdose e tímidamente:

¿Mandástelle o traxe a Dourado?

DOÑA BALBINA

¿Coidas que cho vai a agradecer? Non coñeces ti...

DON MIGUEL

¿Mandástello ou non?

DOÑA BALBINA

¿E non llo había de mandar? ¡O que tería que aturar un día e outro si non llo mandase! Non darías calado. Mandei. Mandeillo hai un pouco por Matapitos.

Reparando en Matapitos que abica pol-a porta da dereita:

Vel-ahí o tés de volta.

Chega Matapitos, co traxe pendurado do antebrazo.

DON MIGUEL

¿Non estaba na casa?

MATAPITOS

Estaba, sí, señor.

DON MIGUEL

E logo ¿cómo non lle deixaste o traxe?

MATAPITOS

Díxome que non-o quería.

DOÑA BALBINA

Chea de ledicia insán:

¿Non che dicía eu que o tempo había de me dal-a razón? Axiña ma escomenza a dar. Ahí tés aos soberbios... (*Érguese e vaise.*)

DON MIGUEL

É moi raro iso, Matapitos. Dime como foi.

MATAPITOS

¿Escomenzo pol-o primeiro?

DON MIGUEL

Pol-o primeiro de todo.

MATAPITOS

*Despóis de rañar a cabeza co-a man libre*s
¿Podo pousal-o traxe?

DON MIGUEL

Guinda co-il onde queiras. Aínda que sexa no chan, nun curruncho.

Matapitos, moi ben mandado, e porque lle divirte guindal-o traxe, bota-o lonxe de sí.

És moi mal criado, Matapitos. ¿Qué maneira é isa de guindal-o traxe?

Matapitos érgueo do chan e volve a pousalo no mesmo sitio con moito coidado.

¿Ti non me entendes, rapaz? ¿Non che estou dicindo que o poñas enriba d'unha cadeira?

MATAPITOS

Non señor.

DON MIGUEL

É verdade. Pois pono.

Matapitos érguese e vai obedecer.

Ou, se non, agarda. (*Chamando:*) ¡Adelaida! ¡Adelaida!

Síntese chegar a Adelaida.

Leva ise traxe e pono ben posto no almario.

ADELAIDA

Chegando:

Xa sei, xa sei o que dixo o farrapento de Dourado.

DON MIGUEL

¡Outra vez farrapento!

ADELAIDA

Farrapento e soberbio. Ti es demasiado bó.

DON MIGUEL

Furioso, tomando unha resolución súpita:
Garda o traxe para ti, Matapitos. Que cho arromben. Quizáis dé para dous.

ADELAIDA

¡Papai! ¿Ti toleas?

MATAPITOS

Picado:
Non-o quero.

ADELAIDA

A don Miguel:
¿Ainda non escaramentas? Vel-ahi tés outro soberbio.

MATAPITOS

Eu non son soberbio. Xa que s'ostinan...

ADELAIDA

¡Iso quixeras! Dam'acá o traxe.

MATAPITOS

Tendendo o traxe, moi altivo:
Non-o quero.

DON MIGUEL

Ou levas o traxe, Matapitos, ou douche unha lasqueta.

MATAPITOS

Deme a lasqueta. Non-o quero.

ADELAIDA

Adiántase e dalle unha lasqueta a Matapitos:
Toma a lasqueta, malcriado.

MATAPITOS

A rente de chorar:
¡Qué teima de que leve o traxe! E ben, levareino.

ADELAIDA

Erguendo a voz:
¿Ti quéste moufar? Dam-o traxe. Acabouse.

MATAPITOS

Volvendo a tendelo, furioso:
¡Pero si non-o quero!

ADELAIDA

Recollendo o traxe de mans de Matapitos:
Ainda que o quixeras...

MATAPITOS

Iso xa o sei. O dono non son eu que é don Miguel.

ADELAIDA

O dono son eu. Acabouse.

DON MIGUEL

Decidido:
¡O dono son eu! Eiquí non hai máis dono que eu.

Arrebátalle o traxe a Adelaida, que se vai medio noxada, medio rindo. Don Miguel pousa o pantalón en calquera sitio, arrecádase con ar agresivo a Matapitos, íspeo da chaqueta que leva e guinda con ela. Logo, poñéndolle a nova que lle queda, naturalmente, moi folgada:

A chaqueta levarala posta. Así non haberá líos.

Matapitos deixa facer. Arrefeiga as mangas porque lle quedan moi longas e despóis de recoller do chan a sua chaqueta busca onde pousala.

MATAPITOS

¿E co-ista qué se fai?

DON MIGUEL

Iso tírase n'unha corredoira.

MATAPITOS

¿Tirala?

DON MIGUEL

¿Pensas gardar iso? Pra diario xa che darei outra.

MATAPITOS

¡Xa sei a quén lla teño que dar!

DON MIGUEL

Iso é conta tua. Dime agora cómo foi o caso que che aconteceu con Dourado. Escomenzando pol-o primeiro de todo.

MATAPITOS

Bó é de contar. Vai doña Balbina e dime: —Leva ise traxe a Dourado de parte de don Miguel—. Vou eu e lévolle o traxe a Dourado. E vai Dourado e dime: —Non-o quero. E vou eu e véñome co traxe.

DON MIGUEL

¿Nada máis? Pero ¿cómo cho dixo?

MATAPITOS

Arremedando o desdén de Dourado:

Así: non-o quero. E fixo así co-a man: «non-o quero».

Don Miguel cala cheo de pesadume. Sigue Matapitos:

E había alí moitos homes.

DON MIGUEL

¿Moitos homes? ¿Ónde? ¿Víchelos?

MATAPITOS

Vinos por unha reganduxa da fiestra que hai de par da porta, cando Dourado marchou.

DON MIGUEL

¿E por qué ollaste pol-a reganduxa?

MATAPITOS

Porque sentín bouga.

DON MIGUEL

Non se debe axexar pol-as reganduxas.

MATAPITOS

Non. Pero eu mirei, e vinos arredor d'unha mesa. E na mesa había moitos billetes e pías de pesos.

DON MIGUEL

¿E qué dicían?

MATAPITOS

Estaba ollando, cando me decatei de que non se debe escoitar pol-as reganduxas e vinme.

DON MIGUEL

Tés razón, Matapitos. Non se debe escoitar pol-as reganduxas.

DOÑA BALBINA

Entrando pol-a dereita:
Eu non estaba escoitando.

DON MIGUEL

Ninguén dixo que estiveras escoitando.

DOÑA BALBINA

Coidei. (*Ao reparar na traza de Matapitos non pode contel-a risa. Con moufa*:) Estás ben guapo, rapaz.

MATAPITOS

Despóis de agradecer c'unha surrisa a gabanza, pergunta a don Miguel:

¿Pódome ir?

DON MIGUEL

Cando queiras. ¿Estará o balandro nadante mañán ás dez da mañán?

MATAPITOS

Despóis de botal-as suas contas e mentras se vai despoxando da chaqueta de don Miguel e collendo a sua:

Denantes das dez.

DON MIGUEL

Pois d'isa hora ven pol-a casa. Poida que vaiamos a l'Este. (*Ao se fixar en que Matapitos sacou a chaqueta*:) ¿Por qué sacastel-a chaqueta?

DOÑA BALBINA

Moufeira:

Vólvea poñer rapaz, que che está moi ben.

DON MIGUEL

Ben halle de quedar cando lla arromben ou lle fagan duas. ¿Non sí, Matapitos? Non te esquenzas do pantalón.

MATAPITOS

Logo ¿pódome ir?

DON MIGUEL

Xa che dixen que cando queiras.

Vendo que o neno se vai sen leval-o traxe:

¡Matapitos! ¡Matapitos!

DOÑA BALBINA

¿Qué lle qués? Déixao ir. ¿Ou vai en serio o de lle dal-o traxe?

DON MIGUEL

En serio. ¿E logo?

MATAPITOS

Virándose, xa na porta, a punto de fuxir, c'unha surrisa leda e inxel, como poñendo fin a un xogo:

¡Pero si non-o quero! (*Vaise correndo.*)

DOÑA BALBINA

¡Quén entende a Matapitos!

DON MIGUEL

Non dicirás que iso é soberbia.

DOÑA BALBINA

Non, pero arremedo d'ela...

DON MIGUEL

Tampouco, tampouco. É... ¿cómo diría eu? Si é unha cousa moi crara, moi crara...

Quédase escismando mentras doña Balbina recolle o traxe pra levalo ao interior e tornar de seguida.

DOÑA BALBINA

De volta:

Xa non pode tardar en chegar o pintor. O que ll'hai que dicir é ben termiñante. Non se lle pagará o cadro mentras non faga os troques que se lle pediron.

DON MIGUEL

Un pouco duro é de dicir.

DOÑA BALBINA

Por dicilo nada se perde.

DON MIGUEL

Cala, caviloso. Ao cabo d'un silenzo:
Preocúpame e doime a resposta de Dourado. Hai que mandalo chamar.

DOÑA BALBINA

Xa tiven ise coidado. ¿Ou pensas que a mín no me doéu tamén?

DON MIGUEL

Pois tiveste un bó acordo. ¿E qué? ¿Prometeu vir?

DOÑA BALBINA

Sí. Dixo que axiña viría, e que non viría il soio.

DON MIGUEL

Que non viría il soio... Non entendo eu iso.

DOÑA BALBINA

Nin eu.
Repinica a campaíña da porta.
Debe sel-o pintor.
Vaise pol-a dereita.
Don Miguel, un intre caviloso, fai por se espilir, ao sentir pasos, pra se enfrentar co visitante.

A VOZ DE DOÑA BALBINA

Faga o favor de pasar.
Entra Antonio seguido de doña Balbina, que se vai en silenzo pol-a esquerda.

ANTONIO

Serio, pero con cordialidade:

¿Cómo lle vai, don Miguel? Non sei se adeviño para o que me chama...

DON MIGUEL

Co que xa lle falei outro día, pódese adeviñal-o principal.

ANTONIO

Ah, xa entendo. Non é para seguil-a nosa obra sen desvial-o rumbo... ¡Anublóuseme a pouco espranza que traguía! ¿E cal é entón a novedade?

DON MIGUEL

Sempre se poden volver a considerar mellor as cousas... Non pense que non cavilei ben no que me dixo. Sí, ben sei que para un artista sinceiro como vostede ten que sinificar sagrifizo —non digo traballo nin dificultade: sagrifizo— poñer man n'un cadro para estrangoar a sua unidade, como vostedes dín. Pero ao mellor con algúns d'ises toques que un artista sabe... En fin, eu d'iso non entendo. Somente sei pregarlle... Eu non son máis que un vello que quer deixar contenta á sua filla.

ANTONIO

Por favor, don Miguel, lémbrese ben. Si lle falei da unidade do cadro, foi pra me referir á de vostede...

DON MIGUEL

Algo recordo, sí. Pintando un cadro falso, mintireiro...

ANTONIO

Un cadro que nin siquera vostede, alá no fondo, quer que se pinte...

DON MIGUEL

¡Deixemos iso aparte!

ANTONIO

Ben, deixémolo aparte... Facendo, digo eu, ise arremedo de cadro, o don Miguel de don Miguel, poida que non se mova do seu ser...

DON MIGUEL

¡Supoño que non! O cadro dicirá o que queira. ¡Non por iso eu vou deixar de ser quen son!

ANTONIO

Seguindo:

Pero o don Miguel dos outros, o de Matapitos, o do señor Baldomero, o das gavotas, o do mar, o do seu nome vivo, ¿coida que non vai padecer nos seus alicerces?

DON MIGUEL

Se ises outros que di saben quen son, non vexo que unha pantasía máis ou menos posta ahí en troques da fiestra, poida murchar pra iles o meu nome... Non, por ahí non me vai faguer ciar na miña teima.

ANTONIO

A sua teima non é sua. Por ahí empezo eu. E por iso non pode pasar ao seu retrato. Sería o retrato de outro ou, mellor dito, de ninguén. Vostede poderá, pol-o que sexa, pedirme que lle faga o retrato de don Ninguén como se fose o seu; c'un fondo de xardín, o xardín de Ningures. Pero eu non podo tomar sobre min isa encomenda. ¿Quer saber por qué? Porque lle quero ben.

DON MIGUEL

Si me quixera, ¿non cedería, como eu cedín por cariño á miña filla?...

ANTONIO

Xa sei, xa sei. ¿Cómo ía vostede ceder por outra cosa? Pero ¿non ve tamén que, xustamente por cariño á sua filla, non ll'está permitido ceder?

DON MIGUEL

Sospeito que me estou enliando. Imos por partes...

ANTONIO

Eiquí non vexo partes.

DON MIGUEL

Moi ben. Eu tampouco. O que ela quer é agora o todo para min... O demáis... Cando eu me vaia d'iste mundo...

ANTONIO

Está lonxe ise día, don Miguel. Pero poñámonos no caso. Deixe voal-o seu amor máis alá da morte. Veleiquí o pai, o pai d'isa rapaza que deberá lembralo...

DON MIGUEL

É cousa sua.

ANTONIO

¡Non! ¡Hai que axudala dend'agora a se lembrar ben de seu pai, i-a sentilo e querelo na lembranza como il foi de verdade, e non como non foi nin quería ser!

DON MIGUEL

Deixar voal-o amor máis alá da morte é cousa ruda.

ANTONIO

Pero que fai vivir. ¡E ver!

DON MIGUEL

Estou vendo, estou vendo. C'un pouco máis de pulso xa me parez que podería ser pintor. Pero unha cousa é ver, e outra dicir sí ou non, cando dicindo *non* se fire a unha rapaza noviña, cheia d'ilusiós...

ANTONIO

A isa rapaza noviña hai que educala.

DON MIGUEL

Ter, ten estudios.

ANTONIO

Adornos, adornos. Pol-o demáis ela é quen fire... ¿Ou non?

DON MIGUEL

Eu xa non sei si vostede, querido don Antonio, m'estará acariñando ou dando unha tunda. Talmente coma de neno me pasaba co finado de meu pai. E ben, eiquí antre homes... Eu, certamente, non deixei de me sentir unha miga aldraxado cando isa rapaza...

ANTONIO

Non me conte nada. Adeviño.

DON MIGUEL

Outra vez arrepentido:
É dicir, aldraxado, o que se di aldraxado, non. ¿Coida que si fose así houbera proposto nengún troque? Astra me parez que fun con ela, no primeiro intre, duro demáis.

ANTONIO

Por iso vostede sinteu o anceio moi natural de curala do susto. E por iso despóis foi mol demáis. O mesmo que agora, cando coida ter sido mol demáis conmigo, volve a isa teima sua... que non é sua.

DON MIGUEL

¡Abofé que é vostede un bó retratista!
Rin os dous.
Cando entra doña Balbina tópaos en silenzo.

DOÑA BALBINA

Dirixíndose ao pintor:

Teño a seguranza de que o meu marido ainda non lle dixo craro e como é debido o que quer.

DON MIGUEL

O que queremos...

DOÑA BALBINA

O que quer é que lle diga vostede canto cobra por facerllc ao retrato os troques de que se lle falou.

ANTONIO

Señora, eu son un artista malo, si vostede quer, pero que non se deixa sobornar.

Entra Adelaida c'unha revista na man.

ADELAIDA

Boas tardes. A custión é ainda máis sinxela. Meu pai querlle dicir que non lle pagará o cadro si non-o enmenda.

DON MIGUEL

De veras tenme cheio de surpresa a craridade con que falades hoxe.

ANTONIO

Pálido, conténdose:

Señorita: tería moito gusto en que seu pai non me pagase o cadro porque destonces levaríao conmigo.

MATAPITOS

Asomando, ampexante, pol-a porta:

Boas tardes. Embaixo agardan Caramañola, o Garreante, Dourado, o señor Baldomero e dous mariñeiros máis. Voulles dicir que está eiquí don Antonio e si poden agardar. (*Vaise voando*).

DON MIGUEL

Por iso diría Dourado que axiña viría e que non viría soio...

DOÑA BALBINA

É millor dicirlles que volvan a outra hora. Conviría deixar d'unha vez resolto o asunto do cadro.

ANTONIO

Non. Prefiro marcharme. Xa volverei a recollelo.

ADELAIDA

¿Recollelo? Non pode ser. Ten que haber outro arreglo.

MATAPITOS

De volta:
Tamén queren falar con don Antonio. ¿Dígolles que suban?

DON MIGUEL

Sí, fainos pasar.

DOÑA BALBINA

Agarda, agarda. Diaño de rapaz. Xa se foi. Ímonos, Adelaida.
Vanse as duas.

DON MIGUEL

Despóis dun silenzo:
Queren falar conmigo e con vostede. Non-o entendo. ¿Qué teñen que ver co asunto do traxe os mariñeiros que veñen con Dourado? ¿E qué ten que ver Dourado con vostede?

ANTONIO

Non sei ben quén é Dourado nin de qué traxe me fala.
Síntese bouga pol-a dereita e axiña entra Matapitos seguido dos mariñeiros. A escea fórase escurecendo. É casi anoitecido e síntese apremio de acender a lámpara.

MATAPITOS

Eiquí veñen xa.

Os mariñeiros, coas boinas na man, din todos "boas tardes nos dea Deus". Veñen todos vestidos co traxe de traballo menos Caramañola e o señor Baldomero, vestidos de media festa. Os mozos —que son o Garreante e máis un dos mariñeiros que non se nomean— levan traxes de Mahón e botinas cinguidas. Dourado e máis o outro mariñeiro anónimo visten a estilo dos vellos mariñeiros homildes. Traxes pardos, con curiosos remendos e zapatóns medio esparrancados que cecáis puxeron para ir na comisión. Camisetas de baeta roxa e cór laranxa, medio antrabertas. O pintor retírase a segundo termo. É don Miguel quen sal ao encontro dos mariñeiros.

DON MIGUEL

Xovial:

¡Quén vexo por eiquí! Ben, Baldomero e de sempre, ainda que ¡tempo ha de haber que non vos vexo n'ista casa xuntos! Sentádevos, sentádevos.

Os mariñeiros rosman que están ben de pé.

Como queirades. Pois... (*estranado*:) estades moi calados. (*Querendo animar*:) ¿Qué foi de ti estes días, Baldomero? Ah, Dourado: xa me espricarás aquelo. Hai tempo, hai tempo. Porque supoño que a vosa visita non terá que ver... Non, claro que non. ¿Unhas copas? Matapitos, trainas de alá adentro. ¿Que non? Xa vos apetecerán, si non agora, despóis. Trainas de todol-os xeitos, Matapitos. A botella e copas valdeiras, naturalmente. ¿Coñac, non? Sí, trai coñac. Pois... ¡dicide algo!

Vaise Matapitos e volverá axiña co demandado. Pono todo enriba do velador mentras sigue a escea.

DOURADO

Non me tocaba a min falar, pero hai que falar. Víñamos...

O SEÑOR BALDOMERO

Intervindo:

Viñamos vel-o cadro. Eu xa o vin. Estes compañeiros...

O MOZO ANÓNIMO

Sí, porque nos dixeron...

O VELLO ANÓNIMO

Dixéronnos que estaba moi ben.

DON MIGUEL

Pois mirádeo.

Abrese a roda para vel-o cadro.

¿Qué dis, Garreante? ¿E ti, Caramañola? Ainda non hai moitos días que falei de vos. ¿Qué dicides do cadro?

CARAMAÑOLA

Digo que o cadro ise é mesmamente un ceo no que me quero ver

O GARREANTE

Eu digo... digo que está moi ben, pero que non é vostede. Poida

DON MIGUEL

¿Antes?

O GARREANTE

¡Antes, sí! Pero agora...

DON MIGUEL

Non vos entendo. Eu coido que está moi ben, e que é tan verdadeiro que, se ahí non me vedes, xa non sei cómo son...

O SEÑOR BALDOMERO

Eu tamén coido o mesmo. (*Pausa.*) Logo ¿xa non?... Eu non sei falar.

Silenzo longo.

O VELLO ANÓNIMO

Din que, pol-o visto, a fiestra...

Ista frase díxoo todo e todos calan.

DON MIGUEL

Con esforzo:

¿Qué queredes? A muller e a filla... (*Enérxico:*) E máis a min paréceme que co-a enmenda que din quedará ben, ¿non lle parece, don Antonio?

ANTONIO

Os mariñeiros coidan que non quedará ben.

Pausa cheia de anceios. Despois di con moita mesura:

Eu tamén coido que non quedará ben.

Outra vez silenzo longo.

CARAMAÑOLA

Solene:

Escoite, don Miguel; inda que istes anos derradeiros foron farturentos, nós somos probes...

O GARREANTE

Sí, nós, quen máis quen menos, somos probes, non é deshonra dicilo, e don Miguel ten locinte folgura de bens... Meréceos, sí, señor. ¿Onde está o grusmia que o desminta? ¡Eiquí, non! ¡Eiquí estou eu pra dicir que non! ¿É ou non é certo?

O VELLO ANÓNIMO

É certo. Eiquí antre nós...

O MOZO ANÓNIMO

E fora tampouco, se temos de falar pol-os outros compañeiros.

O VELLO ANÓNIMO

A envexa cando arreloa o sangue, ben se ve nas caras. ¡Olle eiquí as nosas, que son as de todos!

O GARREANTE

E se algún veu co-ises contos...

DON MIGUEL

Ninguén me trouxo eiquí conto ningún, nin ía ser eu quen os escoitase.

O GARREANTE

Non, envexa non, nin cras ningunha de xenreira... ¡Fachenda, eso sí! Fachenda de que un mariñeiro coma nós...

CARAMAÑOLA

Pero agora é outra cousa... ¡Alá se nos vai a fachenda! Porque ún tamén sinte; e vese que vostede, falou ben o Garreante, xa non é o do retrato.

DON MIGUEL

Sigo sen entendervos. Dicide o que queredes.

O SEÑOR BALDOMERO

E ben... Queremos que o retrato vaia como vai.

DON MIGUEL

Irá como eu queira... Pero ¿cómo non me falaste así cando che pedía consello? Fócheste escabulindo e nada craro saíu dos teus beizos.

O SEÑOR BALDOMERO

¿Hei de pregar eu que non me ofendan os máis vellos amigos?

CARAMAÑOLA

Agora queremos que o cadro vaia como vai, e irá. Irá porque o cadro é noso. De vostede non pode ser. ¿Non ve ben que ise cadro non é de vostede? ¡É noso e nada máis que noso!

TODOL-OS MARIÑEIROS

Ben falado. O cadro é noso.

O VELLO ANÓNIMO

É noso diante de Noso Señor e da Virxe patroa do mar.

O MOZO ANÓNIMO

E noso e levarámolo.

DON MIGUEL

Vós toleades.

CARAMAÑOLA

Non toleamos, non. Levarémolo porque é noso e porque, inda que somos probes, o ano foi de sorte... Así que, ¿cánto quer pol-o cadro don Antonio? Nós axuntamos mil pesos. ¿Abondan?

ANTONIO

Abonda o voso anceio de levalo. ¡O cadro é voso! Gardade os mil pesos.

CARAMAÑOLA

Os mil pesos ou os que vala o cadro acetaraios vostede, inda que sexa pol-a forza.

TODOS

Sí, sí, tenos que acetar.

O GARREANTE

Non disprecie ise diñeiro. É diñeiro limpo e relocinte. Ouro e prata do mar.

DON MIGUEL

Iso non poderá ser. Endexamáis. O cadro é meu. Son eu. ¡Son eu!

De súpito o Garreante arrandea no ar o brilo d'unha faca.

Eu digo que poderá ser.

Cun movimento rápido fai esbardar a todos e, nun xiro hábil e garboso da faca, arrebátalle ao cadro o anaco de lenzo en que se ve o mar co-as lanchas o peirán, as redes...

TODOS

Afogando a voz de don Miguel que di que aquelo "é cousa de tolería ou de soño":

Abóndanos co-ise anaco. Os mil pesos por ise anaco. ¡Diñeiro limpo e relocinte! ¡Ouro e prata do mar!

Vanse os mariñeiros levando o anaco de lenzo con moito rebumbio.

DON MIGUEL

Imperativo e furioso a doña Balbina e Adelaida que asoman pol-a esquerda perguntando "qué pasa".

¡Ídevos, ídevos!

Despóis dun intre de silenzo:

¿Qué lle parez disto, señor pintor?

ANTONIO

Ambiguo:

¡Xurdio asunto para unha comedia! Contareillo a Nogueira. (*Vaise.*)

DON MIGUEL

¿É isto unha comedia?

Desconcertado no medio da escea:

¿Ónde está Matapitos? (*Chamando:*) ¡Matapitos! ¡Matapitos!

MATAPITOS

Detrás do cadro de sorte que don Miguel veo no marco da Fiestra Valdeira:

Estou eiquí.

TERCEIRO LANCE

O mesmo lugar. O cadro desapareceu. Nogueira e doña Balbina. Logo Adelaida.

DOÑA BALBINA

¿Non oi os seus pasos no sobrado d'arriba? Sempre así, co-as mans nos petos, a testa abatida... —eu penso que máis branca— e d'unha banda par'a outra, n'ise ban onde temos trastos vellos e agora tamén o retrato furado, a fiestra valdeira coma il di. Sen falar... Hai un pouco entrei e topeino de pé diante do cadro, ollando car'o buraco d'unha maneira... Mesmo co-ises ollos moi abertos dos cegos que semellan ver. Doume medo, e unha pena... Eu non sei quén tivo a culpa. ¿Eu, a miña filla, os mariñeiros, o pintor? Non sei.

NOGUEIRA

Ninguén, doña Balbina. As cousas, que se ensarillan... Pero, ou poco hei de poder, ou todo se vai desenliar con ben.

DOÑA BALBINA

Deus llo pague, señor Nogueira. Deus lle pague tamén a cordialdá con que ven a ista casa da que todos fuxen. Primeiro os mariñeiros, vellos amigos do meu home. Despóis tamén a xente fina. A xente que viste pano fino porque a finura verdadeira non se lle veu agora. Todo se viraron moufas na trasbotica. Non entenden, non sinten. Eu cos meus modiños son teimosa ao meu xeito, e até non sei se mala. Poida que todo fose culpa miña. Mais cando chega o caso, tamén entendo e sinto, inda que non me toque, como agora, no máis achegado. E, si lle podo perguntar... ¿Qué sabe do seu amigo?

NOGUEIRA

Alá anda agora pol-as aldeas e por antre os montes aproveitando o bó tempo pra pintar, ou ver, ou falar cos espiños frolidos.

DOÑA BALBINA

Con certo humor, non sen asombro:
¿Fala cos espiños?

NOGUEIRA

¡E poidera ser!... Denantes de se marchar á cidade, tornará por eiquí pra irmos xuntos.

DOÑA BALBINA

E ¿acetou ao fin os mil pesos dos mariñeiros?

NOGUEIRA

Os mariñeiros colocáronos nun banco ao nome d'il, e de ningún xeito queren retiralos. O máis doado é que, Antonio, xa posto nisa teima de non se lucrar, lles dé aos mil pesos un emprego dadivoso. ¿Eu que sei? Axudar, por exempro, a un pintor novo. E millor d'ista vila, que algún sei que hai...

ADELAIDA

Chegando pol-a esquerda:
Bos días, señor Nogueira. Parez que lle tira ista terra... Viña de paso e xa vai resultando un paso longo.

NOGUEIRA

Gústame a terra, o mar e... (*c'un fino xesto gasalleiro que por un intre ten suspensa á rapaza*:) e as mil cousas, fondas, lanzales ou curiosas que n'ista anterga vila, e n'ista xurdia veiramar pode ún deprender. Están ben as becas para o extranxeiro, pero se eu fose ministro...

ADELAIDA

E algún día seraio, pol-o ben que fala.

NOGUEIRA

¡Ah, non falo por falar! Pense no que lle digo...

DOÑA BALBINA

Ai, o seus pensamentos son ainda os d'un xílgaro.

ADELAIDA

¡Mamai!

DOÑA BALBINA

¡Se non-o digo por mal, filla! É o máis asisado pra os teus anos... Estámolo entretendo, señor Nogueira. ¿Non quería ver a Miguel? Xa vostede sabe o camiño.

NOGUEIRA

Sí, vou falar con don Miguel. Tráiolle boas novas. Se podo fareino sair d'ise ban maldito. Non estando diante da fiestra valdeira deixará de escismar.

DOÑA BALBINA

Iso é o que eu digo. Pero tampouco agora quer s'enfrentar co-isa outra, que antes era o seu descanso, a sua groria. Se por ventura pasa por eiquí, faino como d'esguello, e até se me fai que nas puntas dos pés... (*Vendo a Nogueira pensativo:*) Vaia, non perda tempo.

NOGUEIRA

Sí, vou deseguida. (*Vaise.*)

ADELAIDA

Leda e con misterio, amostrando unha carta a sua nai:
Xa ves que o rapto da fiestra leva longo ronsel.

DOÑA BALBINA

Lendo:
¡Que non volverá antrementres a fiestra non volva ás nosas mans! ¿Quén había de supoñer semellante desatino en Mariñas?

ADELAIDA

Non é desatino. Estou contenta.

DOÑA BALBINA

Agora sí que non che entendo.

ADELAIDA

Enténdome eu. (*Escoitando*:) Paresce que veñen papai e Nogueira. Vén. Espricareiche.

Vanse as duas e a escea queda deserta un intre, mentras non aparescen Nogueira e don Miguel.

DON MIGUEL

Entrando, e como seguindo a conversa:

A carta mandeilla por Matapitos. É a terceira, se non perdin a conta. Alí vai dito sen voltas, ao meu xeito, todo o que hai que dicir pra rematar. Se non entenden será porque non queren... E a isas poucas verbas, nada gasalleiras, iles ben saben que seguirán os feitos. Ise anaco de lenzo tornará a onde estaba, se o devolven. ¡A onde ten que estar, ainda que sexa coma un probe remendo na vela dunha dorna! E de que chegue ás miñas mans, terán nas suas o que alí lles ofrezo: o coste dunha lancha de boa eslora e ben abastida, con todal-as suas cordas e aparellos. ¡Hoxe en día val o seu! E se non, bote a conta...

NOGUEIRA

Xa me decato, máis ou menos...

DON MIGUEL

Eu fíxena pol-o alto, ben sobrada. Non, non é pouco. Pero ademáis escoite... Chegado o caso, pra isa ceremonia eu non quero papés. ¡Onzas, onzas vellas, co seu peso e o seu lume de solpor! (*Inquedo ao ver un pouco pensativo a Nogueira*:) ¿En qué está a cavilar?

NOGUEIRA

Estaba eu pensando, don Miguel... Non sei se ven ao caso. En fin, pasóuseme pol-a cabeza se iles non verán, n'ise... n'ise rumboso ofrecimento, a escura ou descoberta intención de mercalos... Perdoe, non sei ben o que digo. Como non lín a carta...

DON MIGUEL

¿Mercalos, di? Ahí sí que non certou vosté co fito. Mercalos.

NOGUEIRA

Esquénzase entón. Non dixen nada...

DON MIGUEL

Vostede, diga a verdade, ¿ten noiva?

NOGUEIRA

Algunha teño en vista.

DON MIGUEL

¿Pensa, cando xa estén apalabrados, ou cecáis denantes, facerlle algún regalo?

NOGUEIRA

¡Ah, sí, xa entendo! ¡É bó razonamento!

DON MIGUEL

Somente dixen unha parte: non sempre o que se lle da a unha persoa, ainda que sexa agardando algo d'ela, é para mercala, coido eu...

NOGUEIRA

É visto. Non ten volta.

DON MIGUEL

Pero inda hai outra parte... Eiquí non se trata de noivas, nen d'isa cras de finos agasallos. ¡É unha custión d'honor! (*Sombriso e como para sí:*) Se iles lle teñen lei ao que alí está pintado, tamén lla teño eu. ¡Tan fillo do mar son eu como calquera d'iles! Se iles o demostraron con feitos, tamén eu sei demostralo con feitos. ¡E si teño que pagar unha multa, velahí teñen a multa, sen que ninguén ma pida! Multa, oblata, ou convite, como queiran sentilo i-entendelo.

NOGUEIRA

Non me diga máis. Agora sí teño novas forzas pra voltar a falar co señor Baldomero e cos demáis. Na conversa que onte tiven co-iles, a rentas andiven xa de convencelos. Así é que agora...

DON MIGUEL

Non faga caso. Non é tan doado como lle parez. Calan, quizáis medio convencidos, pero axiña volven a se aplomaren no seu.

NOGUEIRA

De todol-os xeitos eu coido que debera vostede escorrentar de sí a tristura.

DON MIGUEL

Non podo. Pareceralle cousa de neno, pero non podo. Ise buraco é para mín o portelo por onde fuxiron como pombas as lembranzas e tomaron as lembranzas e tornaron viradas gaviláns. ¿Asómbralle como falo? Sí, falo un pouco floreado, non sei por qué. O mesmo lle pasou ao finado de meu pai cando sentíu a morte perto. ¡Qué cousas bunitas dicía! Era eu neno d'aquela.

NOGUEIRA

Fale, fale como queira. Pero non da morte, que non ven ao caso.

DON MIGUEL

A morte dis que é outro buraco. E algo foi asasinado n'ún cando na vida de ún se fixo un buraco así, tan valeiro que nin siquera oubea com'as furnas da costa coa surada... ¡E qué choqueiro, e como atortorado, fiquei eu alí, no cadro! Moi ben sentado, con moita folgura, n'unha boa cadeira e n'unha boa casa; e medio a surir vagariñamente como alí se ve, pero xa sen sinificado na surrisa... Sí, non era un cadro feito de bunitos anacos. C'un d'iles levouse o Garreante o que lle daba vida, o que ma daba a min. O pintor ben sabía o que falaba... (*Queréndose lembrar:*) ¿Cómo dicía?

NOGUEIRA

Diciría que...

DON MIGUEL

Non, non era iso.

NOGUEIRA

Pero se non dixen nada, don Miguel.

DON MIGUEL

Vostede ía dicir o que diciría un pintor calquera no caso de que se lle propuxera calquera enmenda no retrato de calquera. E o que il me dixo a min non puido ser iso. (*Novamente ensaiando lembrar.*) Mais .. ¿cómo dicía? Algo que parescera moi enliado mentras se está dicindo e que ao remate poidera verse en xunto con moita craridade. (*Despois de loitar en balde co-a memoria:*) Non sei, non sei o que dixo. Pero non-o esquencín.

Vendo que Nogueira saca un papel do peto para apuntar algo:

¡Non faga a comedia, señor Nogueira, que isto non é cousa de risa!

NOGUEIRA

¡Unha comedia!

DON MIGUEL

¿Non lle dixo nada o pintor? (*Para sí:*) ¡Cómo se marcan as malas palabras!

NOGUEIRA

Non me dixo nada de comedias nin de malas palabras.

DON MIGUEL

Destonces non foron malas. Apunte, apunte o que queira.

NOGUEIRA

Gardando o papel sen apuntar nada:

Perdoe. Cáseque foi sen me dar conta. Estou tan afeito a apuntar...

DON MIGUEL

Vendo a Matapitos que chega pol-a porta da dereita:

Velahí a Matapitos de volta. (*A Matapitos:*) ¿Qué che dixo o señor Baldomero?

MATAPITOS

Nada. Leeu a carta e gardouna despóis no peto sen me dicir nada.

DON MIGUEL

¿E qué cara puxo?

MATAPITOS

Ningunha. O señor Baldomero endexamáis pon caras.

NOGUEIRA

Albiscando dend'a ventá car'a ribeira:

Por alá vai o señor Baldomero. (*Repentino:*) Agora mesmo vou falar co-il.

Vaise casi correndo.

DON MIGUEL

Para sí:

Moi boa persoa iste Nogueira.

MATAPITOS

Sí.

DON MIGUEL

¿Qué dicías?

MATAPITOS

Que sí.

Silenzo refleisivo.

DON MIGUEL

Solene:

Mira, Matapitos, ti xa vas sendo un home. ¿Cántos anos tés?

MATAPITOS

Miña nai di que dez. Eu digo que once.

DON MIGUEL

¿Qué che gustaría seres?

MATAPITOS

Ainda non cavilei n'iso.

DON MIGUEL

Pois vaino cavilando. Agora vaite a onde queiras.

Matapitos vaise todo caviloso. Queda un intre soio don Miguel.

MATAPITOS

Asomando de novo na porta:

Navegante. (*Vaise.*)

Don Miguel paseia pol-a sáa preocupado. Despóis séntase lonxe da fiestra, de costas a ela. O cóbado no xionllo, e na man a fronte. Non sinte entrar a Adelaida, que se pon a mirar pol-a fiestra co anteollo.

ADELAIDA

Vai a un largo, casi empopado...

Don Miguel vírase, érguese e vai pouco a pouco car'a Adelaida c'un xesto cheo de interrogaciós.

DON MIGUEL

De par de Adelaida en voz baixa:

¿Qué dis?

ADELAIDA

Con voz quente, que treme un pouco:

Digo que vai a un largo, casi empopado. Ven a Nordesía dura, ¿non che parez?

DON MIGUEL

Coa voz un pouco esnaquizada:

Sí, anda a Nordesía delixente.

ADELAIDA

Casi chorando:

Debe ser lancha de boa singladura. (*Chorando de vez:*) ¿Queres mirar ti?

DON MIGUEL

Quero. Dame o anteollo.

Mentras don Miguel mira ou fai que mira. Adelaida enxoita as bágoas ás agachadas. Pero sinte que lle gavea pol-o peito un salouco e fuxe correndo. Repara don Miguel na ausenza de Adelaida e quédase un intre atordoado e felís, co anteollo na man. Pousao despóis en calquera sito e paseia moi axitado. De súpito vaise car'a mesma porta por onde ela desapareceu.

Pol-a noite. Entra pol-a esquerda doña Balbina e pol-a dereita Nogueira e máil-o pintor.

ANTONIO

Reparando na fusca surpresa de doña Balbina:

Ireime deseguida. Non viña máis que a dicirlles que a fiestra axiña será recuperada e que si para fechar ben as cicatrís da ferida é mester da miña man de artesán, abondará chamarme. Ademáis ainda faltan algúns retoques. Vaia, boas tardes. Nogueira espricará o resto. (*Fai o movimento de se marchar.*)

DOÑA BALBINA

Don Antonio, ¿quere honorar ista noite a mesa de don Miguel? Faranos compaña Nogueira.

ANTONIO

O honor será meu. (*Saúda e vaise.*)

NOGUEIRA

Casi non hai nada que espricar. Os mariñeiros entregarán hoxe mesmo a ribeira raptada. O meu amigo chegou cando menos o agardaba e axudoume a convencelos.

DOÑA BALBINA

¿Contentáronse co-a oferda derradeira de Miguel?

NOGUEIRA

Supoño que sí. D'iso non falamos.

DOÑA BALBINA

¿E cando virán os mariñeiros?

NOGUEIRA

Axiña, paréceme.

DOÑA BALBINA

Irei a avisar a pai e filla. ¿Perdóame un intre?

NOGUEIRA

Co seu consentimento, voume.

DOÑA BALBINA

Non se esquenza de que é convidado noso ista noite.

NOGUEIRA

Teñoo ben presente.

Vaise, e tamén doña Balbina.

Pouco despóis aparescen pol-a esquerda don Miguel e Adelaida. Entran falando.

DON MIGUEL

Qué festa, miña filla. E si ch'hei de dicil-a verdade... Escoita: inda non llo dixen a ninguén. Eu andaba atortorado, pero alá no fondo, tamén un pouco orguloso do feito dos mariñeiros. Necesítase ser xente de rumbo e de coraxe... E, sobre todo —escoita—, sobre todo fai falla terme a min —¡a min!— unha lei moi grande, ¿enténdesme ben iso?

ADELAIDA

Agora enténdolle ben sempre.

DON MIGUEL

Cando veñan ousequiaralos ti mesma. Co-isas mans finas serviraslles o licor que queiras e as lambiscadas que máis coides que lles han de gorentar. (*Ledo.*) ¡É moito señorío o noso!

ADELAIDA

É moito señorío o teu. Non che veu d'un colexio de monxas, como o meu... Como o meu de antes, que o d'agora tamén me ven do mar.

Repinica festeira a campaíña.

DON MIGUEL

Ti mesma, Adelaida. Fainos pasar ti mesma.

ADELAIDA

Mentras obedece:

¿E serán eles?

Vaise e volve axiña seguida dos mesmos mariñeiros da primeira vez, vestidos da mesma maneira.

DON MIGUEL

Enfrentándose co-iles:

¡Cómo vos agardaba! Apreixádeme a man todos.

O GARREANTE

A miña que non sexa a derradeira.

DON MIGUEL

Si poidera apreixalas a un tempo ningunha sería a derradeira.

Tende as duas mans a todos e todos llas apreixan menos o señor Baldomero que se queda calado a unha banda e adiántase despóis para lle dar unha aperta.

CARAMAÑOLA

Estendendo a fiestra e volvéndoa enrolar deseguida:
Conserva os coores tan limpos e brilantes como na primeira hora.
Entrégalla a don Miguel.

DON MIGUEL

¡Outra vez miña!

O VELLO ANÓNIMO

Nosa.

O SEÑOR BALDOMERO

Sí, de don Miguel, de Caramañola, de Dourado, de todos: nosa.

DON MIGUEL

Ah, xa entendo. Vosa e miña.

O MOZO ANÓNIMO

¿Nosa e de vostede? Non está ben dito, non. Hai un respiro no medio que ainda nos doe.

DON MIGUEL

Direi: nosa, nada máis.

TODOS

Eso mesmo.

ADELAIDA

Que marchara pol-a esquerda, asomando moi gabaxeira:
¿Qué viño preferides?

O VELLO ANÓNIMO

Albariño da casa que ten sona de bó.

DON MIGUEL

E ben cantareiro que se dou iste ano.

Vaise Adelaida. Sigue don Miguel:

¡Cómo vos agardaba! ¡Cántos días pasei alá arriba (*siñalando ao teito*) d'unha banda a outra, ollando, pampo e dorido, cara a fiestra valdeira! Parescía que me houberan falcado o millor anaco da miña vida ou que á miña vida lle faltaran radigas e estivese derrubada sobre o seu propio ramallo, devecente e murcho. ¿Non me vedes agora mesmo afroante como unha vela en día de xoula? Deixara de ser o que era e, en deixando de ser o que era, xa non era nada.

Vendo que chega Adelaida:

Aquí temol-o albariño.

Adelaida pousa no velador unha bandeixa con vasos e deita n'iles o roibo contido d'un botellón. Don Miguel vainos ofrecendo, así como se enchen, aos mariñeiros que topa máis perto.

O VELLO ANÓNIMO

Collendo o vaso:

Pol-a salú de don Miguel, que será o noso patrón alá no ceo, n'aquela lancha que xa hai tempo que morreu no lume despóis de envellecer no mar. O Neno Deus será o rapaz d'abordo.

O GARREANTE

Collendo o vaso:

Eu son un bárbaro, don Miguel. Eu non poderei andar no ceo n'isa lancha. Co seu anteollo de longa vista verame alá no inferno, a navegar n'unha xigante cachola de centola sobre un mar de tréboas. O porviso será o rapaz d'abondo e tornarase salabardo para se romper cando o enchan de peixe, ou virarase sardiña para estourar despóis como un foguete no sartén do Malo, cando lle espete o tridentudo.

DOURADO

Que deica entón estivo moi calado como escismando algo, di ao collel-o vaso:

Don Miguel, mándeme o traxe. Agora quérollo. Estrenareino mañán na festa.

DON MIGUEL

O meu vaso bebereino en honor de Dourado, que sabe pechal-as feridas que lle fixeron e que fixo. Tamén brindo porque o Garreante, cando ande a navegar n'unha cachola de centola, faga un viaxiño e veña atracar á nosa lancha. Será ben recibido pol-o Neno Deus, mais-que traia ao porviso.

O GARREANTE

Virarase chicote e romperase, para botar a perder a atracada.

O VELLO ANÓNIMO

E o noso rapaz d'abordo rirase a fartar.

CARAMAÑOLA

Collendo o vaso:

Eu tampouco poderei facerlles compaña n'isa lancha do ceo. Porque o ceo terá fiestras, digo eu. E calquera día escomenzo a guindar por elas todol-os cadros, mundos, estrelas e demáis cousas finas que por alá tope.

DON MIGUEL

Ti eres un foguete de luces, Caramañola, e ti unha bomba de palenque, Garreante. Facedes falla os dous na festa derradeira.

O SEÑOR BALDOMERO

Collendo o vaso, moi fino:

Eu tamén irei ao ceo, Miguel, e poreime a mirar dinde un currucho car'a ista froliña que nos sirve o albariño.

ADELAIDA

Non-o deixarei eu estar no currucho, señor Baldomero.

O MOZO ANÓNIMO

Collendo o vaso:

Eu son outro bárbaro, don Miguel, pero como poida non faltarei á festa derradeira. Irei co viño tasado para non armar lío.

ADELAIDA

Co botellón valdeiro:

Vou por máis. (*Vaise.*)

Don Miguel ergue o vaso. "Saúde", din todos e beben. Despois, valdeiros ou mediados pousan os vasos na bandeixa.

DON MIGUEL

Solene:

Agora tendes que m'agardar un intre. O meu ouro tamén e relocinte e limpo, e o trato é trato.

Vaise don Miguel. Os mariñeiros falan pol-o baixo uns cos outros e escomenzan a sairen pol-a dereita coidando de non faguer barullo. O mozo anónimo remata o vaso denantes de se marchar e chisca un ollo.

Chega don Miguel co-a sua taleiga de ouro e quédase perpleixo ao non ver a ninguén.

DON MIGUEL

¡Pero, cómo é iso!

MATAPITOS

Entrando pol-a dereita:

Veño da parte do crego por si vostede quer levar mañán una bolra do estandarte, de par do boticario.

DON MIGUEL

Non. Dille que me garden un pau da andia, de par do Caramañola.

Cavila un intre, perpleixo co-a taleiga. Despois di:

Dame unha aperta, Matapitos. Co que hai eiquí dentro abonda e sobra pra te faceres navegante, capitán dun navío ben grande. Si non-o queren, é teu.

MATAPITOS

Non, señor, non-o queren. Seino eu.

Quédase calado, e de súpito acena car'a fiestra:

¡Olle! ¡Bandeiras! ¡Todol-os barcos cheios de bandeiras!

DON MIGUEL

¡Abofé que son moitas! ¡Grandes, pequeniñas! Endexamáis vin tantas e tan ledas.

Despóis d'un intre:

Hai un bó nordés.

MATAPITOS

Sí.

FIN D'A FIESTRA VALDEIRA

ANTRE A TERRA E O CEO

Prosas de mocedade

Escolma da edición de «ANTRE A TERRA E O CEO»
Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1981

30 Xaneiro 1926

NAZONALIDADE E DESTINO

Pra fundamentála ideia nazonalista tense falado moito de diferenzas e de semellanzas étnicas, xeográficas, etc. Non é que isto non estea ben. Está moi ben, pero non abonda. É un argumento que tén pouca forza motriz, e compre insistir pouco nil pra ter lecer de falar doutros.

Somos distintos dos demáis. Temos antre nós semellanzas que nos definen conxuntamente. Necesitamos unha cultura nosa...

O aserto derradeiro e os devanditos que lle serven de premisas danse —non ten dúbida— unha aperta moi forte. Mais non é ainda forte dabondo.

Pensade en troques un pouco no que imos dicir.

O xenial de un individuo é ter vido a iste mundo pra comprir unha misión que a ninguén lle cadraría millor.

Pois o mesmo que un individuo pode ser xenial —se naceu coa estrela da xenialidade— tamén pode selo un pobo.

Agora, por moita unidade étnica, xeográfica, etcétera, que queirades atribuirlle a un pobo ise pobo non será unha nazonalidade xenial mentras non teña a concencia e a ledicia dun destino.

Sen isa concencia e isa ledicia unha nazonalidade é cousa tan mol que non merez o nome de nazonalidade.

É un nome que hai que conquerir.

20 Marzal 1926

HESTORIA E NACIONALIDADE

Se como graos de area ides xuntando noticias deica terdes unha morea ben apirucada e feituca, e lle poñedes despois un letreiriño que diga Hestoria, ninguén terá ren que vos reprochar. Isa xuntanza de noticias non está demais posuila e o nome que lle pondes é o que

tradicioalmente leva. Mais hai quen xa non se conforma coíso e di que iso non é mais que o limiar da verdadeira Hestoria.

Hai ademais quen, tendo moita pacencia pra outros estudos, non pode sofreála impacencia que unha tal morea de noticias, chamadas históricas, lle produz. E hai quen, derradeiramente, pensa que unha Hestoria na que non se sinta un vivo movimento de «xénese» non pode dar pulos e quentor ao sentimento nacional. Hai ainda quen vai más alá, a arela unha morfoloxía da Hestoria; mas, en se tratando de Hestorias nacionais, cecais, polo de hoxe, o máis que se poida pidir sexa aquil movimento xenético. E iste abonda, dinde logo, para ofrecer asideiro de algunha consistencia ao sentimento de estirpe, base importante, ainda que non a úneca, do sentimento nacional.

Antrementres un pobo non vexa con forte evidencia na sua hestoria a sua propia xénese, antrementres os tempos que foron e os homes daquiles tempos parezan estranos aos de hoxe, a hestoria e a nacionalidade ficarán tan alleas —a rebulir cada unha pola sua banda— como os dous anacos dunha miñoca partida polo sacho.

Cando se di Hestoria de Galiza, un prexuicio xeográfico fainos coidar que tudo o que na Galiza aconteceu, pertence a «sua» hestoria co mesmo direito. Habería moito que escimar en col dista pergunta: ¿«cál é» a verdadeira hestoria dun pobo?

24 Marzal 1926

AGRARISMO E POLÍTICA

Hai antre moitos labregos a ideia funesta de que a política é cousa que somente interesa aos que viven dela. É funesta isa ideia porque provén dunha falsa e torta visión do que é política. Iles pensan que política é soio a loita polo mando e polas ventaxas que íste leva en sí. Dise xeito a sua aversión pola política está moi xustificada. ¿Qué diaños lles importa a iles que disfroite do mando tal mandón ou tal outro? Mas isto soio leva o nome de política pra os que fan uso das palabras a barullo e sen tino.

Agora sucede que, por non interviren na política, os labregos veñen condanados a vergoñenta pasividade. (Non hai que esquencer que un labrego di que se abstén de intervir en política cando se deixa ir coa corrente que lle parez trunfadora).

Xente que se coida moi solerte non para de lles aconsellar aos agrarios que deixen a política por banda e que sigan o seu rumo sen compromisos con ninguén. Ise consello sería bó si os que o dan non

trabucasen os feitos e as palabras. Que os agrarios non se deixen poñélo xugo en proveito dos que van soio ao seu medro, non se opón a que teñan a sua política.

Pra que a vontade dos labregos pese nos destinos do país (e nos seus propios polo tanto), é mester que teñan a sua política, as suas arelas ben escrarecidas no tocante ao porvir de Galiza e ao xeito de autuar na vida pública que mellor lles cadre. Iso —sen desbotar por adiantado os concertos que poidan sobrevir— é o primeiro que convén entender por política agraria ou, se queredes, da xente do agro. Non envolve, como vedes, sumisión nin embandeiramento cego, senon todo o contrario... Agora, aos que teñan verdadeira vocaceón política compre a tarefa de contribuir a crarexar, dándolles coerenza, senso comunitario e oportunidade táitica, os anceios dos labradores, até poder contar coa solidaridade e azos non somente dos máis asisados, senon tamén de esprito máis aberto e xeneroso.

14 Abril 1926

GALEGO POPULAR E GALEGO LITERARIO

Pra a xente pouco ouservadora das cidades o galego literario é unha ficceón erudita. —Ise galego que vostedes escriben non o fala ninguén— dino tódolos que non se tomaron o traballo de escoitar ben ao pobo.

Pra iles a mitade das palabras empregadas no galego literario foron deprendidas polos escritores en libros moi vellos, rillados polos ratos e marxados de humidade.

É certo que antre os que escriben o galego moitos hai que tampouco se tomaron o traballo de escoitar ben ao pobo. Outros parez que non houberan deprendido dil máis que viciosos localismos. Mais o galego literario que tende a se impor é unha lingoa viva e ben viva, de fonte popular, que só se diferenza da lingoaxe rústica e mariñeira nunha maior premeditaceón, propia de toda lingoaxe literaria. Disa premeditación provén unha máis firme unidade idiomática, que non impide a vivacidade espresiva nin o quentor de humanidade cando o que escribe ten xorne de escritor.

Non hai moito tempo, indo o que istas liñas escribe cun amigo, topáronse cun mariñeiro e enfiaron conversa coíl. Ao remate o amigo dixo:

—Iste galego enténdese. Non hai nil, como no voso, palabras «raras».

—¿Non? Pois olla istas que sen te decatares anotei. ¿Qué quer dicir esmillar? ¿E ingadar? ¿E pandullazo?

O amigo «non lle ouvira» semellantes palabras ao mariñeiro.

(Esmillar é poñélo peixe femia as ovas —ou míllaras— pra a cría. Indagar é botar cebo ó peixe e, por estensión, enganar. Pandullazo é o golpe dado no mar pra atordoar ao peixe e, por estensión outros golpes que produzan efeito ou ruido semellantes.

Polo demais hai quen lendo en castelán non se surprende de ter que consultálo dicionario cada catro llanas ou cada catro liñas, nin lle pasa polas mentres dicir que aquil castelán nono fala ninguén...

24 Abril 1926

LITERATURA E PREMEDITACEÓN

Ainda hai quen defende a espontaneidade —iso que se deu en chamar espontaneidade— como soia maneira de se espresar sinceiramente e coa vivacidade máisima na literatura. Os defensores do espontaneísmo argumentan dicindo: toda premeditaceón tende a producir un descenso na temperatura emotiva. O estado de ánimo —engaden— defiáñase e vaise cando ún se detén demais cacheando a espresión. Soio se pode ser sincero sendo espontáneo.

Paréscenos que para ser sincero na espresión —fonda e auténticamente sincero— convirá sabélo que se sinte e saber espresalo. Doutro xeito ficará ún nisa vagarosa indecisión que leva a faguer uso e abuso do adxetivo «inefable», ou rematárase dicindo algo distinto do que verdadeiramente se maxina, sinte ou pensa.

Para os espontaneístas un estado de ánimo é algo tan fuxideiro como a luz dunha paisaxe galega. E así como moitos impresionistas —non todos— adicáronse, pra recoller mellor un intre da paisaxe, a pintar moi apresa, descoidando o dibuxo e procedendo, ao dálas coores, por aproisimaceóns, os espontaneístas recomendan que se escriba sen se deter e sen voltálos ollos ao camiño andado.

Co espontaneísmo vense a ligar naturalmente, o sinxelismo, un sinxelismo moi mal entendido, polo que despois diciremos.

Cando ún coida que escribe moi espontáneamente pola presa e a falla de premeditaceón conque o fai, poida que isa creenza teña fundamento, mais poida, tamén, que nisa espontaneidade haxa unha boa parte de automatismo e de contaxio alleo. Case tódolos poemas escritos coísa pretendida espontaneidade tópanse cheos de frases feitas, de verbas mal empregadas e de retórica cativa, de tal xeito que gran-

de parte das estrofas e versos poderíanse sortear antre milleiros de poetas novizos e dicir que eran de aquil a quen lle cadrasen. Agora, se da espontaneidade se resta o que haxa de automatismo e de contaxio alleo, de reminiscenza e de vocabulario mal deprendido, veráse que do verdadeiro e íntimo modelo moi pouco foi recolleito. Soio despois de moitos e soedosos exercicios, a espontaneidade pode ser algo máis que ripio: pode ser a espontaneidade do máis agachado e persoal vencendo as trabas da espontaneidade automática e mostrenca.

Compre falar agora disa facilidade con que os estados de ánimo —según os espontaneístas— se esfarelan. Tamén para evitalo fai falla entrenamento. O esprito do escritor é, ao mesmo tempo, pintor e modelo. Require a sotil habelencia do primeiro e a pacencia do segundo pra se estar quedo cando fai falla. Unha das caraiterísticas do temperamento literario é xustamente o poder de faguer que unha emoceón, unha imaxe, duren canto faga falla pra fixalas en verbas. Persoas de ánimo inquedo, mol, movedizo, sen nengún imperio sobor de sí mesmas, non poderán alcadar literariamente nada, dalgunha longura, que teña unidade emotiva e forza pra se apoderar da imaxinaceón allea. Mais xa dixemos que tamén iso é custión de entrenamento.

Xa que o prometemos, digamos algo, derradeiramente, da sinxeleza. Hai unha sorte de sinxeleza estulta, aburridísima, moi doada de alcadar, por veces moi «espontánea». Mais hai outra cras de sinxeleza densa, espresiva, xentil, por veces —anque nono pareza— moi premeditada.

Mais en todo fan falla límites. E tamén fan falla na premeditaceón.

6 Agosto 1926

O SUPERGALEGO

Cada galego ten que escomenzar hoxe mesmo, se aínda non escomenzou, a faguer autual no seu propio ser o ideal do supergalego —máisimo ideal de Galiza.

Eis cómo un ideal coleitivo se pode mergullar na entrana do individo para purificalo. Eis cómo o que non parescía mais que «política» pode alcadar categoría relixiosa. Eis cómo se nos oferece de súpito o nidio pensamento de unha leda e novísima santidade.

Isto era o que nos faguía falla. Azoroñando iso —denantes envolveito en brétemas— dibuxamos no ar quén sabe cántas voltas atormentadas.

Hoxe vémolo ben, vémolo con tranquía seguranza. E disa seguranza ven o alento imperativo da nosa radical proposta.

Xa non nos deteremos a escimar encol da viabilidade do ideal galego nin viviremos agardando a tremer como probes interinos. «Iso» é facedero en nós mesmos. Porque a nós mesmos témonos ben a man e non nos deixaremos caír.

Todo o que hai na Galiza de hoxe de medoñento, mezquiño e arreloado, todo o que traba e enlía o noso paso, tódalas mágoas, máis ou menos «caraiterísticas», máis ou menos «pintorescas», que vimos padecendo —ainda que alguén se tope satisfeito delas e alguén faga delas pedestal— han de escomenzar sen demora a seren combatidas por nós mesmos en nós mesmos. ¡Cada un contra sí mesmo!

A cousa parez escura e revesgada e quizáis triste si a miramos con ollos perguiceiros. Porque non hai nada mais escuro, revesgado e triste para os ollos perguiceiros ou cansos que un ideal de santidade. Pero non. A cousa —maisque digan os que teñan compromisos— é nidia, varil e xubilosa.

Polo demais é crara e entenderana ben todos. A cada un axudaránlle a entendela os seus mais agachados remorsos.

E que ninguén teña medo de se quedar soio. Cando pareza que vai quedar soio porque os perguiceiros foron solermiñamente fuxindo dil, cando todo pareza silenzo —ou balbordo alleo, distinto, lonxano e confuso— xente nova, varudamente intrusa, estará a ponto de chegar.

10 Agosto 1926

RESPOSTA A VICENTE RISCO

I

Se me ativera ao costume que dis que témolos galegos de responder a unha pergunta con outra, eu —para me liberar, denantes que nada, do que parescendo ponla ou follamio quizáis sexa tronco ou truco da custión— poría en seguimento do interrogativo remate do palique de Risco iste interrogativo comenzo: ¿Qué é iso de hipercrítica? Mais como, doutra banda, o respeto veda faguer perguntas impertinentes ou que poidan parecelo, poreime eu mesmo a escismar —como encol de cousa miña— sobor de tan ravesosa custión previa. Haberá quen nona tope ravesosa, pero eu sí.

Escomencemos, pois. «Cautos e sobrios» —como eisixe o respeto a quen nos lea.

Sempre me pareceu insinia de varonía a gratitude á natureza e a ergueita confianza na razón. Sempre coidei tamén que a razón tiña nos seus límites o fundamento da sua virtude. Razón sen límites o fundamento da sua virtude. Razón sen límites non tería onde escomenzar nin a onde chegar. Circo ou cadea sen fin, camiño sen comenzo nin remate, arrandeeira pendurada no ar, a razón deixaría de selo para non ser nada. Hastra no mesmo xogo fan falla condiceóns e desinios que lle den seriedade. Xogo ou razóns sen límites, non serían cousa seria nin, polo tanto, cousa viva.

Parésceme agora que o pulo serio, natural e vivo da razón terá de endereitala en cada intre, cara aos seus derradeiros límites. Chegar a iles, esgotarse niles é canto lle compre faguer. E nada máis. Nin nada menos. Nise nin máis nin menos resede a crítica cabal. Denantes disa liña tópase a confusión. Máis alá tópase o imposíbele, é dicir, a hipercrítica.

Boa crítica, mala crítica, crítica mal aplicada son termos compresibeis para mín. Hipercrítica, non. Sinceiramente: non. A non ser que coíl siñalemos o dito: un imposíbele; algo, polo tanto que non nos pode amedoñar.

Quedémonos, pois, polo dagora, coa palabra crítica, pra nos entendermos millor.

Tense suposto que a crítica é destrutora. Certo. Moi certo. Destrutora —si é boa— do falso, do indeciso e do mal feito. Previamente necesaria, pois, para toda construceón dereita e ben pousada.

E en Galiza —amadores da varonía e da ledicia— fannos falla construceóns dereitas e ben pousadas.

Tense dito que a crítica non é creadora.

¿Creadora de qué? A crítica é creadora e creaceón nos seus dominios. E coíso abonda.

Fora dos seus dominios é instrumento. Todo é instrumento e fin. Cada home, cada pobo, cada cousa. Reparar niso é ter moito adiantado pra se decatar do que entendemos por «unidade». Mais non nos desorbitemos, e falemos ainda un pouco máis da crítica... Un pouco máis abonda para o caso.

No orde da vontade tense dito: a crítica demora os actos e estrangoa os desinios; quen se detén a escismar, pouco ou nada fará, como non sexa iso: escismar.

Compre eiquí faguer duas ouservaceóns. Primeira: hai quen sendo frouxo de vontade —tímido, perguiceiro, medoñento— busca razóns para lexitimar a sua inhibición. E di: razóns contrapostas ben medidas, rigoridade crítica, determiñaron o meu indeciso abanear sen sair do sitio. Non lles deades creto. A suposta crítica foi soio «posterior consolo».

Segunda ouservaceón: canto máis razonábele a razón, millor nos

avisará de onde remata o seu cometido, a saber: no tope do imprevisíbele.

Dalí en diante, ardencia e pura vontade. (Sempre, no que se poida, con teoría e con euritmia).

12 Agosto 1926

RESPOSTA A VICENTE RISCO

II E (PROVISIOALMENTE) DERRADEIRO

Referíase o primeiro artigo a certas afirmaceóns —ou millor perguntas— contidas no do señor Risco tidoado «Comenzo dun parrafeo». Iste de hoxe foi escrito tendo xa á vista o segundo do noso maxistral interlocutor. (Inevitabele retraso na pubricaceón do primeiro dos nosos fai necesaria ista advertenza).

*

«¿Onde, senon na finalidade, pode estar a nosa futura unidade dinámica?».

Eis a pregunta de Risco que, en compaña doutras custións afíns, temos hoxe de situar no eixo dos nosos pensamentos.

Escomencemos pois «cautos e sobrios».

No artigo que dou horixe a iste diálogo —de ningún xeito «parrafeo», xa que os parrafeos case que endexamais levan a ningures— decía eu que o «ser» galego amostraría as máis fondas e positivas virtualidades cando alcadase a unidade. Isto pódese afirmar o mesmo do individo galego que da coleitividade galega. Coísto parez que o noso mestre se topa de acordo. A sua pergunta non vai contra o por nós dito nise ponto. Eispresa somente a dependenza hipotética ou condicional da unidade respeito da finalidade.

¿Pódese afirmar tal dependenza? (Conste que nós, polo de agora, non afirmamos ainda a contraria).

Imos ver.

Cando unha vontade fica indecisa e veleteira antre distintos e contrarios fins, non se pode dicir que careza de fin, xa que, tendo máis de un, ten polo menos, un. Dise en troques que carez de unidade. Ista soio poderá conquerila aniquilando tódolos fins menos un cu coordinándoos todos —ou algúns— de xeito xerárquico. Agora, unha vontade non pode ter un soio fin porque uns fins viven dos outros e, re-

nunciar a todos menos un, soio é posíbele como forma do suicidio. Teremos pois que decidírmonos pola coordinaceón de fins (simultáneos ou sucesivos). Isto, que referido a unha vontade singular non oferece dúbida, veráse ainda con máis craridade referido a un pobo.

Un pobo é un feixe de finalidades. E, tamén, un sucederse de finalidades. ¿Cómo lles dar cima pra que as aicidentais de hoxe deixen lugar as aicidentais de mañán e teñan perene comprimento as permanentes? Faguendo a unhas instrumento das outras, sen que nengunha perda o seu verdadeiro contido. Algunhas habería que eliminar ou someter ás que se poidan conciliar. Escolma, xerarquía, articulaceón de finalidades: a iso chamamos unidade.

¿Cómo ten de ser conquerida isa unidade? Millor: ¿Cómo poderemos arrecadármonos a ela?

Non será, dinde logo, condenando a crítica nin póndonos a desconfiar da sua eficacia. O diálogo, que tan firme unidade chega a estabelecer antre os bos dialogadores, é comprensión recíproca —«don de escoitar», dixo unha vez Risco—, e tamen (e quizáis polo mesmo) crítica recíproca.

*

Dacordo —fora de miudas diferenzas máis enliadas de dicir do que quizáis poidan valer— co segundo artigo de Risco.

Menos coíso de que se pode improvisar un filósofo. ¡Non!

A VONTADE DE ESTILO NA FALA POPULAR

Discurso

Discurso de ingreso na Real Academia Galega
A Coruña. Ediciós do Castro, 1971

Gramática normativa dun idioma —según a nidia definición de Amado Alonso e Pedro Henríquez Ureña— é o sistema de regras ou normas pra escribilo e falalo «conforme ao millor uso». Mas, ¿cál é o millor uso?...

A gramática normativa, devanceira —e, máis ainda, promotora ou nai— da chamada científica polo positivismo, anda hoxe apesarada e apouvigada pola sua filla, que non fai máis que apremiala pidíndolle probas do seu dereito a intervir, a lexislar. A nai, penso eu, debéralle repricar: Ti, que és tan sabida, ben poderías axudarme a cachear esas probas, ou dunha vez faguerme un bó enterro. Quizáis iso do enterro non deixaría de ser boa maneira de pór fin á custión... Pro velahí que unha gramática científica sen algún ben fundado senso dos valores fica coma sen norte. E, xa na cova a gramática normativa, non é de presumir que deixase fora o seu esprito, e iste coma unha pantasma atiaxada, sen forza xa nin degoro de consello.

No máis entoñado de sí e dos seus orixes, a lingüística —non menos que a estética ou a hestoria do arte— ten que recoñecerse guiada e aguilloada pola cras de xuizos que chamamos xuizos de valor. Ten, polo menos, que tomalos en conta, como resorte e celme da vida das linguas. Esprícase entón que a gramática científica empece agora a ter máis miramentos con sua nai, e a lle topar —xa no chan a careta de imperativa e hirta— insospeitados e xustificados pulos de perene mocedade.

Deprender unha língoa, tanto si é a primeira (a que un neno recibe de seus pais) como si ven despóis de outra, é entrar no xogo da sua interna regularidade. A descoberta de regularidades supón unha nativa tendenza a buscalas, e mesmo a eisixilas ou apetecelas. Xa un pouco adiantado o rapaciño castelán, querendo e coidando sere moi sistemático, dicirá «no cabo», e terá o pai que correxir: «no quepo». Enmenda que non ten que faguer o pai galego, pois en galego o neno non vai descamiñado dicindo «non cabo». Trabúcase ao xeneralizar e dicir «non sabo»; e niso, trabucamento e enmenda concordan nas duas linguas. Os dous nenos, se cadra, dicirán «sabo», e aos dous hai que lles dar consellos somellantes: nun caso «sé», no outro «sei». O neno presinte regularidades, ponas en uso, escédese e, según vai dispondo dun máis abastido mostrario de formas, il mesmo atinará a escoller as que conveñan, levado, máis que por avisos de miúda casuística, polo que ten de «estilo» o sistema da lingua. O neno é, pois,

gramático potencial, e moi disposto ademáis, nun comenzo, a «gramatizar» máis da conta. ¿Sería ele capaz, como rei dunha insua a onde fose dar con outros do seu tempo —e eiquí podedes pór a loba que os defenda e os manteña— de crear engarula cos outros a fala do seu reino? Non me estrevo a dicir que non.

Todo vai ben mentras non xurde ou non se estrena a liorta dos usos. Heis agora o conflito. Hai que escoller. ¿Cál é o millor? ¿O domiñante? Poñamos que, con aviso ou sin ele, con regras ou sin elas, os máis cativos usos —ou os así xuzgados— rematan por se imporen estadísticamente. ¿Mudan entón o siño que lles correspondía, e de seren cativos pasan a seren bós? Entón todo o asunto éio de sufraxio ou de estadística ben contabilizada. Deixemos pois os usos a lidar ús cos outros ás escuras, prendendo só de tempo en tempo os focos da gramática pra reseñar, con dereitos de regra, o resultado; cousa, polo demáis, un pouco parva, posto que o movemento estadístico non ten por qué se conformar con regras que non fan máis que reseñalo. Sería como pidir que a temperatura obedecese aos termómetros. Pode, sí, en certas condiciós, manterse en límites impostos por un termostato. Mas tanto ten eiquí falar dos dereitos da gramática como —se val o símile— dos do termostato.

¿Descansaremos ló, pra isto do millor uso, no falar dos señores, chamando así ás xentes alteiras de calquera tempo? A hestoria proba que non sempre os señores foron ben falados. Por veces, ben ou mal, teñen falado linguas extranxeiras; e pondo que na da sua terra desen moi desenvolto e bó exemplo do falar cortés, raro sería que tamén o desen pra os demáis mesteres do falar. Escollamos, ló, á xente culta. ¿Culta en qué? Terá que ser na lingua. Mas é tamén cousa sabida que a xente máis fina nese ramo foi a que soubo escoitar ao povo, a de bon ouvido... Polo demáis non hai tampouco antoloxía crítica de clásicos que non conteña notas avisando de usos nos que se trabucaron, ou non aconsellábeles: úns non tidos xa por bós no seu tempo, e outros que a evolución da lingua supleu con ventaxa. Isto según o anotador, ao quen non sempre ún daría a razón.

Dase tamén o caso de que, madurecida a fala popular, chegado para ela un intre de moi boa forma, ben castigada pola práctica en traballos e feiras, amores e festas, ledicias e choros, mostre a literatura dese tempo, inda en poetas escelentes, usos moi pouco valedeiros, orfos de tradición e sen craros dereitos pra fundala.

¿A quén acodir ló? ¿Ao povo sen máis? Sí e non. Deso haberá que falar... Mas poñamos agora que sí. ¿Será entón a gramática a codificación da fala vulgar, pra o bó ensino das xentes que non se teñen por vulgares, por exemplo os gramáticos? Non, dicirá o gramático. A lingua vulgar, por sí soia, non é paradigma; é viveiro de formas; hai que escolmar e poñer orde; e sen apouvigar á fala viva, amostrarlle

un espello en que se vexa e, así, se compoña. ¡Do termostato pasamos ao espello! Non saímos da silveira...

Estamos, ao que parez, aveirando a catástrofe. Non se dispón dunha gramática —chamémoslle xeral— que conteña principios formáis nos que amparar os distintos dereitos normativos das distintas gramáticas; tampouco do exemplo dunha lingua «ideal» que impoña ou aconselle forma ás diferentes linguas. E non é, finalmente, simple cousa dar do «millor uso» unha definición ou descrición na que poida acougar a normativa. Vossler xa hai tempo que dou seu asisado toque de alarma, outeando ise caos en que se poden mergullar as linguas, si non se topa, di, pra o concepto de «correición idiomática» unha base científica axeitada. Indo en precura dela vai dar ao fundamento estético. Agora xa podemos ver, conclúi, ónde ten que pousar a sua autoridade a gramática académica pra decidir os casos dubidosos: na capacidade artística, ou seia, no gosto idiomático e a sua evolución, e no exemplo dos estilistas. De feito —di incidentalmente— así ven procedendo dende sempre con certeiro istinto.

Non é doado apreixar en termos esquemáticos a doutrina de Vossler, nen quizáis a ele mesmo lle pracería o intento. E tampouco é mester entrar eiquí en máis precisións. O que dagora en diante imos dicir leva outro camiño. Mas, enténdase ben: «outro» non ten por qué sinificar «contrario».

A eisistenza das academias e de certos libros —xurdidos delas ou de acreditados tratadistas— que se chaman *gramáticas* e que, sen outro aviso, sobrenténdese seren normativas, dá pé ao suposto inxel de que, dunha banda, tópase a gramática, tendo por fin dar ao idioma comprida e axeitada regularidade, e da outra, máis ou menos alporizado ou arisco, tópase o idioma; disposto, noustante, si se lle trata ben, a se deixar olir e endereitar pola gramática.

Non esquenzamos que a escritura é invento de onte (¿tres mil anos?) e que á poesía letrada precedeu a iletrada. Grandes cantores analfabetos, dos tempos en que non había ainda alfabeto, faríannos tremecer de aglaio si reviviscisen, dado que entendésemos as suas falas... e ainda quizáis sen entendelas.

Suposta agora a lingua dun deses cantores, ¿imos supor que non era dabondo sistemática? Hai que presumir, coido eu, o contrario. Confiada a sí mesma e non ás letras, tiña que sere moi solerte e fina no xogo dos seus ritmos, simetrías, contrastes e outras formalidades que queirades pensar, pra ter conta de sí e non se perder ou enliar. O ritual da fala, que é coma o costelar do seu navío pra navegar no tempo, tiña que ser moi firme entón, cando a continuidade, a tradición, eran mesteres da lembranza, ainda non da escritura.

Pro hai que pensar tamén que, xa daquela, habería contendas, migraciós, e todo o que fai colidir unhas coas outras, con perdas e ga-

ñanzas que, dende tan lonxe e tan ás escuras, non é caso de pórmonos a contabilizar. O perigro de «babel», con torre ou sen ela, sempre debeu de axexar ás linguas. Dainte dese perigro os vellos cantores —ou os vellos, sen máis, inda que for somente porque non se esquencesen as boas rousas do seu tempo—, puxéronse a reprender, a aconsellar. Fixéronse «gramáticos». Xa o eran de sempre os pais ao correxiren aos nenos; e ainda os nenos mesmos ao se riren uns dos trabucamentos dos outros, ben que éstes, pais e nenos, na paz comunitaria dunha fala sentida coma «natural», coma sendo en sí mesma firme e categórica.

Ao se ire ouxetivando como sistema o ritual da fala, chégase derradeiramente ao punto en que sistema e lingua toman figura de xinete e cabalo. E ven entón o perguntar polos direitos do xinete. Non hai resposta porsue a figura é impropia; e pouco ou ren melloran as cousas se, poñéndonos eclécticos, botamos fora isa figura pra chantar no seu sitio a dun centauro.

Si chamamos gramática dun idioma ao conxunto —máis ou menos movedizo— dos seus estatutos, é visto que a gramática non pode sere esterior ao idioma. Mas o que eu quero agora siñalar é que tampouco a normatividade e cousa allea ao vivo proceder da fala. Certo é que unha lingua sen fala (é dicir, sen falantes) xa non ten proceder, xa procedeu. Mas non se pode tratar unha lingua viva como se fose morta, nin unha lingua morta coma si non tivese nunca sido viva. A tradición lingüística envolve un proceder, pro, además, un proceder lingüístico, o de unha comunidade que, nese aspecto, chamamos idiomática.

As gavotas, andando pola area, deixan nela siñaes do seu paso. Tamén os mariñeiros. Pero vestixos, rastros, non forman o ronsel dunha tradición, inda que dalgún xeito poidan acreditala. E ben, o proceder lingüístico, no seio dunha lingua viva, envolve xa de seu a normatividade. A tradición sostense aitivamente, e non coma un fardelo, senon coma un ben que hai que coidar, arricándolle codesos, herbas bravas que poidan atafegar ou estragar o seu rendimento.

A gramática normativa posta en libros é filla moi noviña —lista, ela— de outra máis anterga e na que toparía a sua verdadeira xustificación. Pro non ven agora ao caso faguer diferenza, porque o pulo —se hai verdadeiro pulo e non rutina— é o mesmo. O que vos digo, entón, é que a gramática normativa non é esterior á lingua, ao vivir propio da lingua mesma. É, poderíamos dicir, o testemuño da sua autonomía ou —acolléndonos a un termo hoxe moi en boga— da sua autodeterminación. Non é cousa dafora, senon dos seus latexantes adentros, sen que eses adentros haxa que supoñelos clausos, senon ao rivés, comunicantes e ate dispostos a recoñeceren hirmandades, predurar nelas axuda, e xeitos, mesmo, de emprestala. A enxebreza

idiomática non é enxebreza idiótica, pechada en sí coma unha noz, unha noz seca de tanto gardala e que non poida xa dar de sí o que potencialmente en sí gardaba: unha nogueira.

A sinificación cultural da palabra «povo» ten dado motivo, e seguiraio dando, a moi sotiles disquisiciós e non poucas disputas. Pra o bó andar deste discurso coido que me permitiredes acollerme ao xeito de sentila i entendela dun Menéndez Pidal, un Antonio Machado ou, se falásemos de música, un Bela Bartok... Ven isto ao caso polo que agora quería dicirvos ou lembrarvos: que o povo non é alleo aos xuizos valorativos ou estimativos no tocante á fala. Pra ele é visto que hai mellores e peores falantes como hai mellores e peores músicos. E non somente ademira aos mellores, senon que tende a se deixar levar polo seu exemplo; ao menos, ben se entende, si é un exemplo que poida frolecer no trato común. Ou, indo un pouco máis alá, en certas solenidades de pactos, choros ou amores, ou ben no intre de lle dar vida, con solertes xiros e comentos, a un conto nunha festa.

Os mariñeiros, uns máis que outros, teñen a sua autoridade lingüística; a sua os labradores, os canteiros, etc. A menos dunha legua do mar critican aos da veira porque din «falín», en troques de «falei» —poñamos por caso—, e os da veira non rexeitan a crítica, ainda que lles coste traballo o se enmendaren. Unha academia viva anda polos camiños, antre o monte e o mar. O povo, ese que eu digo, non é alleo á lingüística... Se non se mesturase á inxel e natural e verdadeira autoridade idiomática, o creto concedido, máis ou menos de lado, a outros prestixos (con base ou sen ela), todo no decorrer do idioma andaría millor. Pro chega o que trata a fala como serva da sua propia xesticulación, despóis o que embute vocábulos e xiros doutras linguas, xa por iñoranza ou por fachenda ou por outras razós, deseguida o milico que tartamela pra se dar a valer (porque o seu centurión, home en dous pes, se os hai, tamén tartamelaba), e con toda esa grea de autoridades e outras semellantes, empeza o desgoberno. Isto non é ningunha novedade, e poucas cousas hai tan de ademirare como a firmeza —e tamén a virtú de restaurala ou de recompoñela— que teñen as linguas.

Dicindo firmeza ou enteireza non quixera dar a entender irta fixeza, inmovilismo... Ainda sen eses comenzos de «babel» a que veño aludindo, unha lingua viva, máis ou menos solermiñamente, está sempre a camiñar... Pro unha cousa é o seu viaxe, a *sua* evolución —xurdida dela mesma e dos problemas de ispresión que non paran, por sorte, de aguilloala— e outra as desfiguraciós que lle veñen de fora e, moitas veces, tamén da perguiza; pois hai andacios de perguiza, que soen coincidir cos de rebumbio e xesticulación. Se a evolución é intralingüística, non hai, en principio, por qué se chorar dela. Se ainda sendo intralingüística carrexa desvíos que levan camiño de a enliaren,

haberá que vixiala. E se os desvíos son máis ben avisos de que a lingua escomenza a rexeitar formas que a envaran, hai que ver ben que lle pasa e por qué, e darlle con bós modos, sen desourentala, toda a razón que teña. Desta gramática viva tópanse en Sapir exemplos da meirande figura analítica no que toca ao inglés; en Bally a eito no tocante ao francés.

Podemos de novo xustificar a gramática normativa dicindo que a lingua mesma, como aitividade dos falantes, e en canto esa aitividade é ouxeto de xuizos de valor por parte deles mesmos, leva xa a par de sí o esprito normativo, trascendendo de exemplos, do variado exercicio, e de todo o que nesa aitividade pode orixinar usos e desbotalos ou sostelos. Esa que poderíamos chamar normatividade natural, propia da lingua en uso, vai atraindo cada día máis (paréceme a min) a atención dos lingüistas, e desa atención ben podería orixinarse a base científica que Vossler reclamaba pra o celo normativo da gramática, e que il coidaba decobrir na entrana mesma estética da lingua. Eu tamén sinto ese potente latexar das motivacións estéticas, pro en moi entoñada relación dialéctica con tódalas que poden mover o home a falar, e ainda a calar.

Quero agora falarvos dalgúns urxentes problemas do galego. Penso que xa os teredes sentido pular en moito do que levo dito...

Mal de moitos, dise, consolo de parvos. Poñéndonos en parvos, ben nos podemos consolar dalgúns desvíos —de xerfa, coido eu, máis que de fondo— que hoxe sofre o galego, vendo os que nestes días estragan e entalecen o castelán e, según souben de distintas fontes, tamén o catalán. Neoloxismos de mala feitura, préstamos máis ou menos encubertos onde non fan falla, xiros alleos ás tendenzas distintivas da lingua, finxidos enxebrismos de mal pano... De toda esa mercadería non somos nós, somentes, os que podemos pór tenda ben abastida. Así, pois, consolados e adiante.

A tradición lingüística popular galega —entendendo por popular a non escrita ou codificada, aquela que creativamente corre no falar— foi da meirande e surprendente enteireza ate non hai moitos anos, e hoxe, certamente, non se pode dicir que debale nin que esqueza o rumo, xa que está alerte, viva, na concencia idiomática da maoría dos falantes coincidindo coa que en grandes liñas rexistran tódalas gramáticas galegas.

Ises que, en conxunto, chamarei «desvíos» (vacilacións, erros, contaxios, modas e melindres) no fondo síntense como mal galego, ou non seguro, e deseguida ceden o honor normativo (diante, polo menos, do xuicio, anque na práctica non sempre) ás formas e dicires do que o povo mesmo acostuma chamar, valorativamente, «galego verdá». Fálase do «ideal da lingua». Pois ben, isa ispresión: «galego verdá», é testemuño ben elocuente e inxelo de que ese concepto lingüís-

tico do «ideal da lingua», en Galiza non é cousa de sabios, é viva fror non esmaiada, anque por veces tímida, do sentir do povo. Hai certamente xentes que se trabucan na valoración, chamando se cadra «galego bruto» ao que é todo o contrario: do máis nidio ou «neto». Pro son xentes de pouco caletre e ningunha firmeza, dispostas a toparen fino, e ainda fino demáis, se llo escribides, ao mesmo que chamaban bruto. Polo lado estadístico non é doado pór lindeiros ao povo ou a noción de «povo», dicir eiquí comenza e alí remata. E por calquera lado —non topo xeito de impedilo— isa noción, quizáis como todas, ten cerna, sámago, codia, e ainda despóis parasitarias hedras e mesmo herba rateira e pan do demo. Con todo iso temos que contar; e máis direi: é ben contar.

Polo dagora non se pode dicir que os erros idiomáticos que se ven impresos en galego teñan moi torcedor influxo na língoa popular. Deles os que máis nos importan son os que coinciden con erros vulgares, e destes, en conxuntos, os máis espallados ou os que, parecendo lóxicos ou cultos aos non precabidos, poden máis fácilmente gañar creto, pola costa abaixo do semicultismo.

¿De ónde virá ese trabucamento —contrario á máis sostida tradición galega— no xeito de colocar os pronomes átonos: antecedendo ao verbo cando terían que seguir, ou seguindo cando terían que anteceder?

A primeira das duas inversiós («che dixen») debeu de se fraguar, suspeito, en certos meios suburbáns, quizáis no comenzo pra se mofar do sustrato castelán ouservado nos ditos dos improvisadores do galego, e axiña —tomando gusto ao xogo— como unha sorte de garbeo «cultista», antre chulete e citadino. Fago esta conxetura pola impresión que nos dá —meio arnichesca— aos non «chediguistas», ese contraxiro; tan entorpecedor, polo demáis, da natural cadenza e axilidade da sintasis galega. Non coido que, polo dagora, teña moi alarmante forza de contaxio, pro entromete o verme da vacilación, vese xa en libros meritorios, e uníndose á concencia de que niso en galego hai unha lei, abre camiño a outra inversión («cando veume chegar»...) cal si toda a enxebreza consiste en, dalgunha maneira, levala contra ao castelán. Ollemos iste enredo:

Castelán: «Te digo que la convenceré».
Galego: «Dígoche que a convencerei».
Unha inversión: «Che digo que a convencerei».
A anterior maila cousa: «Che digo que convencereina».

Ousérvese que a derradeira forma fáisenos tan choqueira en galego como en castelán. «Te digo que convencerela». Non se trata, ló, dun préstamo sintáitico do castelán ao galego, senon dunha reversión

do uso galego na que pervive noustante a ideia dunha moi siñalada diferenza antre o uso galego i o uso castelán. Anda polo meio a arela de enxebreza, somente que descamiñada.

Si consultamos agora calquera boa gramática portuguesa, de autor portugués ou brasileiro, ou ben a moi completa de Joseph Dunn («A Grammar of the Portuguese Language») de gran autoridade, veremos que, nista custión, a norma portuguesa, ou luso-brasileira, concorda coa tradizoal galega; con máis ou menos previsiós, según o rigorismo dos autores, é mesma que podemos topar en tódalas gramáticas galegas.

Na de Joseph Dunn trátanse con detalle as particularidades da fala popular brasileira e, antre elas, a moi curiosa (pra nós, galegos) de «non sempre» ouservar a regra dos pronomes. No mostrario de exempros hainos das duas inversiós: *eu me queixo, eu me lembro, o homen que prézase, dize ao João que traga-me o cavalo, não chamou-me; incluindo astra casos nos que o modo verbal é o imperativo: me diga uma coisa, me faga o favor, etc.*

Sendo o Brasil tan grande e variado, é lástima que J. Dunn non determiñe xentes e logares. Mas imos agora ao que máis importa.

En Galiza a segunda inversión (*não chamou-me*) e raro ouvila. Rexístroa máis ben como vacilación literaria. E a primeira (*ela me chamou*) non é propiamente popular; ou, se queredes, non é un «vulgarismo», senon (salvando casos ventureiros) algo que, pra a sensibilidade idiomática galega, soa a «siñoritismo». Si se oi na aldea ou na pequena vila será nos beizos dalgún que «correu mundo», ou nos dun achegado que o ademira. En canto á forma imperativa (*me poña unha cunca do Riveiro*), decraro que, pola miña parte, endexamáis a ouvín. Síguese entón, que a miña conxetural espricación dos «contraxiros» no caso do galego, non debe valer pra os ouservados no Brasil. ¿Cómo espricar os brasileiros? ¿Pola heteroxénea inmigración (uns tres millóns en xunto ao longo dun século) de alemáns, italianos, rusos, xaponeses, turcos, etc.? Influxos tan variados dan unha suma neboenta, informe, sen direición precisa, e de ben pouco empuxe demográfico si se toma en conta a povoación total, hoxe sasenta e dous millóns ben corridos. Vista a maravillosa lanzalía, de forte vida propia (da que non desconto o celme bravío dos dialectismos), que mostra a lingua no Brasil, non se pode pensar que eses contrarios e espallados remuiños babélicos teñan deixado marcas moi sinificativas na figura da fala. De teren certo influxo, máis polo lado da inseguranza que dos préstamos, tivo que ser favorecido por algún latexante ou boiante flutuar da fala brasileira antre as formas, inda non ben fraguadas, da fala portuguesa anterga, e as do portugués xa máis unificado e cultivado que sigueu á espansión lusa... Pro levado o asunto a ese terreo, case que non fai falla botar mau do alemán, ou

turco, ou xaponés, etc., novo-luso falantes. Mellor camiño, paréceme a min, será tomar en conta as variaciós que, de nor a sur, mostra ainda a fala portuguesa no mesmo Portugal.

Veñamos agora de novo ao bon uso galego (ou galaico-portugués) pra millor atismar os seus segredos fundamentos. Nada mellor que confrontalo co uso castelán. En castelán *pódese* dicir: «Díjele, respondióme, pusímonos de acuerdo»... O mesmo que en galego: «Díxenlle, respondeume, puxémonos dacordo». En castelán, noustante, deixando a un lado razós de estilo que nalgún caso aconsellan outra cousa, o normal é: «Le dije, me respondió, nos pusimos de acuerdo»... Non é, en troques, normal —nin ventureiramente aconsellábele por razós de estilo— dicir: «Lle dixen, me respondeu, nos puxemos dacordo».

Doutra banda, nin é normal nin ocasionalmente xustificado dicir en castelán: «Cuando viome; la noticia que diome; si tomólo a mal», etc. E tampouco en galego: «Cando veume; a notiza que doume; si tomouno a mal». Nesto castelán e galego van dacordo.

Vemos entón que unha permisión estilística do castelán («Juan respondióme»), hoxe de menos uso que na vella fala, é regra no galego. ¿Por qué nono é en castelán? ¿Por se topar, como din os profesores, máis «evolucionado»? Non (si é que se entende iso de «evolucionado»); senon porque non pudo nen pode evolucionar cara a isa regra, que no galego dá eufónica e elegante seguranza á sintaisis e que en castelán deseguida se vira un sarillo de anfiboloxías, cacofonías e rudes tropezos. Unha regra supón xeneralidade. Leva consigo economías. Verase ben a imposibilidade da regra en castelán con só ensaiala. A fala vai como por canle que ela mesma labra ao dicir en galego: «Contoumo Xan; contareicho eu tal cual; contarémosllo a Pedro; ímosllo dicir xa ao seu curmán». Vede en castelán: «Contómelo Juan (vai ben); contarételo yo (non tan ben); contarémoselo a Pedro (escuro); vámoselo a decir ya a su primo (máis escuro aínda, si é que hai quen o aguante).

Os pronomes átonos galegos, co seu sistema de contracciós, dan alento á regra; os casteláns sufócana. Hai que engadir, como favorecéndoa en galego, a pervivenza de *lo, la,* etc., enclíticos, e das suas variantes *no, na,* etc., nos ben coñecidos usos: «sabelo» (eu), «mandeina» (a carta) ou «mandeina vir» (á rapaza)...; e tamén o sistema dos ditongos. Compárase «diréoslo», con «direicho», «diréivolo».

Velahí, ben manifestos, os vencellos do sistema sintáctico co sistema fonético na entrana dunha lingua. E ainda envolvendo e penetrando aos dous, dándolles acougo, interior seguranza e organizados pulos, hai que poñer, sentir, o sistema rítmico. A métrica comparada —non só referida ao verso, senon tamén á prosa i ás cadenzas do parolar común, non precavido— poderían deitar moi surprendente luz sobor deste asunto. A vella ispresión «música da fala» pula por se

adiantar, con novo e limpo esprito, a nos prestar axuda. Valerame ao menos pra vos poder dicir agora brevemente que si a gramática aconsella, esa música é, pola sua parte, a máis segura e anterga conselleira da gramática. E non digo a nai, porque non estou ainda moi seguro de poder demostralo. Supoño que tamén haberá un pai... ¿O entendimento? Probe filla, a gramática, se os dous non se levan ben, ou non se entenden.

Vede o bó instinto de Saco e Arce cando, despóis de puntualizar ate onde pode a regra dos pronomes, e supondo quizáis que non hai xeito de codificala sen deixar portelo, remata proclamándoa tan natural pra nós, os galegos, que non hai —ao seu ver— ningún galego que poida trabucarse nela. Digo bó instinto por iso que di de *natural*, acerte ou non estadísticamente; natural pra nós, debeu de pensar, como o son pra un paxaro os estatutos do seu rechouchío. Sí, é natural pra o que dende pequeno, e antes de saber solfa, ten arredor de sí a música da fala. Polo demáis (tamén o pensaría Saco e Arce) a solfa é boa, estamos dende o comenzo defendéndoa. E máis si ven acompañada dun bó feixe de exemplos, principalmente dos que corren naturalmente ben, dos de viva cadenza. A pura codificación logo se esquence, e non gorenta moito aos que non son gramáticos de oficio. Pode deixar tamén na sombra a vida mesma, o esprito dos consellos, así como o peso xusto da sua normatividade. Vexamos un caso:

«A que doume o sí» non está ben, nin en galego nin en castelán: «La que diome el sí». Haberá que dicir: «A que me dou o sí». Pro supoñamos que mo dou pra que a deixase en paz e tendo eu antes releado astra cansala. Fagamos coíse material un período: «Isa rapaza, boa peza, sorriso de fada, hucha de falsía, que, farta dos meus laios e sospiros, por se ceibar de min doume tan gasalleira o sí, tenme agora dando voltas á casa coma un can»... etc. Pois ben, «isa rapariga... que doume o sí», fose polo que fose, non é gramatical, ou non parece selo, si dos avisos da gramática faguemos un esquema *xordo*, alleo á natural gravitación da fala i á función intensiva das figuras con que se desenvolve, corridas unhas, outras embolinadas... No exempro aducido, o «doume» despóis do «que» pode ao meu ver valer como gramatical ou, se queredes, intragramatical. Non é agora ocasión de levar máis adiante —ou máis adentro— a xustificación do caso, ún antre os moitos que o pobo sinte como ben asentados e que un detido análisis podería non só espricar, senon lexitimar. Deixando eiquí o asunto, pra non finxir atallos onde son mester voltas —e así máis atención da que debo pedirvos— pasarei deseguida a outra cousa, a outros «desvíos».

O verbo Haber anda polo galego con moi vivos e ben matizados mestres semánticos. «Hai tempo que nono vexo». «Houben de morrer afogado». «Hasme de buscar cando eu te fuxa». «Non hei mester de

cousa algunha». Neste tipo de exemplos pouco se afastan un do outro galego e castelán. Pro en castelán, como noutras linguas románicas, ise verbo foi xa en datas lonxanas «gramaticalizándose» por pasos ate perdelo seu miolo antigo e faguerse «auxiliar». Algo desa tendenza descóbrese etimolóxicamente no futuro e no condicional (amar-hei, amar-hia) e máis á vista nas formas portuguesas mandar-lhe-hei, mandar-lhe-hia. Somente que nestes casos (en composición con infinitivos, e pra se transformaren en sufixos) non se soe dicir que *hei* ou *hía* sexan «ausiliares». Con participio anteposto ou posposto («dispuesto he... lo necesario»), o verbo haber fornece en castelán, francés, italiano... os esteos formes, sen sustancia propia, da conxugación composta.

Díse que na familia galaico-portuguesa é o verbo *ter* o siñalado pra tal encomenda. Certamente as formas dise verbo casan con participios; mas desta analoxía non se sigue que *ter*, en tal casamento, vala (ou vala sempre) polo ausiliar *haber* do castelán. Fagámola proba. Castelán: «Mi madre ha ido a Santiago». Falsa versión galega: «Miña nai ten ido a Santiago». O rapaciño a quen lle perguntemos responderá: «Vai en Santiago». E engadirá quizáis con certa fachenda: «Eu tamén teño ido a Santiago». Somente outro exemplo: «Cuando llegué había huído». Suspeitosa versión galega: «Cando cheguei tiñan fuxido». Propia ou máis natural: «Cando cheguei fuxiran».

O *haber* é en galego ausiliar ventureiro, quero dicir, non sistemático. «Houbérasmo dito», «de que houben xantado», etc., son formas galegas, inda que, en moitos casos, popularmente se prefiran outras: «Dixérasmo a tempo», «de que xantei», «de que demos certado (co camiño)»... etc. Quizáis pir iso mesmo, cando ise verbo ven de seu, trai coma un máis denso celme sinificativo ou millores fazulas, non ese palor de empregado na casa da gramática. E agora, alerta.

Ben sabido é que o *haber* non ven ao caso pra formar en galego ise pasado («he visto», «j'ai vu», «io o veduto»...) que, chamado primeiro indefinido, pasou por erros de traspaso duns tratados a outros a sere definido. I é tamén consabido —anque non tanto como debera selo— que o pluscuamperfecto galego, o mesmo que o máis enxebre portugués, é simple: viñera, tivera (non «había vido», «había tido»). Nun tempo isa forma foi tamén vixente en castelán, onde pervive con certos direitos estilísticos ou coma recurso, entón cativo, pra fuxir da riola dos «habías». Deses croios hai moitos en calquera lingua pra quen pon máis a mira na punta dos pés que no panorama. No portugués escrito, non sempre tan cinguido á forma simple como o galego (o verdadeiramente popular), temos topado a composta con *ter* e, deseguida, a composta con *haber*, sen outra xustificación á vista que fuxir dos dous «tiñas» ou dos dous «habías».

Hoxe non faltan persoas de boa tradición galega que, coidando

quizáis mellorala, tenden a entrometer a forma composta con «había», e isto en casos que nin siquera se xustifican por algunha ventaxa de facilidade ocasional, como axiña veremos: pois si se tercia falaren castelán, enxertan entón no castelán, con toda pulcritude e sen se trabucaren... a forma galega: «Yo nunca fuera a Redondela, sólo la viera desde el tren»... etc. En col deste intertroque teño tamén as miñas conxeturas, pro ainda non moi craras.

En galego o plural da terceira persoa do pluscuamperfecto («falaran») non ten a mesma forma que o da mesma persoa do pretérito («falaron»). Pro sí en portugués («falaram» nos dous casos). Daí os portugueses acodiren, precavendo anfiboloxías, á forma composta: «tiñan falado». A simple é, en conxunto, a que sigue valendo como máis elegante.

Primeiro de pasar a outros *desvíos* quixera falarvos un pouco da «geada», que non sabemos ben si é desvío ou qué.

A «geada» ten a sua xeografía restrita, e non só non se espalla senon que tende a debalar. Non me propoño agora maltratala nin gasallala. Limitareime a algunhas ouservaciós: tocantes primeiro a ela mesma, e axiña ao seu influxo —no que poida ter de perturbador— no sistema idiomático galego.

Polo pronto o seu uso figura ser cousa máis simple do que é. No seu «Diccionario de términos filológicos» Fernando Lázaro Ferreter cai nun pequeno erro ao definila así: «Fenómeno frecuente en gallego y que consiste en pronunciar como *j* (uvular fricativa sorda) toda *g*». Non, non «toda *g*». Non, por exemplo —no «geismo» normal—, as de *fungueiro, relinga, dengue, longo, langrán, fungar, sangue, ninguén, palengre, égua, ateigado*... e poderíamos seguir inda omitindo derivados. Sí, en troques (despóis de *n*), as de *engruñar, engañar*...; ou as verbas nas que a *gue* faise «presumida» (*congreso*) ou deble (*engrudo*). ¡Finuras do falar que non ten calquera!... Sendo eu rapaz, os nenos mariñeiros i eu coíles, ríamonos dos vraneantes que con «gearen» rexo coidaban xa seren moi enxebres, e ademáis dicían «canjrexo», «conjrio» ou «injles», mentras que nós («geístas») dicíamos cangrexo, cóngaro e vrillas, ou tamén inglas, pro non «injles». A nosa «geada» era unha migalla máis forte que a das aldeias terra adentro, máis bunita unhas veces que outras, e non do noso gosto a de tipo fungueta, meio polo narís. Éramos, como vedes, uns pequenos Navarro Tomases. E agora penso que, academizada a «geada» por un congreso de fonetistas galegos, o *Pigmalión* galego tería bó traballo deica podela impór, así polida e aviada, á sua Elizabeth, mesmo supóndoa máis somisa que a de Bernard Shaw.

O máis inquedante do «geísmo» —deixando agora de lado a sua dexeneración enfática ou «supergeísmo»—, é que dá pasaporte de galego enxebre ou, polo menos, pasadeiro, ao máis inzado de castela-

nismos, ou ao máis probe en ditos e vocabulario (arrabaldino ou aseñoritado, tanto tén pra o caso), facilitando así a sua penetración, e a da sua cativeza, na fala común.

Así «arrejlar» ven competir con *arrombar, arranxar, aviar, compór,* etc.; «lájrima» con *bagulla* e *bágoa;* «mija» con *miolo, frangulla, migalla...* Nese clima chegan despóis os *ovos* a se viraren «juevos», e polo mesmo mecanismo os *osos* «juesos». Como a palabra «ahogar» é nidiamente castelán, o galistrapo de cuño «geísta» precipítase a galeguizala ao seu xeito, e sal «ahojar», esquencendo, xa non *afogar,* senón tamén *afojar;* o que tiña *afogos, sufocos* ou *acoramentos,* xa non ten máis que «ahojos», e o que *desbafaba* ou *desfogaba,* «desahoja».

Tendo eu sido «geísta» de rapaz (somente que dos bós, paréceme a min) non vou agora a me poñer sañento co «geísmo». Compréndoo moi ben, e ainda me lembro do traballo que me custou destronar á «jaliña» pra poñer no seu sitio á *galiña,* pra min (daquela) educada nas monxas, e non batida no alpendre pola esguellada chuvia dos montes ou do mar. Perdóame «jaliña», pro xa ves que non podo dar azos ao «geísmo», vendo a onde vai cair. Fanche xa poñer «juevos», e iso sí que non. Se non é por sustrato, é por sustrato e adstrato combinados, e a todo hai que mirar. Así, «geísmo» da miña nenice, non te aloumiñaréi. Pro tampouco a isa «gue» mixirica que ti repudiabas. Pacata e sempre igoal, allea ás variaciós que dela pide o complexo prosódico, somella estr na fala como de visita. Quixéraa eu máis desenvolta, mas non tendo eiquí a mau nin cencia nin gramófonos (os de «Pigmalión») pra ben aconsellala, pasarei xa voando a outra cousa.

Os ditongos *ue, ie* (deixando agora de banda a xustificación etimolóxic, principalmente do primeiro, pra algúns casos) son marcas distintivas do castelán, e diso ten tan viva concencia o povo en Galiza, que era antes bulra común, mesmo antre nenos, o lle dicir —por exemplo— a algún que, sen moita base, presumise de «cortar polo fino» o castelán: «¡Qué cuesas tienes. Piedrito!» Raro, entón, que hoxe eses ditongos (que siguen parecendo propios do castelán) anden correndo dunha verba a outra sen que abique, siquera, a sanción do ridículo.

«Puerto» xa nun tempo alternaba con «porto», según a frase («obras do puerto»), ou a importanza artificial do porto: un abrigo natural sempre foi porto, e un porto pequeno sempre foi portiño. Mas agora oise «huerta», «tienda», «suerte», «fuerte» (non dagora estas duas, inda que hoxe dinse máis), «escuela», «suela» (xa antes se dicía do material, convivindo ca «sola dos zapatos»), «rueda» (dito antes, só, das fogueteiras), e podería seguir... A moda ten os seu vieiros e os seus topes. Ninguén, ainda que lle dea «cuerda» ao reló, leva un cabuxo polo «cuerda», senon pola corda, nin por «saber de cuentas»

deixa de levar conta nin de botalas suas contas, etc. Noi fai falla moito istinto lingüístico pra certar deseguida con palabras inmunes a ise andacio: costa, porta, fora, morte..., nin pra se decatar de que as por il tocadas fan máis escándalo que bulto.

Sabemos tamén que ises *ues* non galegos van e veñen, esváense e repuntan, nos mesmos beizos e no mesmo palique; son máis ben boiantes. Mas velahí que son embaixadores... Preparan o camiño a verbas da máis manifesta feitura castelán, unhas con *l* intervocálica que en galego non teñen; outras xa nin siquera hirmandadas coas correspondentes galegas por étimo común: «suelo», «ayer», «nadie», «abuelo», «muela»..., etc. Non son cousas particulares da ribeira, á que con tanta lixeireza se lle apoñen tódolos malfalares. Oense eiquí, alá; corren nos autobuses...

Desourentado, un forasteiro podería enquerir: «Está o galego, entón, sendo esquencido polas xentes galegas? ¡Nin pensalo! O que di «suelo» sabe que é *chan*, o que di «aier sabe que é *onte;* ninguén inora, no caso de «nadie», que o xusto é *ninguén*, negativo de *alguén*, como *ningún* de *algún*, e *ningures* de *algures* (¡exemprar simetría, belida arquitectura, da que se ufana tamén a prefilada lingua portugue sa!); todos saben que seu «abuelo» é seu *abó*, e que anda a podar na *horta*, non na «huerta» porque aos seus anos ten a *sorte*, non «suerte», de se manter dereito e coa poda na man, mentras con lus na cara agarda a morte.

Non, non hai esquencemento nen desmaio do idioma galego; falo do vivo, en uso, do desenvolto e firme dos labradores, canteiros, mariñeiros, sostén de tantos saberes que non veñen nos libros, con ditos que lostregan de xusteza e de velocidade, todo ele un mar de achados, surpresas e leuciós pra quen saiba escoitalo. A crise é, poidéramos dicir, de estilo, e aguilloada en parte, paradóxicamente, por motivos que entenden seren de «estilo»... Irase vendo o que quero dicir.

Sempre houbo xentes (a siña X, por exemplo; chamareina así) coíses alambicos. Mas ela, téñaa Deus consigo, non faguía escola nino pretendía. Importáballe só a sua propia distinción, tanto máis segura canto menos houbese arredor cobiza de imitala. Como xa suporedes non mantiña porco, senon «cerdo», e no tempo das chamuscas, moi finamente comía e regalaba «chicharróns» *rixons* nin pensalo... Mas era outra cousa a que eu iña lembrar. Trátase dela, desta boa muller, e, ao mesmo tempo, dun «gramático», dun deses vellos, celadores da lingua, de que xa vos falei. En precura do vello chega unha noite a siña X a unha taberna, onde sabe que fai xuntanza cuns amigos, e dille dende a porta:

—Meu tío, véñase a acostar, que mañán, xa o sabe, hai que levantarse temprano.

—¿A acostar eu? Non sei que dis.

—Que se veña deitar, ló.

—¿Motivo?

—¿Non oi? Que ten que levantarse temprano.

—Pois abofé que non che entendo. Dío desde o primeiro de corrido...

—Que se veña deitar, que mañán ten que se erguer cedo. ¿Acabamos?

—¡Así se fala! Vaite que deseguida vou.

Comento na tertulia, referíndose ao vello: —Qué «mala leche» ten!

O vello: —¡Leite! ¡Leite!

O caso foi sonado, e así, máis ou menos, mo contou Manoel Antonio ao voltar eu dun viaxe.

Hai que ser xustos. A siña X sabía de sobra o galego, e certamente nono rexeitaba; máis diría eu: amábao; únicamente lle poñía o que ela coidaba ser canela fina. Inda non se estilaban as «chavalas», pro é seguro que a raparigas ou rapazas preferise «chicas». Non viñera ese refugallo da «papeleta», o «rollo», a «pega», etc. Mas adeviño que que non houbera sido do seu gosto. Tiña, con todo, unha certa ideia da dinidade do falar. Tamén a tiña, á sua maneira, aquele que, según me asegurou Castelao, volvera de Cais falando moi dispacioso e grave o galego, ben que... en andalús. Mordía o charuto polo lado do dente ourilocinte, rosmaba os seus escaramentos sobre os vans trafegos do mundo, e cos ollos distantes resomía: ¡Totá pa morré!». A lingüística ten, como vedes, pregues insospeitados.

Mas vou falarvos dun caso que me aconteceu non hai moito tempo, espello o máis inxelo do que quero dicirvos e moi bó remedio, polo seu frescor, pra atemperar severidades sen lles por iso aconsellar incuria. Quero somente contarvos algo da conversa que tiven, baixando por un pedruguento camiño do Barbanza, con duas rapaciñas. Unha delas gordecha e repolida. A outra de moi fina feitura, de ollos en que fulxía, leda de ter cobexo tan bunito, a intelixencia. Saíranme ao paso pra me avisaren de que a miña muller, que visitaba escolas e que, según concerto, había eu de topar nunha dalá enriba, descía xa cara a outra por algún atallo, e pra me guiaren.

—A siñora vai na «escuela» de... (tal sitio». Imoslle enseñar, non é lonxe.

A pouco andar, dende unha leira, tras de me gasallar co seu xesto amizoso, enquireu unha vella labradora cara ás rapaciñas:

—¿E vos?... ¿ceibáronvos xa da escola?

A gordecha ufanouse de espricar. Viñan de guías... e todo o que sabedes.

E máis alá, seguindo camiño, velahí que me dá por ter sesión aca-

démica (si pode haber sesión andante, non sedente) coas miñas guiadoras.

—Estou pensando eu por qué dicides «escuela»...

—Escoo...la é feio —dixo a de fina feitura. Fíxille eco choqueiro a gordecha: —¡Escoo...la!

Polo xeito ultrarústico de alongar, con zumbo de narís, a *o* de escola, entendín xa o que as duas querían dicir. Seguín entón o debate faguendo a miña caricatura fonética (ultrafina) de «escuela».

—Moi ben. ¿E qué me dicides de «escuila», así con boca de ran? Cousa fina, ¿non sí? ¡Escuila!

Esternillábanse ca risa.

—Non sendo ún de Lascavia non ten por qué dicir escola como os de Lascavia, que ao millor non é certo que seian tan bravos... Eu digo así: escola, escolante, escolares (vós, por exempro), escoleiro (non sei si vós sodes moi escoleiras, amigas de irdes á escola)...

Ouvíanme con moi ledas siñaes de lles gostar o asunto.

—*Escuela* —díxenlles entón— é moi bunito en castelán, como *escola* en galego e portugués, *scola* en italiano *école* en francés...

—*School* en inglés —dixo a isbelta.

—Aí tendes —dixen eu—, sabendo galego sábense moitas cousas. E agora falas co narís coma os de Lascavia. ¡School!

—Así o di meu tío, que sabe inglés dos barcos. ¡School! ¡Un inglés talcual!

—Xa ves. Ao millor os de Lascavia son ingleses que se perderon no monte e fóiselles o barco. ¿Qué vos parez do latín? ¿Non é lingua de sabios? ¿E cómo pensades que se di escola en latín?

—Escolorum.

—¡Non!... Máis simple: escola (schola). Agora dicídeme vós si eu falo ben o castelán: «Mi *abó* fue al dentista. Le dolía una *mó*. (Risa, como é de supoñer). Pois tamén é cousa de risa «meu *abuelo* foi ao dentista; doíalle unha *muela*».

Interveu a lanzal:

—Como está ben é: Meu abó foi ao dentista. Doíalle unha mó.

A gordecha non comprendía. Outra ves puña cara de Lascavia pra dicir *abó* e *mó*, topando máis delicado «abuelo» e «muela». Mas a outra, xa miña partidaria, saíalle ao paso:

—Ou fálase unha fala, ou fálase outra.

Eu, diplomata, pra convencer á gordecha:

—Imos ver... ¿Ti coidas que o Emperador de Portugal ten «abuelos». Pois non é así. Ten abós. E mesmo o Papa, con ser Papa, non foi a «escuela», andivo á *scola*...

A gordecha deixábame falar, meio enlevada, en éstasis, mas o éstasis, según vin deseguida, non era polo que eu dicía.

—O que é bunito —decrarou— é o arxentino; vos, vení, papi, mami...

Recoñecín as gracias do arxentino —que a gordecha polo que espricou, disfroitaba aqueles días, pois chegara dalá unha sua tía—, e para non enliar a sesión académica corredoira abaixo, somente ouservéi: —O que non topo eu ben é iso de «callate vos»...

A pequena María Rosa Lida (así dei en chamar despóis á miña partidaria) deseguida entendeu a falla de concordanza. Despóis collemos herbas do monte. Sabían os nomes galegos. Sabían moito galego as duas.

Erro forte sería supor que os feitos máis ou menos ventureiros que veño siñalando indiquen o abrollar dunha tendenza xeral e progresiva. Pode algunha xente coidar que a «tienda» ten máis prestixo comercial que a tenda —mentras non den no recramo turístico do letreiro Tenda—; pode tamén ecoar nesa cras de desvíos o semigalego —por veces non desprovido dunha certa *posse*— dos que mal improvisan o galego... En calquera caso a acetación vulgar é selectiva, e ademáis fuxideira, non firme. ¿Non hai entón razón pra se inquedar? Nona hai pra o pesimismo. Sí haina pra discurrir xeitos —e poñelos en uso— de crarexar e avigorar no povo o sentimento estético da fala. Non digo que nono teña. Falo de crarexalo e avigoralo. Non digo que non teña, ademáis, «vontade de estilo»... De que a ten son mostra as crucilladas, no fundo «estilísticas», a que me veño referindo.

Oise dicir que o galego non eisiste como lingua unitaria, que dun sitio a outro varía o xeito de falar, etc. A xente inxel fai, pola sua conta, estas curiosas distinciós: galego fino, galego bruto, galego «verdá», chamando cáseque sempre bruta a algunha variedade de galego lexítimo que chega á vila mariñeira con forte canto montesío, ou ben ás do interior con frescas marexadas e estoupos de fala ribeirán. Fino sería o neutro, o insípido, ou o debidamente cociñado pola siña X.

Convén lembrar eiquí o tan simpático «Diálogo de la lengua» de Valdés. Cada volta que abica no diálogo o nome de Lebrija (Nebrija), o autor —figurado nun dos persoaxes— alporízase. ¡Qué sabe ise Lebrija! ¡É un andalús! Xa por entón se escribira a «Celestina» e o «Amadís», libros que Valdés louba e respeta, sen por iso poñelos como exemplos do ideal da lingua sen certas salvedades. O ideal de Valdés no esencial é bó: limpideza, decoro, naturalidade. Ora, son curiosos, xunto a algús criterios «estilísticos», os erros de pronóstico. Verbas que daba por mortas, son hoxe das máis vivas en castelán; as que tiñan pra ele máis seguro porvir, pasaron moitas delas a seren arcaismos; as «baixas» puxéronse nas cristas da poesía; moitas das que celebra pola sua elegante castelanía, son das que nós temos por máis galegas...

Tornemos ás diferenzas do galego, quero eu dicir, a esa preocupazón. En primeiro lugar, non son tantas como as do portugués; e, tomada en xunto, a familia galaico-portuguesa, ou luso-galaico-brasileira, mostra menos bifurcos dialectaes que o castelán, e iste menos que o francés, o italiano, e non digamos xa o inglés, o alemán, etc. E, en segundo lugar, as variaciós lexítimas —no caso do galego— casan tan ben unhas con outras que, lonxe de se estorbaren, coaxudan moitas veces a un dicir (e pensar) máis preciso e desenvolto. E iso na fala máis impremeditada, ou na máis rexida no pulo domiñante por costumes deiquí ou dalá. O sincretismo literario non terá, pois, que se tomar grandes traballos pra conquerir unha asisada (quero dicir, non maniática) regularidade que o povo sinta e aprobe como propia de galego «culto», mas non «artificial».

A língoa popular galega é, antre as románicas, unha das máis sistemáticas... Se queremos atinar cos variados e vivos deseños da sua sintasis, en feliz casamento cos prosódicos e de entonación, hai que escoitar ao povo, descontando lixos ou erros cando os haxa, e aténdose ás grandes formas, i as funciós que nelas teñen as miúdas. Trátase de figuras e valores que non rexistran as gramáticas, ainda que as gramáticas dispoñen a nosa atenzón pra millor rexistralas pola nosa conta, e valen, ademáis, pra non dar tíduo de fala popular a calquera réstea de trabucamentos ou de vulgarismos. «Caixa de ahorros» —pra pór eiquí un exemplo, inda que estreno, sinificativo— non é unha mostra de fala popular, nin siquera un trabucamento popular; é só iñoranza, deseguida salvada ao primeiro aviso, de que os «ahorros» disa Caixa son tan aforros coma os que se poden meter debaixo do xergón. A mesma ou pior iñoranza descóbrese na «Calle de la Rúa Nova», da vila onde pasou a sua nenice Rosalía. Aparte da redundanza, tan castelán é rúa como calle, e os munícipes ben se preciarían, supoño eu, de saberen castelán...

A verdadeira tradición lingüística popular galega require hoxe máis coidados, máis intelixente asistenza, que hai —poñamos— meio século, polo mesmo que estamos aisistindo a un máis precipitado —e ainda confuso, sen estilo— retecer de costumes. Asistila non sinifica cohibila... Canto máis no seu ser e máis fiada en sí, máis unha lingua inventa e xoga, o mesmo que os rapaces sans; e así, de quen oiredes máis palabras novas —e tan ben feitas que nono parecen, nin siquera ao que as di— será sempre do que fala o galego como o paxaro voa. Móveo, xustamente, a tradición da lingua.

Suspeito que todos vós estades xa pensando de novo —pois é urxencia manifesta e sentida dende hai tempo— en moi variados medios de prestar unha ben ourentada axuda á tradición lingüística popular galega, ou de faguer que o *mito*, tan vivo en Galiza, do *galego verdade* (¡un bó exemplo de ideia platónica!) se vire operante... De-

ses meios, que convirá asollar no diálogo, algúns dos máis homildes ou de aparencia máis inxel, menos solene, poden ao cabo seren dos millores. Algunha planificación é boa, pro sen lle dar por adiantado proporciós faraónicas.

E vexo que debo xa rematar, non só por non cansarvos, senon tamén porque sinto pular novas custións —que adeviño nos vosos adentros tanto como nos meus— e non sería cousa agora de azoalas pra ter deseguida que deixalas tocas. Por razón semellante, perdoade tamén que non tente un esquema concluinte do que levo dito. Das ponlas do esquema ramearían outras, e destas outras con novo follamio... Millor será deixar que iso aconteza (¡xurdio honor pra min!) no voso tan cortés e xeneroso entendimento, se do enliado viaxe, posto o pé no peirán, lle quedasen algunhas chispas de lembranza. Coa miña, sí, contade, pola vosa xentil atención e esgrevia compañía.

BIBLIOGRAFIA

OBRA DE RAFAEL DIESTE

(Primeiras edicións)

EN LINGUA GALEGA:

Dos arquivos do trasno. *Contos do monte e do mar.* Vigo «El Pueblo Gallego», 1926.

A fiestra valdeira. *Comedia de remate ledo e tres lances, o derradeiro cun respiro.* Santiago. Tip. El Eco, 1927.

A vontade de estilo na fala popular. *Discurso lido o día 18 de abril de 1970 na na súa recepción pública, por Don Rafael Dieste e resposta de Don Domingo García-Sabell.* Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1971.

Antre a terra e o ceo. *Prosas de mocedade 1925-1927.* Sada. A Coruña. Ediciós do Castro. 1981.

EN LINGUA ESPAÑOLA:

Viaje y fin de Don Frontán. Santiago. Niké, 1930.
Rojo farol amante. Madrid. Juán Pueyo, 1933.
Quebranto de Doña Luparia y otras farsas. Madrid. Yagüe, 1934.
La vieja piel del mundo. Madrid. Signo, 1936.
Colmeiro. Buenos Aires. Emecé, 1941.
Historias e invenciones de Félix Muriel. Buenos Aires. Editorial Nova, 1943.
Viaje, duelo y perdición. Tragedia, humorada y comedia. Buenos Aires. Atlántida, 1945.
Luchas con el desconfiado. Buenos Aires. Sudamericana, 1948.
Nuevo tratado del paralelismo. Buenos Aires. Atlántida, 1956.
Pequeña clave ortográfica. Buenos Aires. Atlántida, 1956.
Diálogo de Manuel y David y otros ensayos. Vigo. Teseo, 1965.
¿Qué es un Axioma? Vigo. Teseo, 1967.
Testamento geométrico. O Castro, Sada. Ediciones del Castro, 1975.
El alma y el espejo. Madrid. Alianza, 1981.
Teatro I. Barcelona. Laia, 1981.
Teatro II. Barcelona. Laia, 1981.
Testimonios e homenajes. Barcelona. Laia, 1983.
La Isla. Tablas de un naufragio. Barcelona. Anthropos, 1985.

RECOMPILACIÓNS POSTMORTEM:

Encontros e vieiros. Once charlas sobre plástica, teatro e literatura. (Edición e limiar de Arturo Casas). Sada, A Coruña. Ediciós do Castro, 1990.

Fragua íntima. Aforismos (1926-1975). (Edición, limiar e notas de Arturo Casas). Ferrol. Sociedad de Cultura Valle Inclán. Colección Esquío, 1991.

Guerra literaria. (Edición e limiar de Claudio Rodríguez Fer). Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1991.

Entrevistas a R. DIESTE. (Compilación, notas e versión ó galego a cargo de Marga Romero). Vigo. Editorial Nigra, 1994.

BIBLIOGRAFÍA FUNDAMENTAL UTILIZADA:

Alonso Montero Xesús: *«Manifestos» en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra e na Galicia emigrante (1939-1962).* Discurso de ingreso na Real Academia Galega. A Coruña. Real Academia Galega, 1993.

Axeitos, Xosé Luís: «O diálogo epistolar dos irmáns Dieste (Eduardo-Rafael) ou a vida como literatura». Santiago de Compostela. *Boletín Galego de Literatura,* núm. 7, 1992.

«As fiestras de Rafael Dieste, en *A fiestra valdeira.* Santiago de Compostela. IGAEM, 1994.

Casas, Arturo: «Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego». Vigo. Editorial Galaxia, 1994.

García Sabell, Domingo: Recepción de Rafael Dieste na Real Academia Galega, discurso de resposta en Rafael Dieste «A vontade de estilo na fala popular». Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1971.

Limiar a Manuel Antonio *«Correspondencia».* Vigo. Editorial Galaxia, 1979.

Grial, núm. 78. VV.AA. «Lembrando a Rafael Dieste». 1982.

Irizarry, Estelle: «La creación literaria en Rafael Dieste». Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1980.

— Introducción a «Historias e invenciones de Félix Muriel». Cátedra. 1985.

Nova Galiza, facsímile, introducción de Xosé Lois García. Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1990.

Rei Núñez, Luís: «A travesía dun século» Biografía de Rafael Dieste. Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1987.

Romero, Marga: Compilación, notas e versión ao galego «Entrevistas con R. Dieste». Vigo. Nigra, 1995.

Rodríguez Fer, Claudio: «Introducción» a *Guerra literaria.* Sada. A Coruña. Ediciós do Castro, 1991.

Tarrío Varela, Anxo: «Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica». Vigo. Xerais, 1994.

— «El lector implícito en los relatos gallegos de Rafael Dieste». *Documentos A,* núm. 1, monográfico, dedicado a Rafael Dieste. Anthropos Editorial del Hombre, 1991.

INDICE

Páxina

LIMIAR ... 5
RAFAEL DIESTE OU A VONTADE DE DIALOGO CREADOR ... 7
I. A VIDA ... 9
A concordia co mundo ... 10
O cuarto do medio ... 11
A primeira viaxe ... 12
O galeguismo crítico ... 12
Do servicio militar ó xornalismo ... 14
O comezo da creación literaria ... 15
Pluma de pensamento ... 16
O ciclo galego ... 17
A bohemia ... 18
As 'Misiones Pedagógicas' ... 19
Os tráxicos camiños da guerra ... 20
O exilio ... 21
Retorno á literatura ... 22
A etapa profesoral ... 23
A última estancia arxentina ... 24
O ansiado retorno á patria ... 25
Camiño da Real Academia ... 26
A vixencia no presente ... 28
Un final ... 29
II. A OBRA ... 30
O ensaísmo ... 31
A narrativa ... 33
O teatro ... 35

TEXTOS

DOS ARQUIVOS DO TRASNO. Contos ... 41
Limiar ... 43
Sobre a morte de Bieito ... 45

Páxina

O regreso 47
O vello que quería vélo tren 48
De cómo veu a Rianxo unha balea 50
A FIESTRA VALDEIRA. Teatro 53
ANTRE A TERRA E O CEO. Prosas de mocedade 127
Nazonalidade e destino 129
Hestoria e nacionalidade 129
Agrarismo e política 130
Galego popular e galego literario 131
Literatura e premeditaceón 132
O supergalego 133
Resposta a Vicente Risco (I)... 134
Resposta a Vicente Risco (II) 136
A VONTADE DE ESTILO NA FALA POPULAR. Discurso 139

BIBLIOGRAFÍA

OBRA DE RAFAEL DIESTE 163
BIBLIOGRAFÍA FUNDAMENTAL UTILIZADA 164

Rematouse de imprentar
no obradoiro de
«Gráficas do Castro/Moret»
no mes de maio de 1995
vísperas do
DIA DAS LETRAS GALEGAS

REA
A
B

RAFAEL DIESTE

Salvador García-Bodaño

L ACADE
GALEGA
CORUÑ
3702
Bibliote